



setembro 2005

Interea visual

05

ambiente e cultura



DEPUTACION
da
CORUNA



Estevo Creus

poeta

(e)

proxecto poético ao redor da linguaxe.a palabra como narcótico inxertado na memoria.¿onde queda o brazo esquierdo? ¿cal é o lugar do desterro dos meus labios?.eu sei que o mapa non é o territorio e que a linguaxe crea mundos para-lelos derrotas

tampouco a denotación do obxeto está carente dunha ideoloxía,por exemplo,esta cidade en zona azul espreita como xace o meu sexo depilado,inerte na peaxe.

a palabra como derrota para unha acción posible ou como sintaxe métrica do corpo- Foucault.

porque non existe dano colateral, só dano porque todo é e e todo é e a todo implica

(I)

e se teño sexo
por que non é bo ter sexo
se teño sexo?

ou é que o sexo que teño non é bo
ou é que o que é bo é non ter sexo
tendo sexo?

(II)

e se teño mans
por que non é bo ter mans
se teño mans?

* algo falla. No mundo do real non existe a palabra esquizofrenia

(III)

e se esto é unha consecuencia
se esto é causa
e esto causa
a única diferencia está
no asento

e é

(IV)

da miña casa ao asento
mirar na horta
a ponla que lle medra
ao froito por debaixo

pois semella que a cidade está preciosa
ateigada de museos
e que o único que a afea
son esos molestos habitantes
é?

(V)

e se me deteñó e dou un salto
e non me deteñó e salto?

a palabra
círculo

(VI)

porque nacín para a experiencia do tacto
e da derrota
e amo ó abismo

porque son un animal
que en min sucede

porque é falsa a palabra

porque é falsa a palabra
periscopio

(VII)

porque no cultivo extensivo de palabras onde prantás os
narcóticos
atopei na sección “s”

segadoras

(VIII)

estas putas palabras de medida
que desmidan a obviedade
este alucinóxeno maldito
que é maldito
esta palabra que inventa un exacto
e que me inventa

esta pera correcta
esta pera correcta?

Foto Pablo Meira





"As autoridades locais desempeñan un papel vital no que respecta a educar e a mobilizar os cidadáns e a responder á demanda pública para promover o desenvolvemento sostible"

Programa Hábitat, Estambul, 1996

Os tópicos son, ou chegan a ser, na medida en que se fan públicos ata o punto de representar baixo un concepto aparentemente simple unha realidade complexa. O binomio cultura-ambiente entra de cheo nesta definición.

Unha crenza fortemente establecida di que a cultura, as culturas, son respuestas adaptativas ao medio ambiente. Esta lectura só reflicte unha parte da verdade. Tamén é certo que as culturas transforman o ambiente ata convertelo, moitas veces, nunha creación colectiva en que a natureza, aparentemente, desaparece tras a pegada do ser humano. Galiza, a súa paisaxe, o seu territorio, os ecosistemas que acolle, é un bo exemplo.

O problema radica en chegar a crer que a capacidade humana para manipular o ambiente natural, transformando o contorno con artefactos simbólicos e materiais, non ten límites. Este pecado de SOBERBIA, aplicando a metáfora explorada por Michèle Sato nun dos artigos deste número, é o que explica que nos atopemos cun paroxiso crítico: nunca antes a humanidade chegou a tal grao de sofisticación cultural e tecnolóxica, pero tamén, nunca antes, os sinais do deterioro ambiental local e global chegaron a ser tan perturbadores.

A toma de conciencia deste paroxiso forma parte do "ser" contemporáneo e atravesa todas as esferas da vida cotiá. Dírlase, precisamente, que a percepción dos desaxustes entre a sociosfera e a biosfera é un dos signos dos tempos que corren.

O espazo local e a súa administración non poden permanecer alleos a esta realidade. As inercias establecidas fan que a maioría das políticas e dos recursos locais dedicados á xestión do ambiente deixen a cultura e as ferramentas culturais nun segundo plano, e que se concentren naquelas cuestións aparentemente más perentorias: ordenación do solo, a auga, os residuos, os espazos naturais, o ruído etc. Este enfoque reducionista non ten en conta que os usos do medio dependen, tamén, das representacións culturais, dos valores e ideas que nel proxectamos e dos hábitos de manexo que adoptamos e que conforman a vida cotiá.

É nesta dimensión cultural na que se focalizan os contidos deste número: non se trata só de explorar as relacións entre ambiente e cultura, senón tamén de analizar como se pode utilizar a cultura, os instrumentos culturais –a educación, a comunicación, a expresión artística, a interpretación ambiental etc.–, como ferramentas para reconducir o desencontro entre as comunidades e o seu ambiente, coa finalidade de explorar camiños cara a un desenvolvemento humano que sexa á vez sostible e equitativo. Esperamos, cando menos, ofrecer algunas pistas neste roteiro.



*Salvador Fernández Moreira
Presidente da Deputación da Coruña*



Interea VISUAL / Setembro 2005

Presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico: Celestino Poza Domínguez / Director: Héctor M. Pose / Coordinadores da Edición: Pablo Á. Meira / Araceli Serantes. Consello científico-asesor: José A. Canide, Manuel P. Rúa, Raúl Fraguera, María Salcines, Jesús Pérez, Estevo Creus, Carlos Silvar, Fernanda Castro Coba, Emma María Ríos Maneiro / Fotografías: Xavier García López, Maribel Longueira, María Meseguer Alcaín, Altega Sj, Ciudadanía S.Coop., Adega, Pablo A. Meira, Araceli Serantes / Colaboran neste número: Salvador Fernández Moreira, Celestino Poza, Marcelo Martín, Ricardo de Castro, Michelle Sato, Francisco F. Fernández Naval, Augusto Pérez Alberti, Luisa María Gómez, Joaquim Ramos Pinto, Pablo Meira Carreto, Araceli Serantes Pazos, José Valtierra Pérez, Lois Pardo, Ciudadanía, Ramsés Pérez Rodríguez / Deseño e Maquetación: Unidixital - Servizo de Edición Digital da Universidade de Santiago de Compostela. Depósito Legal: C-2589/02 / ISSN: 1885-2882

As opiniões emitidas en interea visual 05 son de exclusiva responsabilidade dos autor@s.

Capa e contracapa de Jorge Peteiro

Páxina cero de Estevo Creus, poema

1 Editorial

4 Interea, ou a procura de recursos para a acción sociocultural local / Celestino Poza

6 Carlos Silvar, ilustracións

7 O coñecemento mutuo como estratexia dunha xestión coordinada entre o medio ambiente e a cultura / Marcelo Martín

12 Comunicar a cultura da sustentabilidade / Ricardo de Castro

16 Horizontes narrativos da Educación Ambiental / Michèle Sato

21 Xavier García López, fotografía


22 Retrospección / Francisco X. Fernández Naval

26 Da paisaxe como escenario á paisaxe como recurso / Augusto Pérez Alberti

29 Medio ambiente, cultura e accesibilidade: facilitar o aproveitamento ás persoas con discapacidades / Luisa María Gómez

34 Fernanda Castro Coba, pinturas

ambien



35 A Participación Social: chave para a sustentabilidade local

/ Joaquim Ramos Pinto

41 Conversa con... Francisco Díaz-Fierros, Carlos Vales e

José Antonio Caride / Pablo Meira e Araceli Serantes

53 María Meseguer Alcain, fotografía

54 Sobre "cultura" e "cultura ambiental": os "centros de interpretación"

invaden Galiza / Pablo Meira Cartea e Araceli Serantes Pazos

61 A Aula Municipal de Etnografía de Vigo: percorrido histórico a través da

cultura tradicional do pan / José Valtierra Pérez

64 Emma María Ríos Maneiro, ilustración

65 Centro de Interpretación do Xogo Popular / Lois Pardo

68 Lexislación galega sobre Educación Ambiental

70 A Axenda 21 Local das Cidades do Eixo Atlántico: Unha Estratexia de

Corresponsabilización Cidadá na Sustentabilidade. / Cidadanía S.Coop

74 Consello Regulador da Agricultura Ecolólica de Galicia / Cidadanía S.Coop

75 Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza ADEGA / Ramsés Pérez Rodríguez

79 Recursos

nte e cultura

Interea, ou a procura de recursos para a acción sociocultural local



Celestino Poza

Presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

Coa vontade de dar continuidade ás iniciativas que se insiren no proxecto *Interea*, que promove a Deputación Provincial da Coruña en colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, podemos anunciar –un ano máis– a sinatura do convenio que regulará as actuacións que se desenvolverán ao longo do ano 2005 e primeiros meses do 2006.

No texto do convenio, que asinan a finais do mes de abril o presidente da Deputación e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, concréтанse a apostase do organismo provincial por unha política de apoio, de asesoramento e de coparticipación na acción sociocultural dos nosos concellos, facendo especial fincapé naquelhas actuacións e prácticas que posibiliten unha mellora cualitativa deste importante sector da vida municipal, sempre necesitada de ferramentas, de soportes, de estratexias, de contidos etc. que o renoven e proxecten na cotidianeidade dos cidadáns.

Nesta perspectiva e respecto dos obxectivos que se pretenden satisfacer a través de *Interea* –iniciativas no territorio e recursos para a acción local– é salientable a contribución que veñen

realizando un amplo equipo de profesores e investigadores das facultades de Ciencias da Educación das dúas universidades, a compostelá e a coruñesa, do que tamén participan un número crecente de especialistas e técnicos da acción educativa e sociocultural de distintos concellos. Uns e outros poñen de relevo as potencialidades do coñecemento e da praxe sociocultural na satisacción das necesidades e das demandas dos concellos da provincia, nun labor que a Deputación Provincial ten a obriga de estimular e de acoller; en todo caso, son tarefas que *Interea* vén procurando activar coa convocatoria e desenvolvemento de diferentes actividades e proxectos.

Ao asumir que un dos principais obxectivos da ÁREA de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación da Coruña debe consistir en apoiar e facer partícipes aos xestores políticos e técnicos municipais dos concellos da provincia, as actuacións previstas por *Interea* ao longo dos vindeiros meses poñen énfase en tres eixes principais: a formación, a investigación e a divulgación. Concibidas dun xeito articulado, coas chaves que fornece unha visión estratéxica e integradora da acción cultural local, recóllense as seguintes iniciativas:

- O deseño, o asesoramento, o desenvolvemento e a avaliación de distintas actuacións vinculadas ao plano formativo da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico para o ano en curso (de maio de 2005 a marzo de 2006), nomeadamente:
 - A constitución e posta en marcha de dous grupos de investigación-acción con fins formativos, xa no mes de xuño.
 - A convocatoria e a realización de dúas xornadas monográficas sobre *"Recursos para a xestión e administración dos equipamentos culturais"*; previsiblemente, a teor do número dos potenciais asistentes a estas, terán lugar en dúas edicións, a primeira delas será no mes de setembro.
 - A convocatoria e o desenvolvemento dun obradoiro sobre *"Habilidades Sociais"* ou, alternativamente, sobre *"Dinamización do Traballo en Equipo"*, cuxa realización está prevista para o mes de outubro.
 - A creación e o mantemento dun Banco de Boas Prácticas, relativo a iniciativas, experiencias, programas etc. que poidan ser ilustrativos do bo facer municipal en materia de cultura.
 - A convocatoria e o desenvolvemento dun curso sobre *"Planificación Estratégica na Acción Cultural Local"*.
- O deseño, a coordinación e a realización de dous novos números da revista *Interea Visual*, no seu dobre formato: papel e dixital. Os seus temas monográficos versarán sobre:
 - *Interea Visual* nº 05: "Ambiente e Cultura" (setembro).
 - *Interea Visual* nº 06: "A acción socioeducativa municipal" (decembro).
- O deseño, o desenvolvemento da primeira fase (revisión teórica e realización do traballo de campo) dun proxecto de investigación que teña como tema obxecto de estudio o *"Asociacionismo e participación cidadá na vida municipal da provincia da Coruña"*, que combina



diferentes estratexias metodolóxicas na recollida e na consecuente interpretación –cuantitativa e cualitativa– da información que se obteña: cuestionarios, grupos de discusión-entrevistas colectivas etc.



- O deseño, a coordinación e a realización de dous novos números da colección de materias formativos denominados *"Cadernos Temáticos"*, destinados, preferentemente, aos técnicos e os políticos municipais das áreas de cultura, educación e patrimonio histórico-artístico. Tras a elaboración do seu primeiro número a redor de *"Acción municipal e lecel"*, os seguintes terán como título:
 - *"Asociacionismo e participación cidadá"*.
 - *"A planificación estratégica na acción cultural municipal"*.

Volvo ao comezo e reitero o desexo de que as accións descritas sexan un punto e seguido na política cultural programada e implementada dende a Área que dirigo e coordino como deputado provincial. Só agardo, dende a convicción que me anima a procuralas, que nelas poidan atopar acomodo as expectativas e as propostas de todos aqueles que directa ou indirectamente se sintan identificados con estas, non só polo que representan de apertura cara a novas alternativas nos modos de traballar nos concellos a prol da cultura, mesmo de cooperación entre institucións chamadas a prestar servizos ou a garantir dereitos a distintos públicos (no ámbito da Administración Local e das universidades), senón tamén e fundamentalmente, no que significa de posibilidade de unir esforzos. De aí que agardemos calquera suxestión ou contribución que teñades a ben facernos chegar.




Esta publicación naceu co decidido afán de se configurar como un espazo de encontro, de información, de formación, de debate e, sobre todo, de difusión do labor que nestes ámbitos desenvolven os concellos, as institucións, os colectivos, as empresas, as persoas etc., que pertencen á provincia da Coruña. Xa que logo, insistimos en convidarvos a remitirdes ao Consello Editorial da Revista todas cantas contribucións consideredes oportuno para os efectos de presentar e divulgar as vosas experiencias neste ámbito, respectando os criterios que se presentan na propia publicación.

- O deseño e o desenvolvemento da primeira fase (revisión teórica e realización do traballo de campo) dun proxecto de investigación que teña como tema obxecto de estudio o *"Asociacionismo e participación cidadá na vida municipal da provincia da Coruña"*, que combina



Carlos Silvar
ILUSTRADOR





Fotografías de Xavier García López

Patrimonio e sociedade

O coñecemento mutuo como estratexía dunha xestión coordinada entre o medio ambiente e a cultura

Marcelo Martín

Arquitecto, asesor en interpretación do patrimonio e xestión de recursos patrimoniais para o desenvolvemento local

A distancia que media entre os avances científicos e as prestacións sanitarias da segurana social é similar á que separa a xestión medioambiental da do patrimonio cultural. Un pouco esaxerado?

Pode ser. Asomémonos a esta fiesta...

Sen ánimo de poñermonos academicamente pedantes, diremos que a xestión do patrimonio cultural se sustenta equilibradamente sobre tres esteos: investigar, conservar e difundir. Outra tarefa descomunal, de carácter horizontal, é a de documentar o patrimonio

e habitualmente inclúese na investigación, mais se o analizarmos detidamente veremos que cada día é máis equidistante das tres (ata que me atreva e diga que se sustenta en catro columnas). Dicimos equilibradamente porque só investigación remite a un mundo autista, elitista e vacuo; se lle sumarmos só a conservación, a nosa tarefa carecerá de fin social. Difusión e investigación remíntennos a unha simple publicidade profesional, mentres que conservación e difusión nos falan de fins mediáticos carentes de contido. Finalmente, conservación a secas refírese a un museo sen público e difusión en solitario á propaganda.



Ata non hai tanto a xestión do patrimonio histórico estaba fortemente escorada cara á pura e dura conservación (en 1993 xa falabamos de patrimonio como factor de desenvolvemento, no ano 96 incluímos o turismo cultural e un pouco máis tarde comezou a soar a palabra interpretación, todas estas apreciacións son parte da subxectividade do autor). Aínda podemos ver restauracións e posta en valor de edificios de carácter histórico a que se lles procura unha funcionalidade posterior, museos con vitrinas e cartelas anteriores ao Concilio de Trento, restos arqueolóxicos carentes de accesibilidade física e intelectual (non vou falar de inclusión (1) porque algúns xestores non saberían de que falo), centros históricos sen sinalización nin programas de sensibilización para a poboación local, recursos culturais pechados ou ignorados nos planos turístico-culturais dun territorio.

Por contrapartida, os nosos curmáns de medio ambiente e conservadores de espazos naturais protexidos mantiñan illados os ENP do resto do territorio como se de paraísos naturais se tratase (o Congreso Mundial de Parques Naturais de 1992 así o confirma), ignoraban as poboacións locais en tanto non se encadraban nos planos de manexo dos recursos produtivos, carecían de programas concretos de integración de arquitecturas rurais dispersas, de restos arqueolóxicos, de emerxentes materiais prehistóricos etc., de xeito que limitaban o seu universo patrimonial a conceptualizacións etnográficas un pouco anticuadas e que foron *aggiornando* a medida que transitabamos o *boom* da educación ambiental que culminaría moito despois co desembarque da interpretación do patrimonio e os hoxe famosísimos centros de interpretación.

Hoxe xa existe polo menos unha sensibilidade de entendemento que non quero valorar e tampoco precisar en canto a quen é más sensible ao concepto de patrimonio do outro.

Porque patrimonio é todo (ou case todo, vénseme as trazas posmodernas) natural e cultural como unha soa peza onde é imposible diseccionar un paxaro dunha ferramenta de labranza e unha catedral da paisaxe que a enmarca. E o máis importante: a poboación local que se apropia, modifica e vive no territorio que sustenta ese patrimonio. Por tanto, a xestión do patrimonio ha ser territorial da mesma forma que a planificación territorial ha ter en conta os recursos patrimoniais (naturais e culturais).

Territorio

Por que esta insistencia no territorio? (Hernández e Martín, 2002). A resposta é sinxela: só a partir deste podemos identificar, seleccionar e conservar o noso patrimonio. Se aceptarmos que os bens son testemuños de valores culturais, a comprensión destes remítenos, nunha primeira instancia, a un lugar onde se orixinan e talvez áinda se atopan, a un espazo en que se deron unhas determinadas condicións sociais, non necesariamente particulares, chaves para a "lectura cultural" dos obxectos e das accións patrimoniais. Na realidade non estamos utilizando o termo de territorio no sentido de soporte físico, segundo o costume, por desgraza moi ao uso áinda hoxe. Fuximos da procura romántica

desa correspondencia entre uniformidade física e unidade de carácter (2). Non xulgamos que o espazo, as súas características físicas, explique por si só a presenza dun ou doutro patrimonio; a paisaxe non produce un patrimonio, son os colectivos que viven nel os seus produtores. E son eles tamén os que territorializan ese espazo e fan da paisaxe parte do seu territorio, de xeito que nos ofrecen as chaves para a identificación do patrimonio e por suposto para a súa conservación porque, como comprobamos en numerosas ocasións, a intervención sobre o obxecto que se realiza á marxe dos procesos sociais do seu contorno non garante a súa continuidade no tempo.

Non entendemos, entón, a paisaxe "natural" como sinónimo de territorio, menos aínda se o que se procura no primeiro é a esencia do colectivo que o habita (aínda que se disfraza co termo identidade), a súa inmutabilidade no tempo (3). Para nós, territorios e paisaxes son dinámicos. A permanencia das antigas premisas, a exclusiva consideración do territorio como un soporte físico e non como un producto cultural, materialízase en moitas das iniciativas e dos proxectos en que, tras a delimitación no mapa dun contorno con boas cualidades estéticas, se remata por o adornar coas tipoloxías más comúns do patrimonio. Se se trata dun medio rural, causa frecuente para as persoas que identifican territorio con soporte físico ou con paisaxe natural, entón aqueles que se relacionan co patrimonio etnolóxico, sexan antropólogos ou non, están de sorte: chamaranos para que adoren esa bela paisaxe coas tipoloxías máis recoñecidas dese patrimonio "máis modesto" (muíños, casaríos, cortellos...). E máis aínda: o proxecto identificarase como un estudo dos recursos naturais e culturais dunha zona x. Mais, ten sentido que se sigan a localizar os bens patrimoniais de forma illada vinculándoos pola soa inclusión dentro dunha área delimitada?, é lóxico primeiro localizarmos as tipoloxías de bens que se consideraren *a priori* importantes para logo intentarmos relationalas desde os despachos? Todas as vilas teñen igrexas e posiblemente tivesen o seu muíño mais, son todas as igrexas e todos os muíños recursos culturais das distintas áreas culturais?

Uso público

Volvamos ao ano 92 e a aquel congreso que xa citamos, un orixinal enfoque propóna os ENP como "centros difusores das novas estratexias de desenvolvemento sustentable, laboratorios naturais onde desenvolver novas políticas de ordenación e de xestión do territorio, espazos abertos á sociedade", enfoque que debería ser hoxe unha premisa que compartisen os xestores do patrimonio (natural e cultural) para o territorio en xeral, con ou sen proteccións especiais.

A dinámica que introduciron as renovadas demandas de ocio por parte da sociedade, turismo cultural e de natureza, ten, na súa mellor proxección, unha resposta axeitada no universo do patrimonio natural, que esperamos sexa compartida polos xestores culturais territoriais: o concepto de uso público.

Trátase da ordenación de actividades que produce a demanda de natureza con fins recreativos, educativos e turísticos, ao que

podemos agregar agora tamén respostas á demanda socioeconómica das poboacións locais.

Segundo EUROPARC España (2002), o uso público é o conxunto de equipamentos, de actividades e de servizos que, independentemente de quen os xestionar, debe acometer a administración do espazo natural protexido, coa finalidade de achegar os visitantes aos seus valores naturais e culturais, dunha forma ordenada e segura, que garanta a conservación e a difusión destes a través da información, da educación e da interpretación ambiental.

Sigamos con esta definición, o uso público cumpre unha serie de funcións básicas que se relacionan coa visita dos cidadáns aos espazos naturais protexidos: divulgación, información-orientación, recreación, interpretación do patrimonio, educación ambiental, comunicación, seguranza, turismo (oferta complementaria), sinalización. Ademais, pode levar unha serie de funcións asociadas ás anteriores: capacitación, publicacións, promoción e comercialización.

A pregunta que cabe facerse é por que os xestores do patrimonio cultural disperso no territorio carente de proteccións especiais non promoven este concepto, incluso cando existe o coñecemento da alta fraxilidade dos recursos patrimoniais tanxibles e intanxibles.

Hai unha gran carencia no ámbito da xestión cultural e patrimonial, a falta de planificación; o feito de acometer proxectos de restauración, de recuperación de emerxentes materiais doutras épocas, de realización de equipamentos culturais de difusión patrimonial (museos etnográficos, ecomuseos, parques culturais, roteiros ou itinerarios, centros de visitantes mal chamados de interpretación etc.) sen conexión co territorio nin estudos históricos que apunten á contextualización destes equipamentos e dos recursos tanxibles e intanxibles dun territorio.

A planificación é o primeiro paso antes de programarmos actuacións.

Tanto os "naturais" como os "históricos" vense superados polas demandas e moitos deseñan os seus programas de instalacións de acollida, de difusión e de interpretación, gabinetes pedagógicos ou aulas de natureza sen teren a precaución de analizaren os aspectos prioritarios do uso público: o tipo e cantidade de visitantes; a situación, a tipoloxía, a diversidade e a accesibilidade física e intelectual dos recursos naturais e culturais susceptibles de se converteren en produtos culturais de consumo e por riba en equipamentos de uso público; algo insospeitado como a capacidade de acollida (nalgúns monumentos como a Alhambra tívose en conta este concepto hai moi poucos anos), tanto dos espazos naturais como dos recursos patrimoniais; o coñecemento do grao de desenvolvemento da oferta turística que lles afecta; os sistemas de transporte privado e público non só en parques naturais senón tamén en territorios culturalmente fráxiles con poboados históricos carentes de infraestruturas etc.

A demanda turística céntrase habitualmente nos lugares más emblemáticos do territorio cos conseguintes impactos negativos

e a insatisfacción dos visitantes, caso que fai moi difícil un cambio de sentido debido a unha falta primixenia de planificación.

A aplicación do concepto de uso público en territorios non protexidos significa organizar o disperso, canalizar as actividades non reguladas, aproveitar as sinerxías que producen os programas de desenvolvemento local, en síntese, os nosos poboados históricos ou comarcas cunha forte identidade cultural non poden carecer de uso público, non poden manter a falta de regulación da estancia e das actividades dos visitantes, ánda cando ás veces existen equipamentos e servizos, mais irracionalmente localizados, como tampouco poden carecer dunha serie estudada e planificada de mensaxes, tanto as estritamente informativas como as de carácter interpretativo e educativo que permitan mellorar o sentido da responsabilidade do cidadán de forma que acrecente a súa sensibilización e a súa actitude de respecto cara ao patrimonio.

Despois de traballar varios anos na administración de cultura da Comunidade Autónoma de Andalucía, xulgo oportuno facer un chamamento aos xestores de patrimonio acerca de tres accións básicas que poderían tender a comprender e implementar un sistema de uso público en territorios non protexidos: propoñer delimitacións territoriais que se sustenten na homoxeneidade territorial, cultural e produtiva (comarcalización), realizar inventarios patrimoniais (tanxible e intanxible) que se relacionen con estas delimitacións, realizar unha planificación cultural e interpretativa destes territorios e, finalmente, fomentar a coordinación de administracións de forma que a realización ou a adecuación de recursos patrimoniais, a construcción de novos equipamentos culturais complementarios, a difusión e a interpretación, os programas educativos e a oferta turística se organicen de forma coherente e relacionada co territorio tanto no seu pasado como para o seu futuro.

Debemos intentar, "naturais" e "históricos", abandonar a substitución da programación pola planificación (un plano inclúe un programa e este á súa vez unha tarefa ou acción, desculpen a pedantaría). Podemos afirmar que se traballa en programas onde se reúne un conxunto de actuacións nas diferentes áreas da xestión (conservación, documentación, difusión, interpretación, educación, sinalización, execución de equipamentos etc.) mais sen dispoñer dun diagnóstico de partida ou dunha estratexia xeral para a xestión (e non quero introducir o concepto de falta de modelo de xestión, porque teño pouco espazo). Estas son unhas tarefas e accións carentes, logo, de compatibilidade, de coherencia argumental e de obxectivos, de dispersión territorial, de falta de eficacia, e non sigo porque non quero abafar máis o sufrido lector.

Final

A efectiva xestión do patrimonio natural e cultural inclúe a súa apropiación colectiva, polo que require de condicións que permitan aos diversos grupos sociais compartirlo e encontralo significativo.

O patrimonio cultural (e isto énos alleo aos xestores ambientais) é, esencialmente, unha obra colectiva que produce o conxunto da sociedade. Mais nas sociedades altamente diferenciadas a contribución á súa construción e o acceso das clases sociais a ese patrimonio é diferencial. Grupos e clases aprópianse de elementos culturais diferentes que son frecuentemente utilizados como instrumentos de identificación colectiva en oposición a outros segmentos.

Ao mirar o noso territorio como un todo desde unha perspectiva histórico-cultural podemos determinar unha serie de factores que fan o noso discurso e a comprensión do que significará operar nun medio complexo á hora de propoñermos estratexias de apropiación dos bens naturais e culturais como recursos para a xestión patrimonial:

O abismo cultural entre a vida formal-institucional e a vida cotiá das maiorías que configuran as nosas vilas.

O predominio no desenvolvemento do territorio e na forma de a asumir, dos intereses, dos discursos e das miradas privadas coa relación ao público, ánda para analizar problemas públicos.

Os estigmas, o rexitamento ou as exclusións, que foron a norma nas relacións entre os sectores sociais e territoriais, entre certos grupos de cidadáns e os funcionarios, entre algúns profesores e os estudiantes, entre unha xeración e outra.

Estes factores estruturais producen as seguintes consecuencias:

Os programas de desenvolvemento, de difusión patrimonial, de uso público e os procesos de participación non logran somenxarse con facilidade na vida cotiá dos habitantes e, pola contra, enfrentan con certa regularidade oposición, incomprendición ou apatía cidadáns. Ás veces, cando logran algúun éxito, este é pasaxeiro e non permanece no inconsciente colectivo. O anterior tamén ten que ver co feito de que a elaboración e a execución dos programas e dos proxectos non involucran con frecuencia os códigos, os símbolos e os imaxinarios dos habitantes e, por tanto, non os convocan.

A nivel xeral non hai sentido de pertenza, nin a apropiación do territorio que se define como un todo, o cal limita notablemente os procesos de planeamento e xestión e resulta moi difícil xerar amplos procesos colectivos que se sustenten en discursos públicos.

Non hai disposición á colaboración entre sectores sociais diferentes, o cal limita as posibilidades de ir máis alá de pequenos e parciais logros en termos sociais.

En parcelas da vida cotiá, nas microcidades territoriais, sociais e funcionais, hai espazos en que se desenvolven movementos, accións cidadáns que afirman o que se nega a nivel global: sentidos de pertenza e niveis de apropiación que se viven a través do parque, da igrexa, da tenda, dos personaxes, das actividades culturais, do equipo de fútbol, de certos eventos, dalgúns discursos colectivos etc. E esa é unha reserva cultural, quizais a máis clara de todas (García Canclini, 1999).

Por tanto, é un feito que, mentres persistir o baleiro de investigacións sobre a forma de percepción dos habitantes dos seus bens culturais, seguiremos descoñecendo os datos básicos para vincularmos eficazmente as accións que se refiren ao patrimonio coas necesidades da poboación. E isto vale para todos os xestores.

Notas

1. Entendemos por inclusión un marco de pensamento e de traballo que, negando a existencia dun patrón de normalidade predefinido aplicable ao ser humano, considera a sociedade como unha realidade rica e diversa, que está formada pola suma de múltiplas diferenzas individuais. Así, non existen " persoas diferentes" –xa que todas e todos somos diferentes–, e os dereitos de cada unha deben garantirse na mesma medida e con independencia das súas capacidades individuais.

En espazos patrimoniais, a inclusión implica situar no mesmo plano de importancia as necesidades de públicos con habilidades e limitacións heteroxéneas, de xeito que se deseñe unha oferta sen barreiras que permita, a calquera visitante, "acceder, comunicarse (recibir e enviar información) e participar plenamente de todas as oportunidades de aproveitamento existentes" (Gorbeña, Madariaga e Rodríguez, 2002).

2. Teñamos presente toda esa tradición de viaxeiros, eruditos e enciclopedistas dos séculos XVIII e XIX en cuxas obras se escapa en ocasións unha estreita relación entre os aspectos físicos dos lugares e as súas xentes.
3. Un exemplo da proxección naturalista do territorio pódese ver en Aurín e Cabreras (2001).

Bibliografía

- Aurín, R. e Cabreras, F. (2001): "Sobre la identidad del territorio", en OP Ingeniería y Territorio, n.º 54.
- EUROPARC España (2002): "Plan de Acción para los espacios naturales protegidos del estado español", Fundación Gonzalo Bernáldez.
www.europarc-es.org/intranet/EUROPARC/publicado/publicaciones_Europarc-Espana/planaccion.pdf
- García Canclini, N. (1999): "Los usos sociales del patrimonio", en Patrimonio Etnológico. Nuevas perspectivas de estudio, Colección Cuadernos, Vol. X, Sevilla, Consejería de Cultura.
- Gorbeña, S.; Madariaga, A. e Rodríguez, M. (2002): Protocolo de evaluación de las condiciones de inclusión en equipamientos de ocio, Bilbao, Universidad de Deusto-Instituto de Estudios del Ocio.
- Hernández, E. e Martín, M. (2002): "Patrimonio y Sociedad. El reto del desarrollo a partir del patrimonio cultural", en Areté Documenta, N.º 16, setembro, Madrid, Asociación Española de Gestores de Patrimonio Cultural.





Fernanda Castro Coba

Para qué quieras la información, si no la usas

Kiko Veneno

Comunicar a cultura da sustentabilidade

Ricardo de Castro

Psicólogo Social, xefe do Departamento de Comunicación Social da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Andalucía e asesor da Comisión de Educación

Comunicar significa compartir, pór en común... E por desenvolvemento sustentable, segundo o Informe Brundtland (1988), entendemos aquel desenvolvemento que satisfai as necesidades da xeración presente sen comprender a capacidade das xeracións futuras para satisfaceren as súas propias necesidades. Así, comunicar a cultura da sustentabilidade está a facer referencia ao reto de compartirmos a información e os valores para promovermos a conservación ambiental, mais tamén a paz, a equidade e o desenvolvemento humano.

De forma máis explícita, a comunicación ambiental defíñese como o proceso de desenvolvemento e de intercambio de mensaxes entre diversos actores co obxectivo de promoveren a

extensión de coñecementos, de actitudes e de comportamentos proambientais e sustentables (Castro, 1999).

A promoción e o uso destas estratexias xustifícase na necesidade de operarmos en chave persoal e social en relación coa resolución do escenario da problemática ambiental que a nosa sociedade formulou. Este reto real e urgente demanda a adopción dun compromiso de cambio a grande escala, que sobre todo debe producirse na esfera dos comportamentos sociais e individuais, sobre todo cando o desenvolvemento de calquera acción tecnolóxica ou legal que se dirixe á resolución de problemas ambientais, está abocado ao fracaso se non se ten en conta o elemento humano, responsable último desta situación conflitiva.

O marco do social é o ámbito onde deben producirse os cambios para o desenvolvemento dunha sociedade sustentable. Así debemos entender a sustentabilidade como unha construcción social.

Os recursos da comunicación para o desenvolvemento sustentable poden dirixirse, nun ou noutro sentido, á adquisición de coñecementos sobre as dinámicas ambientais, á adopción de valores e de actitudes respectuosas co medio e á disposición para a acción proambiental individual e colectiva. Deste xeito, podemos encontrar medidas que se dirixen ao ofrecer información, un feito que constitúe o rol principal dos medios de comunicación social e dos sistemas de información ambiental e outras que se centran na promoción de actitudes e de accións a favor do contorno, como nun programa complexo que integre diversos recursos de comunicación ambiental.

Neste sentido, a comunicación ambiental é un instrumento que pode actuar como complementario ou como substituto doutros mecanismos de xestión, como os normativos ou os económicos (taxas, impostos etc.), que se desenvolven para tentar previr ou mitigar os problemas ambientais (Vinke, 1993).

O coñecemento da sustentabilidade

Desde a sustentabilidade formúlanse uns obxectivos sociais de solidariedade intra e interxacional e pónense límites ao crecemento (Bermejo e Nebreda, 1998) e especificamente este desenvolvemento sustentable debería traducirse en, cando menos, catro metas estratéxicas para inverter o declive social e ecolóxico: reducir a pobreza e as desigualdades sociais, frear o crecemento demográfico, rebaixar o uso per capita de recursos e mudar as tecnoloxías eficientes e ambientalmente adecuadas.

Pór en marcha estas camiños cara a un futuro sustentable e equitativo requirirá uns cambios nas crenzas persoais, nas actitudes e nas condutas, así como alteracións substanciais nas prácticas económicas, sociais e políticas. Nesta última instancia, o resto céntrase na necesidade de comprender a función da conduta individual e interpersoal na orixe e na evolución dos problemas ambientais e a forma en que esta pode cambiarse de xeito consistente e eficiente. Desta forma, este necesario cambio de paradigma debe pivotar entre o individual e o social e debe basearse, simultaneamente, na posta en cuestión das nosas accións cotiás e mais dos nosos estilos de vida, así como na reflexión e no avance cultural e mais comunitario.

En primeiro lugar, trátase de facer accesible a información aos cidadáns; non só que as persoas poidan manexar información científica e contrastada sobre a realidade ambiental, senón que máis ben estean capacitadas en estratexias de procura, de investigación e de análise crítica sobre os elementos e os procesos ambientais. Para valorarmos e para actuarmos é necesario estarmos informados previamente.

Mais non chega con estarmos informados; o coñecemento dos problemas non é suficiente para unha acción proambiental. As relacións entre os coñecementos, as actitudes e o comportamento non son necesariamente consistentes.

As iniciativas de comunicación proambiental, ademais, deben superar unha multitud de atrancos psicolóxicos e sociais para recoñecer tendencias insustentables e adoptar cambios persoais cara a unha práctica más sustentable. Segundo Corson (1995), algúns destes atrancos son os seguintes:

- A crenza de que os sistemas naturais da Terra son elásticos e non poden ser danados polas actividades humanas.
- A falta de evidencia ou de convicción sobre que as prácticas actuais son insustentables, constitúen unha seria ameaza e poden causar graves impactos.
- Unha excesiva información, ás veces confusa e conflitiva, sobre a natureza das ameazas ecológicas e sociais e da efectividade das políticas e mais dos cambios de conduta para as afrontar.
- A negación da responsabilidade persoal na consecuencia das prácticas impactantes.
- A crenza de que os esforzos para emendar estas ameazas poidan ser difíceis ou custosos e que os custos poidan ser máis grandes que os beneficios, ou que estes poidan ser insuficientes ou moi dilatados no tempo.
- A crenza en que os recursos ou os medios para implementar os cambios son inaccesibles ou inadecuados.
- A crenza de que a acción contra as ameazas podería ser incompatible cos nosos valores.
- A falta dun apoio social e de reforzos doutras persoas para asumiren a necesidade de cambio.
- A rixidez e a falta de motivación institucional para mudar as políticas e as prácticas.
- Os grupos sociais poden ter intereses de estatus que se oponen ao cambio ou polos que negan a necesidade dese cambio.
- O reto fundamental que formula a comunicación pola sustentabilidade será conseguirmos conectar os nosos comportamentos actuais cos efectos dilatados no tempo e no espazo sobre a conservación dos recursos naturais e da calidade ambiental.

Ideas para promover a comunicación para a sustentabilidade

As estratexias da comunicación ambiental desempeñan un papel crucial en amosar os efectos ambientais das nosas accións e en amosar como poden ser incorporados na vida cotiá de cada quen, por medio do fornecemento da información clara e comprensible e de argumentos que sexan asumibles e poderosos. Débese ter en conta que a eficacia destas estratexias quedará determinada por diversos factores, como a súa capacidade para resolver este problema e os pasos que require

o desenvolvemento desta conduta (De Young, 1993).

Evidentemente, o obxectivo central dun programa de comunicación é o cambio social, en que é difícil determinar unha relación causa-efecto entre as accións que se desenvolven e os efectos que se agardan, pois todo o programa está mediado por unha serie de factores que cómpre controlar previamente, ao ter en conta os condicionantes sociais e ambientais que permiten ou non desenvolver respuestas construtivas por parte das persoas e dos grupos sociais.

Unha decisión acertada no deseño dun programa de comunicación para o cambio socioambiental é a adopción dun enfoque procesual, que, co obxectivo de asegurar unha certa garantía de efectividade, estrutura as accións en fases nacionais e siga unha metodoloxía adecuada (Castro, 2005).

Paso 1. Determinar uns obxectivos coerentes e racionais. Todo programa debe avanzar uns obxectivos coerentes cos medios que se dispoñen e decidir a meta global e mais os obxectivos específicos, coa determinación dos niveis de coñecementos, de actitudes e de comportamentos sobre que se pretende influír dunha poboación específica. Estes obxectivos deben ser medibles e avaliables, ao se basearen en indicadores claros. Cómpre ter en conta as restricións socioculturais, económicas e de xestión do contorno onde vai implementarse o programa. Os programas que se desenvolven con éxito son aqueles que traballan con problemas específicos, en ámbitos concretos e en poboacións determinadas.

Paso 2. Realizar unha avaliación previa á intervención. Consiste en analizar con detalle o problema ambiental sobre o que se pretende intervir, co obxectivo de determinar as súas dimensións e poder servir como liña-base para comparar a posteriori os resultados que se obtiveron

tras a execución do programa. Para isto cómpre asumir tanto unha perspectiva obxectiva (datos técnicos, económicos, etc.) como subxectiva (percepción social da cuestión ambiental).

Paso 3. Coñecer en profundidade a poboación obxectivo. Todo isto se detectamos, caracterizamos e analizamos os diferentes subgrupos da poboación-obxectivo e a presenza de mediadores, actores-chave ou grupos de interese que poden usarse para a difusión de mensaxes. É interesante coñecermos as súas características cuantitativas (distribución, indicadores sociodemográficos -sexo, idade, etc-) mais é inútil determinarmos se existen subgrupos ou sectores diferenciados que demanden un tratamento específico (unha estratexia pode servir para un grupo e ser contraproducente para un outro).

Paso 4. Deseñar mensaxes con poder de cambio. Isto é, ser creativo en relación aos recursos comunicativos e ser rigoroso en cantos aos argumentos e as informacións que se ofrecen. O plano de creatividade posúe unha importancia crucial, pois chega a determinar os medios para empregar. Do mesmo xeito, débese procurar un equilibrio entre as formulacións estéticas e os contidos e non debe sacrificarse un por outro. Dominar un tema tecnicamente non significa estar preparado para o comunicar. Non é suficiente ofrecer datos sobre a cuestión que se tratar, senón que hai que ofertar información específica para a realización dos comportamentos proambientais que se demandan. Deben avaliarse as propostas creativas e os argumentos que se empregaren, tanto de forma externa como de forma interna, na propia entidade promotora. E previamente deben coñecerse as restricións cualitativas de público e adaptar o proceso creativo a estas limitacións (a lingua, os elementos gráficos, etc.).

Paso 5. Elixir coidadosamente e combinar de forma adecuada os medios e os soportes. Isto será posible se traballarmos de forma simultánea con diversos recursos que posibilitaren a interacción de elementos de comunicación social, mercadotecnia, comunicación interpersonal, novas tecnoloxías, medios alternativos etc.

Estes deben adaptarse ás peculiaridades da poboación-obxectivo. Deste xeito debe terse en conta o encaixe da comunicación no medio que fose elixido, ao evitar incongruencias. É interesante traballar de forma simultánea con diversos recursos que posibiliten o apoio mutuo e desenvolvan programas multicompetentes e multimetodolóxicos que conxuguen as accións de comunicación con outras tipoloxías de intervención (normativa, participación, deseño ambiental, etc.).

Cómpre ter en conta a diversidade de medios e de recursos de comunicación que se dispoñan. Estas son estratexias que poden dirixirse a moitas ou a poucas persoas (dimensión pública-privada) e con maior ou menor disposición da tecnoloxía (dimensión directa-indirecta). Deste xeito, cómpre ter en conta ademais das




Fig: Modelo dos sete pasos da comunicación ambiental (Castro, 2005)

estratexias más coñecidas e empregadas como as propias de comunicación social (publicidade, radio, televisión, xornais, etc) e a comunicación interpersonal (diálogo, sesións en grupo pequeno, debate, demostracións grupais baseadas en vídeo, etc), a existencia doutros recursos emerxentes que poden adaptarse ben a situacións diversas. Entre outros destacamos a comunicación alternativa (radios e televisións locais, fanzines etc), micromedios habituais en contextos escolares e no ensino popular (póster, dramatización, teatro, narracións, etc.), redes virtuais, un medio emerxente e de rápida extensión, con posibilidade de interacción en tempo real coa audiencia, etc.

Paso 6. Planificar as rutinas da campaña. Isto conséguese se determinarmos os máximos e os mínimos de incidencia, se controlarmos os períodos de aparición dos diversos elementos e a súa distribución espacial. Así mesmo, é obligatorio revisar a execución do programa de forma continuada, e decidir as correccións que foren necesarias no seu desenvolvemento. Durante esta fase debería posibilitarse unha comunicación horizontal co público de referencia que facilite a realimentación sobre as accións que se emprenden.

Paso 7. Avaliar o impacto do programa. Isto faiase coa valoración tanto dos posibles efectos das accións comunicativas e dos cambios na poboación- obxectivo, como nos procesos que desenvolven. Avaliar significa desenvolver un proceso explícito e formal de valoración e de reflexión sobre as accións que se realizan. Así debe avaliarse tanto o produto do programa (cobertura e resultados) como o proceso (funcionamento e custos). Esta avaliação pode realizarse desde un enfoque interno ou externo. Un paso crucial é a realización do informe de avaliação; por modesta que fose a avaliação sempre habería que verter a información que se obtivese, as conclusións e as recomendacións nun documento formalizado.

O reto compartido de expertos, de comunicadores, de educadores, de actores sociais e de xestores debe concentrarse en traballaren convuntamente nunha perspectiva renovada da comunicación social e en resaltaren a súa potencialidade na consecución dunha sociedade proambiental e sustentable.

Bibliografía

- Bermejo, R. e Nebreda, A. (1998): Conceptos e instrumentos para la sostenibilidad local. Cuadernos Bakeaz, nº 26.
- Castro, R. de. (1999): "Retos y oportunidades para la comunicación por el cambio ambiental", Ciclos, nº 5, pp. 5-8.
- Castro, R. de (2005): Más que palabras. Comunicación ambiental para una sociedad sostenible, Valladolid, Gea
- Corson, W.H. (1995): "Priorities for a sustainable future: The role of education, the media and the tax reform", Journal of Social Issues, nº 51, Vol. 4, pp. 37-61.
- De Young, R. (1993): "Changing behavior and making it stick. The conceptualization and management of conservation behavior", Environment and Behavior, nº 25, Vol. 4, pp. 485-505.
- Vinke, J. (1993): Actors and approaches in environmental education in developing countries, en Schneider, H., Vinke, J. e Weekes-Vagliani, W. (eds): Environmental Education. An approach to sustainable development. París, OECD.



Fernanda Castro Coba



Horizontes narrativos da Educación Ambiental

Michèle Sato

Universidade Federal de Mato Grosso, Brasil

Tradicionalmente, nos países de tradición cristiana, a chegada dun ano novo é sempre agardada con esperanzas, para que o calendario gregoriano, cartesianamente dividido en fronteiras matemáticas por una mera convención, finalizase seus números xunto coas memorias ruínas que asolaran o ano vello. E más precisamente, como se os dilemas ocorridos nun determinado período, enmarcado por nós en días, anos ou décadas, se puidese apagar coa renovación de esperanzas nos próximos trescentos sesenta e cinco días. E os ciclos sucesivos fannos crer que os

pecados cometidos tamén serán perdoados na recuperación do espírito. Alimentamos este tipo de soños porque facemos parte da especie humana. E os antigos filósofos tamén se movían a través das utopías construídas, da promesa presente no cotío de cada oráculo, varanda ou rúa, sobre a verdade para toda a humanidade. Iniciamos, así, a Década (2005-2014) da Educación para o Desenvolvimento Sustentable, a través da orientación e guía internacional da United Nations Educational, Scientific and Cultural Organisation (UNESCO).

Do monismo presocrático ao período da Posmodernidade, non hai sequera un calquera dos nosos actos que non se sitúe na corrente existentialista de buscar un plan á humanidade e de proxectalo na dimensión espazo-temporal, incluso aínda que se faga en nome dun mesmo. Ignoramos as virtudes e as lagoas alleas, absorbendo o que pensamos que é o mellor de nós. Mais o proxecto está inacabado e somos incompletos. A nosa incompletude proxectase nas múltiplas formas da nosa linguaxe. E ao dar razón e explicar o noso desexo, moitas veces, "pecamos".

Contrariamente do que a maioría pensa, os sete pecados capitais non teñen raíces bíblicas. En realidade foron transgresións anticristiás escritas no século IV por Evágrio Pôntico, e que só no século VII foron examinadas por Gregorio, o grande, e subordinadas ás revisións teolóxicas, conforme a gravidade cometida polos humanos (Epstein, 2004). A lista, dende entón, anota sete pecados capitais: avaricia, gula, soberbia, preguiza, ira, luxuria e envexa. Para combatelos, as orientacións das virtudes cardeais aluden á prudencia, a xustiza, a fortaleza e a temperanza, ao lado das conviccións teolóxicas da fe, da esperanza e da bondade.

Dante Alighieri, na súa clásica obra *A Divina Comedia* reforza os sete pecados buscando outros, criando nove círculos do inferno e acrecentando os non bautizados, os falsos e os herexes, entre outros. Goethe, ó buscar a unión entre a ciencia e a poesía nunha visión da Natureza, consegue penetrar nunha profunda sensualidade relixiosa. Outros autores buscaran inspiración relixiosa ao mundo, como Umberto Eco que posibilitou tamén o filme "O nome da Rosa". O actor escocés Sean Connery interpreta brillantemente un monxe franciscano que leva consigo saberes árabes descoñecidos polos cristiáns, astrolabio e cuadrante, nunha sofisticada busca científica para desvendar os misterios teolóxicos nos territorios dun mosteiro benedictino. O enredo retrata as mortes relacionadas co libro desaparecido de Aristóteles, que aborda o sorriso como instrumento da verdade, e que ten as súas páxinas envenenadas por un monxe que odiaba a comedia e vía na ledicia unha posibilidade de dúbida sobre Deus (Vogt, 2005). Costantino, o emperador romano quen saíu das rúas e a marxinalidade para ser aceptado

como cristián, foi inspiración doutro filme con o mesmo nome, baixo a dirección de Francis Lawrence. Neste filme, Costantino é interpretado por Keanu Reeves, con visións que poden salvar as almas do inferno. Dous grandes impactos son retratados neste filme: a posibilidade de que un suicida vaia ao Paraíso, rachando con tódalas orientacións relixiosas más ortodoxas, dando pistas que Lúcifer terá que enfrentar nos dominios divinos para ter esta bondadosa alma nos seus reinos; e a transgresión do arcanxo Gabriel, que actúa como o monxe do filme "O nome da Rosa", acreditando que a humanidade tería que enfrentar o mal no padecemento das súas conviccións relixiosas para culminar no paraíso. É emblemática a pasaxe na que súas as son quemadas pola súa desobediencia a Deus. No ano que demarca o falecemento do Papa Juan Pablo II, o mundo occidental revístese novamente da relixiosidade, rescatando unha eclosión epistemolóxica que busca os puntos da costura para desvelar o pseudo-distanciamento entre ciencias e relixións.

Talvez a Educación Ambiental poda imitar ó arte, refacendo as ciencias e as relixións denunciando a dicotomía entre espírito e materia, que cargamos desde os primeiros tempos da nosa existencia, agravadas pelas teorías de Descartes. O entusiasmo científico recusou a espiritualidade, mas dende o punto de vista etnográfico, non hai nación sen estas poderosas imaxes que determinan os valores dos pobos. A capacidade de producir símbolos e construí mundos só existe na nosa imaxinación, transcendente da experiencia sensorial e empírica, e é algo que tal vez poidamos destacar neste pequeno horizonte narrativo. Manipulando a metáfora dos sete pecados capitais, rescatando inclusive a subversión de Pôntico contra a hexemonía do poder, e que rexe o título deste texto, a Educación Ambiental parece tamén posuirlas súas culpas no imaxinario dun vasto continxente de persoas do mundo enteiro. Idealizada coa mellor das intencións, a experiencia e a literatura indican que o tema mais popular concentrate na reciclaxe dos residuos sólidos, tanto no Brasil, como no escenario internacional.

A través dos programas de recolección selectiva de residuos e do "xogue ao lixo no lixo", o reduccionismo pode representar a AVARICIA en economizar o sentido crítico esquecendo que por



Magritte

detrás da xeración e da acumulación de lixo, existe unha compoñente moi más perversa flamexando no concepto de desenvolvemento: o consumo esaxerado e conspicuo de poucos, fronte á miseria e a fame de moitos.

Ata a LUXURIA ofreceuse nos modelos de reaproveitamento do lixo, a través de bolsas, vestimentas ou de accesorios sexualmente atractivos. Certamente, este pecado está alén da EA, máis sendo permitido en numerosas outras situacións, e "perdoado" por unha sociedade que transforma o sexo como mercado das relacións humanas.

Máis tal vez teña sido a SOBERBA a que causa un maior prexuízo á Educación Ambiental, convertida nunha moda *fashion* a ser seguida dende que se promete e postula como chave para solucionar todos os problemas ambientais. Para moitos, a Educación Ambiental é un "instrumento", unha "ferramenta", de xestión ambiental que soluciona todos os dilemas ambientais. O malo é que, con demasiada frecuencia, as forzas das utopías son directamente proporcionais ás forzas da frustración.

A PREGUIZA foi, probablemente, a aliada mais próxima do orgullo, pois deleitándose na súa pequenez e absorta na ostentación presuntuosa da soberbia, a Educación Ambiental foi incapaz de entender que a dimensión ambiental reivindica un status cultural e político de difíciles mudanzas.

Simultánea e paradoxalmente, a GULA, no intento de devorar todos os problemas ambientais, abarcando a complexidade das temáticas más variadas, é moi evidente na Educación

Ambiental: o "buraco" na capa de ozono, a perda da biodiversidade, o cambio climático, a protección da auga, a busca de fontes alternativas de enerxía, a procura da alianza entre o saber popular e o académico, as políticas de conservación e a formación dos suxeitos, entre outras importantes áreas do coñecemento e da acción. Podemos incluír neste vasto catálogo de saberes, a recente traxedia asiática, que recibiu o título xaponés de "Tsunami", que resalta a importancia de investir en estudos e investigacións nas tradicionais ciencias sísmicas, tendo en conta que os maremotos desta magnitud poden alterar o eixo da Terra, traendo prexúzos sociais e ambientais incalculables. Máis que non fomente a competición inmoral de ver quen máis se aplicou solidariamente na mitigación da catástrofe, porque mesmo nas traxedias, a Organización Mundial do Comercio (OMC) oriéntase por intereses lucrativos transnacionais.

No rebulir planetario do hibridismo epistemo-metodolóxico, por ende, non fomos capaces de resolver o problema de Gaia e acaso nunca o conseguiremos cun éxito absoluto. Máis hai, naturalmente, moita presa para erradicar o mal da humanidade e inevitablemente cedemos espazos para que a IRA aparezca, espumando na súa furia.

¿E a ENVEXA? Ben, a pesar de carrejar con tantos pecados, é ben verdade que a Educación Ambiental ainda se esta a fornecer día a día. Estudiosos, investigadores, membros da sociedade civil, escolas e comunidades alumean o compromiso da construción dun outro mundo posible na Educación Ambiental. Aumentan as publicacións, as titulacións académicas e a colleita crece na sucesión de experiencias e vivencias pedagóxicas realizadas cada vez con maior competencia. Poderíamos tomar a Educación Ambiental como un desexo de arte. Excitaría as ideas e as emocións da liberdade en movemento, bañada en luces de color, coas olladas expresadas por estes iconas da lingua xe. Simbolicamente, sería como a xanela ontolóxica de René Magritte, situada entre as paisaxes exteriores e interiores na mestura da vida. A moldura desta xanela representaría un receptáculo co azul do ceo, o barullo das ondas, a voluptuosidade do fogo e a fertilidade da terra. Entre a seriedade de Apolo e os praceres de Dioniso, a EA tomaría a vida como se

puidese emanar do cheiro da noite, na aceptación fecunda da escuridade que recrea, retoma e revisa a nosa obriga ética fronte ós conflictos sociais e ambientais xerados pola crise dunha época. Faríamos como Picasso: o amor pola Educación Ambiental non pode ser abstracto.

E por isto mesmo, a irracionalidade envexosa non aceitou que mesmo con erros, a afortunada EA ainda triunfase no mundo das esperanzas. O camiño radical foi criar unha década enteira para eliminarla, sobre as esteiras daquilo que Ventura (1998) esclarece sobre a diferenza entre o ciúme, a cobiza e a envexa: o CIÚME é o medo de perder aquello que posuimos; a COBIZA é o desexo de termos as virtudes alleas; mentres que a ENVEXA é desexar o aniquilamento do outro, pelo grao de malestar que nos causa a súa boa estrela. E sobre a racionalidade mecanicista, o vello capitalismo foise maquiado, revestiuuse de novas roupaxes e xurdii ao mundo sobre o pomposo nome de "Educación para o Desenvolvemento Sostible". Tal vez con outro alcume, as axencias de financiamento apoiasen máis os proxectos neoliberais que imperan no mundo dos negocios.

E así penetramos nunha década que non ten propostas moi claras, que se sitúa nas tumultuosas, diverxentes e infinitas definicións de desenvolvemento sostible e non consegue manifestarse de forma precisa, pois "O odio espuma. A preguiza derrámase. A gula engorda. A avaricia acumula. A luxuria ofrécese. O orgullo refulxe. Só a envexa se acocha" (Ventura, 1998, 11).

Na década que se inicia, por tanto, o reto é manter a identidade da Educación Ambiental, pois "o que non nos mata, tórnanos forte" (Nietzsche, 1995, 83). A proposta da Educación Ambiental non se pode revisar en a penas unha década, dende que ningunha revolución, exclusivamente feita para o logro inmediato, pode ser fecunda. As revoluciones só se comprenden e se xustifican cando interrompen as circunstancias. Así, permaneceremos na subversión da desobediencia á UNESCO, pois acreditamos que temos competencia suficiente para construír un mundo mais xusto, sostible e paciente, e non hai motivo para ningunha irresponsabilidade inmediata e terminal. A orientación internacional da UNESCO para a Década da Educación para o Desenvolvemento Sostible pode ser unha



Magritte

categoría emerxente e pré-figurativa que "se ocupa dunha forma de discrepancia e alteridade cultural onde termos non consensuados de afiliación poden ser establecidos con base no trauma histórico" (Bhabha, 1998, 33).

Situámonos, así, entre dous enfoques educativos influenciados polas opcións ideolóxicas, pautadas en loitas e valores dos suxeitos: unha é digna de loanza e a outra común. A influencia da Educación Ambiental é recibida por unha solicitude do noso ollar, opera naturalmente, desexando máis consistencia, desde que no proxecto da nosa existencia non aceptamos que as proposicións xenerais –como a do desenvolvemento sostible– poidan ser incorporadas freneticamente e sen crítica. A outra, envexosa, non significa destrucción e pode ata clamar por un diálogo, más falta sustentación do que resta despois dunha cronoloxía de dez anos sen ir a ningures. Somos imaxes reducidas, distendidas, abstraídas e perceptivas. Por eso, a existencia de varias abordaxes da educación e do medio ambiente non pode ser unívoca no establecemento de unha soa verdade. A fenomenoloxía require un principio de correspondencia non conclusiva, más aberta á mudanza da dinámica da vida. Entre tanto, a memoria revelará o curso da existencia nunha arena heteroxénea e fértil de posibilidades imprevistas, repleta de accidentes nunca neglixentes, "suspendendo calquera relación autoritaria de obediencia, insuflando de misterio e sorpresa, risco e expectativa, iniciativa e innovación" (Gonçalves, 1998, 96).

O malestar da elección política pode provocar o illamento, como se navegasemos en mares sen vida, con navíos á deriva

atracando e portos enferrujados. A tentativa de romper con os conceptos do Desenvolvimento Sustentable non é máis ou menos válida, máis pode representar unha aventura que xustifica a nosa razón de existencia. A aventura refírese a modos de habitar o mundo, dun "ser no mundo" (Merleau-Ponty, 1971), e mesmo sendo persoal, acaba por implicar a todos, pois é unha forma simbólica da realidade que está en nós e non fora de nós. Por eso, reafirmar a identidade da Educación Ambiental, nunha temporalidade non linear e en proceso permanente, é desexar que toda palabra aquí escrita poda espremer o mundo, sabedores dos riscos e pecados existentes nas tormentas deste mar fronte ao propio mundo e a nós mesmos.

Buscamos, así, unha oposición á concepción estática do mundo e a valorización da dinámica que mobiliza e constrúe a identidade brasileira. No estando contentos coa condición subalterna de Sancho, queremos tamén ser Don Quixote situado polo ollar de Sancho, imprimindo as nosas emocións co sopro que orixinou a poesis dos 400 anos de celebración da obra literaria de Miguel Cervantes. Dende o punto de vista do mundo físico, o ollar non sería a penas comparable á luz que entra e sae polas pupilas como sensación e impresión, "máis tería tamén propiedades dinámicas de enerxía e calor gracias ao seu encantamento nos afectos e na vontade" (Bosi, 1998, 77).

Sancho encontra en Don Quixote a súa condición de existencia, máis Don Quixote non viviría sen a súa extensión en Sancho. Ollar o mundo, desta forma, non se limita a comprendelo externamente, significa tamén celar e coidar de seu corazón. Cervantes escribiu nas primeiras páxinas deste clásico, que calquera papel que encerra unha palabra é unha mensaxe do espírito humano. Este horizonte narrativo era a penas unha palabra persoal, mas vai se desprender entre o suxeito escritor e o suxeito lector. Tal vez non haxa posibilidade de retorno, e da incesante rectificación do desexo. A imaxe pode saír deformada, convidando as partes desta comunicación a traspasar os propios espellos, buscando significar o camiño adiante. Como aprendices, reunímonos aqueles que aínda se sorprenden coa descuberta da espesura existencial da Educación Ambiental. E no límite da nosa contribución, a busca da construción da Educación Ambiental representa tamén o desexo de evidenciar

que o surrealismo está más vivo do que nunca, na súa necesidade de subxectar a linguaaxe para que os símbolos se transformen en poesía. É, sobre maneira, vivir a Educación Ambiental de forma impetuosa, non a penas por vivila, senón para lembrala de forma intensa, para saber contala en infinitos espazos atemporais (García-Márquez, 2002).

O vello recolle imaxes de outrora, mais reclamadas nas nervaduras dunha vida en acto: relembrar esixe un espírito esperto, a capacidade de non confundir a vida actual coa que pasou, de recoñecer as lembranzas e oponelas ás imaxes de agora (...) Unha lembranza é diamante bruto que precisa ser lapidado pelo espírito (Gonçalves, 1998, 97).

Bibliografía

- Bhabha, H. (1998): *O local da cultura*, Belo Horizonte, EdUFMG.
- Bosi, A. (1998): "Fenomenología do olhar", en Novaes, A. (Org.): *O olhar*, São Paulo, Cia. das Letras, pp. 63-87.
- Epstein, J. (2004): *Inveja*. Traducción de Ivo Kortowsky, São Paulo, Arx.
- García-Márquez, G. (2002): *Vivir para contarla*, Barcelona, Mondadori.
- Gonçalves-Fo, J. (1998): "Olhar e memória", en Novaes, A. (Org.): *O olhar*. São Paulo, Cia. das Letras, pp.95-124.
- Merleau-Ponty, M. (1971): *Fenomenología da percepção*, São Paulo, Martins Fontes.
- Nietzsche, F. (1995): *Assim falou Zara Zarathustra – um livro para todos e para ninguém*. Traducción de Mário Silva, Rio de Janeiro, Bertrand Brasil.
- Sato, M. e Gauthier, J. (2005): "Insurgência do grupo pesquisador na educación ambiental Sociopoética", en Sato, M. e Carvalho, I. (Orgs.): *Educación Ambiental: pesquisa e desafios*, Porto Alegre, Artmed, pp. 101-120.
- Ventura, Z. (1998): *Inveja – Mal secreto*, Rio de Janeiro, Objetiva.
- Vogt, C. (2005): "A arte opõe razão e fé". En *Comciencia - Ciéncia e Religiao*. Campinas, Labor [download] <http://www.comciencia.br>, 09.mai.05 - reportagens.

A PROPÓSITO DA FOTOGRAFÍA

Xavier García López/Fotógrafo

A fotografía e as viaxes son dous conceptos que para miñ van no mesmo cesto. Hai viaxes que esixen un desprazamento físico, pero tamén hainas que tan só precisan da nosa mente.

Sempre pensei que se non che importa onde te atopas é que non estás perdido. Cando alguén decide comezar unha viaxe, o máis interesante consiste en estar aberto a coñecer outras xentes, outros hábitats, outras culturas e ... como non, tamén coñecerte a ti mesmo, aspecto que temos agachado as máis das veces.

Algo que valoro moito na fotografía é o respecto por todo o que vou vivenciando; tento integrarme nos lugares e coas persoas que descubro. Canto máis me achego ás comunidades humanas que visito mellor comprendo as súas vivencias, os seus estilos de vida.

Xunto a estas matináns velaí van algunas imaxes do mundo no que vivimos; mirándoas, calquera dubidaría do mundo global que certos personaxes actuais defenden.

Cando retrato algo parécelme que amoso un pouco da miña intimidade, dos meus gustos, das miñas inquedanzas ... Se non fóra así, como se come que dun grupo de persoas que vaian ao mesmo lugar as imaxes fotográficas que fagan sexan tan distintas.


No mundo da fotografía hai aficionados, profesionais e, por suposto, outro grupo que son cazadores de imaxes, xá logo semellan seren colecciónistas; hai que ver como valoran os seus trofeos fotográficos cando amosán as imaxes ás súas compañías. A esta xente, paga a pena adicarles algunha liña máis ou esquecémola?.

Todo o mundo gusta de buscar a felicidade; non sei se realmente existe como concepto pechado e total; eu son feliz por momentos, cando cubro unha necesidade fundamental, cando saio do cotiá, cando observo a un animal en liberdade, cando coñeo outras culturas ...

Unha persoa cunha cámara fotográfica debe estar aberta a todas as situacions posibles, a vivir momentos moi interesantes, procurando non chegar á dependencia da máquina. Se respectarmos, se estamos en disposición de pasalo ben, de disfrutar, sempre aparecerán imaxes dignas, que aportarán unha boa dose de ledicia persoal.

Son un aficionado á fotografía que procura moverse, xa que viaxando caen as propias conviccions; se miro instantáneas que fixen hai dez, vinte anos ou onte, son capaz de concluir que

*Unha foto non é o que vemos,
senón o que representa
para a persoa que a creou.*





Sete Cociñeiras de Lira

RETROSPECCIÓN



Cacerolada A Coruña

Francisco X. Fernández Naval

Catedrático de Xeografía Física

Fotografías de Maribel Longueira

Nunca Máis foi, probablemente, dende o punto de vista colectivo, unha das mellores cousas de cantas sucederon nas nosas vidas. Ocorren eses paradoxos, unha dor tan grande como a que supón ver o noso mar ferido, vencido polo fuel e polas sombras, a frustración e a caraxe que provocou a incompetencia e o engano do poder, sublímase coa comuñón libre e espontánea de todos, cando menos de todos cantos nos importamos e queremos, que os demás, os outros perdidos na mentira, no insulto e na descualificación, tanto nos daban, ou si nos importaban, pero era polo mal que facían, pola voz de veneno, pola hipocrisia.

Daquela, ilusionounos tanto Nunca Máis, sentimos tanta paixón e tanta forza en Nunca Máis, posuímos a tal extremo Nunca Máis, fomos tantos Nunca Máis. Porén...

O sábado, 13 de novembro de 2004, non fun a Compostela. Ese día había convocatoria de manifestación de Nunca Máis, esta polo cabodano, de novo invocando dignidade. Ese serán, en Lira, un dos lugares máis castigados pola catástrofe do Prestige, tivemos unha xuntanza. Era algo informal, tratar asuntos relacionados coa parroquia, falar algo de versos e do futuro. Informal foi a convocatoria: "se non vas a Compostela, e queres vir, quedamos ás seis". Uns foron e manifestáronse, outros quedamos e reunímonos, uns e outros sen crispación e sen conflito.

Na reunión estaban algúns daqueles que con máis decisión, intelixencia e xenerosidade, organizaran os colectivos e as asociacións do territorio do concello, nas primeiras semanas de afluencia de fuel e voluntarios, cando as administracións estaban vencidas -a local- ou desaparecidas -as outras-, cando a Confraría aínda non decidira asumir o seu liderado e a pór en marcha o seu dispositivo. Estaban os que nos axudaron a sobrevivir no infortunio e no baleiro, porque foi xente anónima dalgunhas parroquias quen organizou, quen deu de comer a milleiros de persoas cada fin de semana ata antes do Nadal, e entre eses milleiros hai que incluir ás compañías do exército e da garda civil que chegaban sen intendencia. Na reunión do sábado 13 estaban algúns dos mellores e más libres mariñeiros do porto e algúns dos que fixeron posible a colocación das cruces na praia de San Pedro, no Pindo, o día 28 de decembro de 2002, á mesma hora en que se colocaban as da praia do Orzán. Todos os que acudimos á xuntanza abríramos o paraugas en Compostela o 1 de decembro de 2002, levaramos a nosa maleta polas rúas da Coruña, marcháramos sobre Madrid e volverámos a Compostela en maio de 2003.

As persoas que quedamos eramos xente informada, desa que desconfía da realidade que ofrecen os xornais e os partes de noticias. Todos os que alí estábamos eramos conscientes de que o litoral de Carnota aínda estaba enfermo, con pequenas mareas negras cada vez que viña o temporal, con alarmantes baixas nas



Velorio negro

capturas, con coídos en que o fuel seguía, e segue, presente coma unha maldición, unha situación que sabíamos que era compartida con outros lugares da Costa da Morte. Eramos e somos, iso pensamos de nós, persoas activas, implicadas coa colectividade, que reclaman verdade, que esixen xustiza, que pretenden proponer ilusión. Todos seguimos a traballar polo país que queremos e soñamos. Todos alentamos na esperanza.

Pero ningún dos que quedamos se sentiu convocado ese sábado. A cuestión, para nós, para mí, non era saber cuntos milleiros de persoas había ese serán concentrados na Quintana. Para mí, para nós, a verdadeira cuestión era preguntar, preguntarme, preguntármonos, por que non nos sentimos convocados?, que fora dos centos de milleiros de persoas, parte dunha colectividade libre e poderosa, que non acudiron ese día á chamada? Nós, os da xuntanza, xa tiñamos falado diso antes.

Na nosa opinión, había máis dun ano que Nunca Máis deixara de representar e de significar o que foi para tantos. O esforzo de mantelo e de facelo durar no tempo, a toda costa, resultou tan prexudicial como inútil.

Nunca antes, na nosa historia recente, tiveramos tanto patrimonio político e social como o que acumulamos entre o primeiro día de decembro en Compostela e o da marcha de febreiro sobre Madrid. Nunca foramos tantos, tan unidos,

compartindo todos o mesmo sentimento, a mesma necesidade, porén, nunca tanto patrimonio fora tan mal administrado, ata a evidencia final da súa gratuita dilapidación.

Que era imposible manter a tensión mobilizadora durante un tempo indefinido, era evidente, no entanto, os autoproclamados órganos de governo de Nunca Máis, insistían en ocupar a rúa, sempre invocando a dignidade e, a cada nova convocatoria, o único que conseguían era evidenciar como o movemento se desangraba e como, sen que ningún nolo pedira, perdímos o que xa conquistáramos.

Tampouco as forzas políticas estiveron á altura das circunstancias. Elas, logo da comunal demostración de Compostela e de Madrid, deberon artellar conjuntamente unha política capaz de recoller a dimensión social do descontento e plantar batalla con firmeza ao agravio e á incompetencia. Xuntos íamos na rúa, sen distinción de siglas cantabamos, asinabamos manifestos, comúns eran as palabras en todas as bocas e os desexos en todos os corazóns, en todas as mans ondeaba a mesma bandeira. Pero primou o interese partidario e electoral e eles sós desencontraron o que a rúa unía, e así, uns utilizaron o movemento en proveito propio, mal proveito, que a utilización pasou factura, e outros desmobilizaron e procuraron esquecer e asubieron cara a outro lado. Uns e outros asustáronse de algo que non podían controlar e así, uns ocuparon, outros



Voluntarios 9/12/02

abandonaron. Que evidencia de división na moción de censura que non se debiu presentar en Galicia! A sociedade, no seu conxunto, non comprendeu, nós tampouco.

Nunca Máis foi un deses fitos que Galicia como colectividade - como nación? - vai marcando no longo camiño do seu devir histórico. A colectividade sóubose forte, capaz de modificar comportamentos, tamén o do Partido Popular, que tivo que argallar con urenza un Plan Galicia elaborado fóra do país e que non respondía ás demandas dos galegos, pero que dividía. A colectividade, Nunca Máis, cambioulle o paso a todos e todos tiveron medo. Veu entón a necesidade de dotar o movemento de órganos de goberno e de levalo ao rego do previsible, do controlable. Nunca Máis transformouse en retórica.

Retórica e especulación, como a expresada arredor do concepto de dignidade, invocada a cada pouco polos integrantes dos órganos de goberno de Nunca Máis, uns integrantes que o movemento non elixiu e que, seguramente, non quería elixir. A manifestación do día 1 de decembro, a dos paraugas, denominada con acerto "marea de dignidade", non nos conferiu máis dignidade da que xa tiñamos, porque a sociedade galega, no seu conxunto, era e é digna. O que permitiu foi que esa cualidade se manifestase e se expresase en toda a súa dimensión. Non eramos indignos antes do Prestige, tampouco somos más dignos hoxe que entón. Non saímos á rúa buscando

dignidade, senón que saímos porque a dignidade estaba en nós. Unha vez demostrado isto, que non foi un descubrimento, só facer perceptible algo preexistente, invocar dignidade a cada nova convocatoria relativizaba o seu valor, facéndoa caducar, dándolle un prazo de prescrición, esixindo examinarmonos dela a cada pouco, validar e revisar a nosa condición de dignos, como se valida un permiso ou como se revisa un coche na ITV. Tamén diso e da burocracia de Nunca Máis tiñamos falado entre nós.

Nunca Máis foi vítima dos que quixeron posuña e dos que quixeron obviala e, se cadra, o único que valorou a Nunca Máis na súa dimensión, foi o Partido Popular, velaí a contundencia do seu contraataque político, Plan Galicia incluído, que non tivo resposta axeitada por parte das restantes organizacións e cando a tivo, foi politicamente insuficiente, maiormente ambigua e sempre contraditoria.

Aínda que o patrimonio político que aportou Nunca Máis foi en boa parte derramado, non temos sensación de derrota. Hoxe sabemos que non todo é imposible, comprobamos a nosa forza, aprendemos que somos quen de lle cambiar o paso ao poder. Nunca Máis marcou un fito que aínda non tivo expresión nas urnas, xa que non era esa a súa función, pero a esas dúas palabras e á súa semente, correspónelles unha parte do futuro.





DA PAISAXE COMO ESCENARIO Á PAISAXE COMO RECURSO

Augusto Pérez Alberti

Ao meu modo de ver, hai dúas maneiras, polo menos, de analizar unha paisaxe. Unha, fixándonos nas súas características perceptivas como a cor, a textura, ou as liñas; outra, analizando a súa dinámica, coñecendo a súa historia. No primeiro caso o importante é o que se ve; no segundo o que se pode interpretar a partir do que se ve. A miñ, sinceramente, gústame moito máis interpretar que describir, aínda que nunca se pode pasar a fase da interpretación sen antes ollar e describir.

Cando analizamos as paisaxes galegas o primeiro que chama a atención é a variedade e a riqueza de matices. Aínda que se fala por activa e por pasiva da paisaxe galega, en singular, é ben certo que o que dominan son as paisaxes en plural. Basta facer unha viaxe dende a costa ata o interior, dende Fisterra, por pór un lugar mítico, ata Trevinca, para decatarmonos da variedade de paisaxes. Dende as portas da Costa da Morte, na que dominan os granitos nas ladeiras mesturado co toxo e unha liña de costa recortada ata os cumes más altos de Galicia, marcados polas rochas xistosas sobresaíndo entre queirugas, carpazas e carqueixas deixamos polo medio multitude de lugares dunha riqueza realmente increíble como poden ser os vales do Sil ou do Bibe.

Ante iso é necesario facérmonos varias preguntas. Unha primeira, cales son os elementos e os factores que interveñen na construcción das paisaxes? Unha segunda, como evolucionaron as paisaxes en Galicia ao longo do tempo? E, unha terceira, como valorar as paisaxes e, consecuentemente, como protexelas?

O estrutural e o textural nas paisaxes de Galicia

Cando analizamos as paisaxes de Galicia podemos comprobar como na súa xénese interviven factores moi diversos. Por unha banda aqueles que construíron o substrato da paisaxe, os seus trazos estruturais; por outra, os que determinaron as súas características texturais. No primeiro caso achamos a rocha ou o clima que cambian en períodos de tempo moi longos, por outro, as formacións vexetais, os cultivos ou os elementos construídos polos seres humanos, caso das vivendas, as rúas, os encoros, ou os portos.

En calquera paisaxe existe sempre un control estrutural e litolóxico. Así cando ollamos as paisaxes de Arousa dende a Curota comprobamos que os contrastes entre as chairas que bordean a Serra da Barbanza e a propia serra son o froito dunha dinámica tectónica antiga que trouxo consigo erguementos –Barbanza- e afundimentos do terreo -Arousa-. Pero cando nos asomamos ao Pindo, á Peña Corneira ou aos montes de Traba, decatámonos de como as paisaxes están marcadas polas formas de exhumación granítica que se foron modelando ao longo de millóns de anos. Isto amosa con clareza non só o papel dos controis anteriormente citados senón tamén a importancia das herdanças na dinámica evolutiva das paisaxes.

Pola contra, ao camiñar pola costa de Galicia ollamos paisaxes en que abundan as masas de eucalipto que se plantaron non hai máis de vinte e cinco ou trinta anos e que, como unha praga –así o sinto– van ocupando todos e cada un dos recunchos. E que dicir dos novos parques eólicos que –outra praga cando non se planifica a súa instalación, cousa que sucede en Galicia– están transformando de xeito irreversible moitos lugares.

Temos, pois, como dese xogo dialéctico entre uns factores e outros fóreronse construíndo as paisaxes de Galicia ao longo do tempo. Por iso é, ao meu entender, de suma importancia coñecer factores e dinámicas evolutivas antes de pór en marcha calquera tipo de actuación sobre o territorio. Facelo –cousa que sucede nos últimos anos– trouxo consigo a destrución de lugares singulares de enorme valor entre os que eu destacaría, por vía de exemplo, as serras do Xistral ou da Capelada.

A construcción/a destrución das paisaxes en Galicia

Parece evidente que os contrastes existentes dentro de Galicia son froito dunha complexa dinámica multicausal na que a acción humana foi fundamental. Os cambios na economía, os procesos de industrialización, o aumento dos servizos trouxeron consigo unha progresiva mais desigual transformación do territorio. Nas áreas más afastadas, nas serras do interior, en certos lugares da costa, as modificacións reducíronse, na maior parte dos casos, a renovación das vivendas –non sempre axeitada-, na procura da mellora da calidade de vida dos seus habitantes más que nas transformacións agrarias. Así en amplas áreas de Galicia, tanto da costa como do interior, o abandono dos campos de cultivo é unha realidade. Unha parte importante da poboación vive máis dos subsidios de vellez ou da chegada de diñeiro exterior que do propio crecemento endóxeno. As aldeas perden poboación, as cidades medran, os ríos estánse por mor da construcción de encoros, a costa humanizase, gáñaselle terra o mar, fanse paseos marítimos, modifícanse as praias, constrúense parques eólicos, ábrense novas explotacións mineiras, créanse parques industriais... e, para permitir as comunicacións entre as diferentes cidades e vilas, mellóranse ou constrúense novas vías de comunicación cando non pistas que se perden en medio do monte. Os cambios nas paisaxes son cada vez maiores. Basta coller as fotografías aéreas de 1956 e comparalas coas actuais para decatámonos de como variaron as diferentes unidades da paisaxe.



Así pois, a medida que se foron producindo cambios tanto a nivel económico como social, que se modificaron os hábitos de vida, que as actividades de ocio pasaron de ser algo puntual a algo moi máis xeneralizado, as transformacións que se produciron a nivel do territorio foron maiores. A potencialidade agronómica, as variables físicas, que foron durante séculos os elementos determinantes da construcción das paisaxes perderon forza nalgúns casos ánda que a gañaron noutros. Se as praias eran, nun sistema tradicional, o lugar de recollida de cunchas ou de algas para empregalas como esterco, na actualidade pasaron a ser recursos de primeira orde dado o crecemento das actividades de ocio. Iso supuxo a intensa transformación da franxa litoral, a construcción de casas unifamiliares, bloques de apartamentos, estradas, hoteis, restaurantes... o que levou aparellado novos procesos de reestruturación do espazo: estradas, aparcadoiros, paseos marítimos... e, consecuentemente, a destrución dos complexos dunares, da estabilidade dos complexos areosos que, a súa vez, propoñen problemas de degradación –pensemos na paulatina desaparición dos areais– que obrigan a obras de rexeneración o que supón importantes contribucións de diñeiro público.

E se nunha sociedade tradicional a potencialidade do solo, as condicións climáticas ou a accesibilidade aos recursos pesqueiros eran esenciais á hora de estruturar o territorio e, consecuentemente, as paisaxes, na sociedade actual, cando existen actividades distintas, moi máis diferenciadas, o fundamental é o valor de cambio da terra e a accesibilidade a ela. Deste xeito as infraestruturas pasaron a ser factores esenciais de relación intra e extraterritorial. Así moitas pistas, construídas coa concentración parcelaria para o paso de aparellos agrícolas, convertéronse en lugares abertos para a construcción de vivendas; as estradas erguidas para comunicar lugares pasaron a ser rúas á beira das que se constrúen vivendas. A distancia, elemento sempre presente nunha sociedade tradicional, deixoulle paso ao tempo, nas sociedades modernas. Iso explica a construcción de urbanizacións nas saídas da Autopista do

Atlántico e, con seguridade, nun futuro non moi afastado, nas das novas autovías.

As paisaxes galegas fóreronse construíndo/destruíndo ao longo dos séculos. A destrución dunha paisaxe deu lugar a outra e esta a outra diferente. Por iso convive no territorio galego tan ampla gama de paisaxes con rasgos evolutivos diferentes. Hainas, escasas, estabilizadas no pasado. É o caso das paisaxes das serras orientais en que os cambios foron de menor importancia que na costa. O que non quere dicir que non se produisen cambios. Os antigos campos de centeo deixaron o seu lugar a campos abandonados en que dominan as xestas ou os carballos. O entramado parcelario perdeuse en parte ou quedou atrapado polo crecemento da vexetación e os vellos camiños de carro e as corredoiras ou convertérónse en pistas que en ocasión rematan nunha árbore ou esmorecen no medio das silveiras. Ou sexa que cambios houbo. Non os mesmos que se ven nas áreas de concentración parcelaria do centro de Galicia, nas terras da Ulloa ou do Deza nin os máis intensos que se produciron na costa.

As paisaxes como recurso

Malia os profundos cambios que se deron nas paisaxes de Galicia, malia a destrución de moitas delas para sempre, aínda quedan lugares de enorme interese. En moitos lugares das serras orientais aínda quedan espazos dunha enorme fermosura. Outro tanto sucede nos vales do Miño, do Sil ou da costa. Moitas están profundamente ameazadas por canteiras, parques eólicos, plantacións indiscriminadas.. mais aínda se poden protexer se se quere.


Dende hai anos veño demandando dende diferentes foros –último na Semana de Filosofía de Pontevedra deste ano 2005– a necesidade de protexer as paisaxes mediante unha Lei de conservación da paisaxe. Considero que as paisaxes son un patrimonio cultural que é necesario conservar e defender. Iso non quere dicir que se prohíba calquera tipo de actividade. Non se trata diso. As paisaxes teñen o valor que teñen grazas á actividade humana ao longo dos séculos. Tratase, porén, de regular, de planificar o uso do territorio. Iso supón deixar claro que é o que se pode e non se pode facer e onde se pode e onde non se pode facer. É evidente que non se pode abrir unha canteira en calquera lugar sen un proxecto de recuperación de vertedoiros; é evidente que non se pode construír unha minicentral nun lugar de interese, por exemplo alí onde un río forma unha fervenza. É evidente que non se pode montar un

parque eólico nunha paisaxe singular nin unha piscifactoría a carón dunha paisaxe excepcional, como sucedeu no Cabo Vilán.

É necesario defender a biodiversidade, máis tamén a xeodiversidade, a morfodiversidade e a paisaxe. Eu non me cango de repetir que, por exemplo, os cerrados dos eidos, as seves, os muros de pedra miúda ou de laxas, os socalcos ou o sistema tradicional de camiños teñen un enorme valor non só paisaxístico senón tamén patrimonial e etnográfico. Hai que elaborar propostas que permitan o uso sostible da terra combinando as demandas cidadás coa valoración, coa conservación e coa protección das paisaxes. Perdelas, non nos esquezamos, e perder unha parte importante do patrimonio de Galicia.



Arrabaldo, 6 de xullo de 2005



Medio ambiente, cultura e accesibilidade: facilitar o aproveitamento ás persoas con discapacidades



Aínda que o acceso ao medio é un derecho básico e que está recoñecido por leis nacionais e internacionais, ata o momento nin sequera os países más ricos lograron garantilo. As consecuencias desta realidade afectan ao desenvolvemento persoal ao limitaren as posibilidades de coñecemento, e á participación ao dificultaren o acceso a situacións habituais nunha comunidade, de xeito que se converte nun déficit social difficilmente xustificable. Por isto, reivindícase cada vez con máis forza, xunto ás reformas legais, un cambio de mentalidade que desprazar a énfase da discapacidade ás moitas capacidades dispoñibles en calquera ser humano.

Este cambio cobra especial relevancia nos espazos patrimoniais onde, a través do contacto directo con elementos do noso contorno –natural ou construído-, podemos satisfacer unha das necesidades básicas da especie: coñecermos o noso

Luísa María Gómez

Directora de Siente, cultura accesible

mundo. A pesar disto, aínda é fácil atoparmos museos, salas de exposicións, espazos naturais e, tamén, centros de interpretación con deseños non inclusivos que impiden a moitos colectivos gozaren da súa oferta. Neles, nin sequera unha gran motivación –a miúdo minada por múltiplas experiencias frustrantes– logra salvar as barreiras que se establecen entre os contidos e o público con discapacidade.

Estas barreiras dificultan a accesibilidade física, sensorial ou cognitiva, de xeito que impiden a aproximación aos espazos ou ás pezas, á comprensión do seu sentido ou ambos os dous aspectos. Cando sucede, as diferenzas individuais cárGANSE de connotacións negativas, o público con discapacidade afronta a aventura do coñecemento sen as axudas que favorecen unha experiencia eficaz, confortable e autónoma, e as persoas que xestionan o patrimonio eluden un compromiso ético esencial: poñelo ao alcance de toda a sociedade.

chaves

Paradigma da diferenza – Príncipio de normalización

É nos anos posteriores ás guerras mundiais cando se comeza a creer na capacidade de participación sociocultural das persoas que teñen capacidades diferentes ás da mayoría. Mais as primeiras actuacións baseáronse no *paradigma da diferenza*: as persoas con discapacidade son persoas diferentes a que hai que atender de modo diferente. De acordo con esta filosofía, as actividades eran específicas e ben diferenciadas das do resto do público.

No entanto, nos últimos anos, esta lóxica vai perdendo terreo a favor do *príncipio de normalización*, segundo o cal a sociedade é unha realidade múltipla e diversa, que aparece por infinitas variantes persoais que, xuntas, se enriquecen entre si. Xa non hai persoas diferentes, todas e todos o somos. As persoas con discapacidade son persoas normais que queren facer cousas normais (King, 1996).

Agora o obxectivo non é unha oferta alternativa para as persoas que non poidan acceder á oferta xeral, senón unha oferta inclusiva, capaz de se adaptar ás capacidades dun amplo abano de visitantes: persoas con discapacidades físicas, sensoriais ou intelectuais permanentes ou transitorias, persoas con medidas corporais que non encaixan con ese suposto patrón normal, persoas con poucos coñecementos básicos do tema de que se tratar persoas maiores, nenas e nenos... Así, elimínase o elemento diferenciador –público en xeral/persoas con discapacidade– e as diferentes realidades individuais, vistas como diferentes posibilidades de realización persoal, sitúanse en idéntico plano de importancia.

A condición básica para que un espazo natural ou cultural sexa accesible a toda a sociedade é a ausencia de barreiras que limiten as posibilidades individuais. Estas poden ser:

- Barreiras para a accesibilidade física
- Barreiras sensoriais
- Barreiras cognitivas
- Barreiras sociais

a) Barreiras para a accesibilidade física

Aínda que ao pensarmos nelas adoitamos imaxinar elementos que impiden o paso a algunas persoas, a súa definición é moito más ampla: unha barreira para a accesibilidade física é calquera elemento espacial que, por deficiencias formais, de localización ou de material, dificulta o uso seguro, confortable, eficaz e normalizado de sitios e de obxectos.

Por exemplo: escaleiras e ramplas con moita pendente, pavimentos escorregadizos, en mal estado ou con excrementos e mais tapas de rexistro non achaiadas, vidros non sinalizados ou mal sinalizados, portas estreitas, tiradores de difícil agarre ou manipulación; mobiliario con arestas e cantos non redondeados, mostradores, perchas, teléfonos etc. que están a moita altura, toldos e outros elementos colgantes por baixo dos 2,20 m, iluminación escasa ou cegadora...



Fotografía de Araceli Serantes

b) Barreiras sensoriais

Son características do medio que dificultan a percepción. Aparecen nos seguintes casos:

Non se previu ningunha das tres canles perceptivas -vista, tacto, oído- que nos permiten comunicarnos. Por exemplo, cando faltan textos en braille, imaxes en relevo, intérpretes de signos ou cando os avisos sonoros non aparecen tamén nos paneis visuais etc.

A mensaxe presenta deficiencias formais, de tamaño ou de intensidade, ou de contraste, que impiden ou limitan a súa percepción: imaxes e textos diminutos, escritos con tipos pouco flexibles ou que apenas resaltan sobre o fondo, comunicacións que non se entenden polo ruido ambiente ou pola reverberación da sala etc.

c) Barreiras cognitivas

Son deficiencias na construcción da mensaxe que entorpecen a súa comprensión. Neste caso, o código percíbese, mais a mensaxe non se entende ou esixe un grande esforzo cognitivo. Aparecen cando o deseño da información non respecta as condicións de recollida e de asimilación de datos do ser humano.

Por exemplo, sabemos que é imposible aprendermos novos coñecementos se non se apoian nouros xa asimilados ou se non se dan as condicións que nos permiten relationalos con eles, que se entenden mellor as palabras máis familiares e as frases más curtas, os termos técnicos necesitan explicación, lémbranse menos as palabras colocadas ao final da frase etc. Todo isto referente á linguaxe verbal. O mesmo ocorre coas imaxes.

As barreiras cognitivas poden afectar ao seguinte:

Datos instrumentais, é dicir, os que hai que coñecer sobre a mecánica da actividade para desenvolverse eficazmente nela.

Datos espaciais: como é este sitio e como se chega -e identifical- cada unha das súas partes.

Datos conceptuais: que hai aquí, cal é o seu valor, por que isto é importante, por que se considera belo e, sobre todo, que ten que ver comigo...

Son barreiras cognitivas a falta de información sobre horarios, normas etc., a ausencia -ou mal deseño- de planos e de sinalización, a organización incoherente de pezas ou de datos, as contradicións entre diferentes mediadores, as mensaxes pouco precisas, a información pobre, excesiva ou que non diferencia niveis, os enunciados -verbais ou icónicos- que ignoran as especificidades cognitivas de cada tipo de discapacidade ou, dito doutro modo, as particularidades da aprendizaxe por diferentes vías para unha persoa con cegueira, xordeira, discapacidade intelectual etc.

A pesar da súa transcendencia, estas barreiras apenas se teñen en conta e adoitan enmascararse con explicacións pouco realistas que trasladan a responsabilidade da comunicación ao público e teñen un efecto moi desmotivador. Ás veces, cando visitamos un espazo patrimonial, non comprendemos que non captamos a súa mensaxe -como ao valorarmos unha pintura figurativa en función do seu parecido coa realidade-; outras, somos conscientes mais, en vez de procurarmos a explicación nun feito externo -mal deseño da mensaxe-, consideramos que as nosas capacidades persoais non bastan para o entender.

Tanto as barreiras sensoriais como as cognitivas interfieren na comunicación.

d) Barreiras sociais

Están na base de todas as anteriores. Prodúcense cando, de modo más ou menos sutil e sendo ou non conscientes disto, excluímos as persoas con discapacidade do público obxectivo da actividade. Por exemplo, as entradas accesibles que parecen secundarias, aseos para homes, mulleres e persoas con discapacidade, a insistencia benintencionada do persoal en ofrecer axudas que a persoa non precisa, o uso dunha linguaxe discriminatoria -diminuídos, minusválidos, deficientes...-, folletos con fotos de visitantes... só sen discapacidade, a oferta de actividades accesibles, mais diferenciadas das do público en xeral -que, ademais, son una disxuntiva para as persoas que os acompañaren- etc.

Proxectos de inclusión

O feito de que as persoas con discapacidade teñan as mesmas oportunidades de coñecemento e aproveitamento nos espazos naturais e culturais que o resto de visitantes depende do desenvolvemento de proxectos de inclusión que, ao eliminar impedimentos e potenciar posibilidades, optimicen o acceso de todas e todos aos elementos do espazo físico e aos contidos.

É dicir, mentres en ámbitos que poderíamos chamar funcionais -rúas, tendas, hospitais- o esencial é resolvermos a comprensión e o uso eficaz do espazo e dos seus elementos -ou, dito doutro modo, da realidade evidente, a que percibimos cos nosos sentidos- nos espazos patrimoniais, ademais, hai que transmitir conceptos de diferente índole, que se interrelacionen e se sitúen a varios niveis de abstracción -ás veces, moi altos-, de modo que poidan entendelos, co menor esforzo posible, as persoas con dificultades en diferentes áreas.

a) A accesibilidade física

Comeza co deseño de esquemas de circulación e zonificación coherentes, que facilitan os seguintes aspectos:

- A mobilidade independente.
- Acceso físico a cada elemento.

- A orientación espacial.
- A comprensión da mensaxe expositiva.

Cando, como pasa con frecuencia en espazos históricos e naturais, non for posible nin eliminar nin salvar con axudas técnicas as barreiras que limitaren o acceso físico, debemos compensalas con materiais que permitiren entender o elemento a que non se pode chegar: réplicas, maquetas, ilustracións, textos...

En canto aos elementos espaciais, todos deben respectar os sete principios do Deseño Universal:

1. *Uso equiparable.* Ademais de seren atractivos para persoas con e sen discapacidade, teñen que proporcionar formas de utilización idénticas ou equivalentes a calquera visitante, de xeito que eviten segregar parte do público.



2. *Uso flexible*, acomodable a un amplio rango de preferencias e de habilidades individuais. Deben facilitar a exactitude e mais a precisión e adaptárense ao paso ou ao ritmo de quen os utilizar.
3. *Uso simple e intuitivo*, sen complexidade innecesaria. Debe ser consistente coas expectativas e a intuición de quen o usar, acomodarse a un amplio rango de alfabetización e mais habilidades lingüísticas e dispensar a información de modo coherente coa súa importancia, mediante sistemas de comunicación eficientes.
4. *Información perceptible.* O deseño de calquera elemento debe comunicar con eficacia os datos necesarios para o seu manexo, que atenda ás condicións ambientais e presente a

información esencial de modo gráfico, sonoro e táctil. Ten que ser compatible cos dispositivos que utilizan as persoas con discapacidade sensorial.

5. *Tolerancia ao erro.* Os riscos e as consecuencias negativas de erros ou de accidentes deben ser mínimos e advertírse con eficacia.
6. *Pouco esforzo físico.* O uso dos elementos debe ser eficaz e confortable, de xeito que rendibilicen as forzas necesarias. Deben permitir unha posición corporal neutra, e minimizar as accións repetitivas e o esforzo físico continuado.
7. *Tamaño e espazo necesarios.* O seu emprego ten que ser posible e confortable para diferentes tamaños corporais, posturas, niveis de mobilidade e usos de axudas técnicas ou de asistencia persoal.

Todo isto respectando a necesidade, fundamental en moitos espazos patrimoniais, de preservar sen modificacións a colección ou o medio.

b) A accesibilidade conceptual

Implica a ausencia de barreiras para a comunicación e pasa por un tratamento global dos datos que atender tanto á selección e localización dos elementos que se espoñen como aos mediadores que axudarán a entender o seu sentido. É necesario:

Seleccionar os datos imprescindibles: instrumentais, espaciais e conceptuais. Unha selección axustada facilita a visita de todo o público e minimiza a sobrecarga da memoria a curto prazo que trae consigo a cegueira, ao obrigar a lembrar os moitos datos sempre dispoñibles para as persoas que ven.

Estruturar as ideas: como separalas, en que orde ofrecelas e como establecer –de modo explícito ou non– as interrelacións que deben darles coherencia. Este punto, xunto co anterior, é elemental para minorar o impacto das variadas consecuencias da discapacidade intelectual: unha reducida capacidade de concentración, de coordinación e de memorización e as dificultades de situación espazo-temporal e de comunicación.

Determinar o código máis axeitado para transmitir cada tipo de datos: textos, debuxos, maquetas, vídeo...

Preciar as canles perceptivas que se utilizarán en cada caso, sabendo que toda a información debe estar dispoñible para máis dunha e, os datos fundamentais, para os tres. Ademais, hai que considerar as especificidades de comprensión de certos conceptos das persoas con cegueira ou xordeira, quer por tratárense de conceptos de carácter sensorial –como moitos dos relacionados coa arte–, quer por unha falta de aprendizaxe con referentes reais que dificultan o establecemento de relacións código-referente.

E, por último, dar forma –redactar textos, crear imaxes, deseñar paneis...–, tendo en conta as pautas que fundamentan tanto a lexibilidade –ou facilidade con que pode percibirse a mensaxe– como a lecturabilidade –ou facilidade con que pode entenderse o seu sentido–.

Todo isto por medio do establecemento de relacións coherentes e explícitas entre espazos, mediadores e contidos. Trátase, en resumo, de realizar un esforzo de comunicación global, non excluínte, capaz de resolver os desaxustes que poidan producirse, e que xeneralice unha experiencia autónoma, activa e centrada na percepción individual. Ou, dito doutro modo, trátase de axeitar a oferta á persoa e non a persoa á oferta.

Agora ben, se resolvemos optimamente cada un dos aspectos que fomos repasando, todo será accesible para todas as persoas? A pregunta ten unha dupla vertente. Se falamos de acceso físico, a resposta é non: en espazos patrimoniais prevalecen criterios de conservación e, en moitos sitios, haberá limitacións obxectivas que impidan, por exemplo, que unha cadeira de rodas entre nunha fortaleza. Agora ben, si será posible garantir o acceso conceptual, de maneira que as persoas con discapacidade poidan entender o seu valor o máis preto posible dos orixinais e de acordo coas súas propias capacidades persoais.

Proxectos de inclusión, para quen?

Aínda que conceptos como accesibilidade e inclusión naceron para responder ás necesidades das persoas que, por diferentes causas, non podían acceder ao aproveitamento dalgúns dereitos que o resto das persoas dispoña, na actualidade os proxectos de inclusión en espazos patrimoniais, ademais de crearen puntos de encontro en igualdade e normalizaren a coexistencia de públicos diversos, melloran as visitas de todas as persoas polos seguintes motivos:

Diminúen os accidentes e o cansazo.

Rendibilizan o esforzo cognitivo: aprendemos máis cousas e entendémolas e mais lembrámolas mellor.

Permítennos entrar en contacto con linguaxes diferentes e gozarmos de sentidos case esquecidos na nosa cultura, fonte de aprendizaxe e de pracer.

Sentímonos competentes e protagonistas da actividade e tendemos a establecer lazos afectivos con ela.

Seu carácter lúdico e distendido favorece novas visitas, ao mesmo ou a outros espazos patrimoniais.

Ofrécennos a oportunidade de compartirmos tempos e espazos con persoas diferentes. E isto axuda a adquirirmos unha visión da sociedade máis real, afastada de estereotipos que nos adxudican roles en función das nosas capacidades persoais.

Por iso, ao falarmos de proxectos de inclusión, non nos referimos a proxectos para persoas con discapacidade; falamos dunha oferta que permitir, a calquera visitante, acceder á actividade en condicións favorables de seguridade, confort e, fundamental en espazos patrimoniais, eficacia. É dicir, falamos de abrir o patrimonio a todas e a todos.



Bibliografía

KING, S. P. (1996): "El impacto de la tecnología en el acceso a la información y la cultura: la perspectiva del RNIB", en *Actas del Congreso Estatal sobre Prestación de Servicios para Personas Ciegas y Deficientes Visuales: Madrid, setiembre de 1994*, Vol. I, ONCE, pp. 137-144.





Fernanda Castro Coba
nanicastro@mundo-r.com



O Comité local é un sistema complexo de relacións e intercambio. Aínda así, a descentralización para o desenvolvemento local, a creación de recursos a nivel local, a través de alianzas entre as capacidades humanas e os investimentos en recursos físicos, materiais e financeiros, maior planeamento, maior eficiencia e coñecemento do problema o partir dos intereses das persoas interesadas, mellor coordinación entre institucións públicas, mellor colaboración entre institucións e autoridades locais, mellor toma de decisións. Equidade e maiores beneficios para as persoas de escasos recursos e tipos mártin. Por exemplo, maior compromiso das persoas interessadas das capacidades das autoridades como consecuencia do seu envolvemento nos procesos de desenvolvemento local sustentable.

A Participación Social: chave para a sustentabilidade local

Joaquim Ramos Pinto

j.pinto@aspea.org
Associação Portuguesa de Educação Ambiental

Hai xa 13 anos da realización da Conferencia das Nacións Unidas sobre Ambiente e Desenvolvemento de 1992. Alí estiveron presentes 176 países e 102 xefes de Estado e Goberno, e allí foron aprobados 5 documentos oficiais, entre eles e por unanimidade, a Declaración de Río sobre Ambiente e Desenvolvemento e a Axenda21, que tentan establecer os principios dun desenvolvemento sustentable. Nestes

documentos atribúese un importante papel ás comunidades locais e recomenda aos países o impulso de políticas e de medidas de apoio das súas iniciativas para ir ao encontro dos retos socio-ambientais do século XXI. Os prazos fixados para concretar as accións de Río xa foron superados. Porén, moitos municipios en todo o mundo están a dar áinda hoxe os primeiros pasos na adopción dunha Axenda21 Local.

O ano 2004 marcou unha fase importante no reforzo do papel da iniciativa local no avance cara á sustentabilidade. Dous acontecementos de relevo mundial abriron un espazo inédito para o diálogo sobre o papel que as entidades locais deben desempeñar diante dos desafíos da globalización, tanto a nivel nacional como internacional: en febreiro de 2004, a Comisión Mundial sobre a Dimensión Social da Globalización, que creou a Organización Internacional do Traballo, presentou o informe titulado *Por unha globalización xusta: crear oportunidades para todos*. É a primeira vez que unha axencia da ONU propón abordar a dimensión social da globalización de forma sistemática, ao salientar o papel chave do "nível local" para acadar unha globalización más xusta e que xere oportunidades para todos; e, en maio de 2004, foi constituída a nova Organización Mundial de Cidades e Gobernos Locais Unidos.

Con todo, a economía continúa en proceso acelerado e caótico de globalización e ningunha das institucións mundiais vixentes exerce unha vixilancia democrática axeitada sobre os mercados mundiais, nin consegue corrixir as desigualdades acrecentadas entre os países. A riqueza multipícase en termos globais, máis tamén o fai a pobreza. Neste escenario, a exclusión económica e social e a marxinación na toma de decisións de importantes sectores da poboación son unha realidade que non se minimiza.

Os actores locais como base do governo sustentable

Para que a base local poida, realmente, contribuír ao desenvolvemento local sustentable, de acordo con Vidal (2005) é preciso, en primeiro lugar, mudar a forma de pensar para definir en novos termos o papel do espazo local e dos instrumentos de xestión nas rexións e entidades municipais. Se tomarmos como referencia os intereses políticos, económicos, sociais, ambientais e culturais dos entes locais será preciso considerar algúns principios básicos par a acción:

- O ámbito local é un sistema complexo de relacións e intercambios.
- A forma de governo actual e futura debe asentarse a partir das políticas de base territorial.
- A descentralización, para que sexa eficaz, debe pasar por potenciar as capacidades endóxenas da poboación e pola creación de recursos a nivel local.
- A mellora da calidade de vida presupón a colaboración e coordinación entre institucións públicas, entidades privadas e a sociedade civil, a través de alianzas estratégicas.

- O goberno nun mundo globalizado debe basearse en valores compartidos a nivel internacional e defendidos a nivel local.

Para que o papel dos actores locais sexa relevante como base dunha xestión sustentable, ten que apoiarse na vontade política das autoridades locais e dos técnicos municipais para assumir un rol de facilitadores, de maior responsabilidade na mobilización da súa comunidade de referencia para participar nos asuntos de interese común locais e globais. Infelizmente, certas reminiscencias autoritarias e unha cultura da pasividade que alimenta a distancia entre a "clase política" e a sociedade nunhas democracias representativas anquilosadas, son obstáculos difíciles de superar na procura da acción colectiva e a cooperación como fundamentos do desenvolvemento local.

O desenvolvemento local non pode ser eficaz se os intereses dos cidadáns non se integran nos procesos de decisión sobre as políticas locais relacionadas coa sustentabilidade. Esta premisa acentúase, en especial, cando os destinatarios das políticas son os actores locais mais vulnerables, socialmente desfavorecidos ou minoritarios, cujas opiniós e inquedanzas moitas veces son ignoradas polas autoridades locais. Esquécese, en moitos casos, que as diferentes asociacións, clubs, grupos de mozos, colectivos veciñais e outras agrupacións e individuos que articulan a sociedade civil forman a base social esencial para un desenvolvemento local sustentable. O fornecemento das prácticas de democracia participativa, co recoñecemento das organizacións de base e da súa capacidade de auto e inter-axuda eficaz, deben acompañar todo proceso da política e da xestión local.

Compromisos e responsabilidades sociais nos procesos participativos

A análise dalgúns estudos sobre a efectividade da participación, que levaron a cabo o Banco Inter-American de Desenvolvemento, mostra que os principios do desenvolvemento sustentable son tanto mais explícitos canto más se implican os actores-chave locais (persoas e entidades que teñen intereses lexítimos no desenvolvemento local) no planeamento e na execución dos proxectos. Esta apreciación é especialmente visible onde se require unha alteración fundamental no comportamento da comunidade para acadar os obxectivos previstos. Nestes casos, a participación alimenta un proceso que facilita o desenvolvemento local sustentable e a consolidación da democracia no mundo. Os beneficios da participación da sociedade civil comprenden:

- A afirmación do valor intrínseco da participación, e en especial, da dos grupos socialmente desfavorecidos, e o reforzo da lexitimidade dos procesos e dos resultados.

- O aumento do sentido de apropiación das persoas interesadas dos proxectos de desenvolvemento local, así como a súa disposición para compartir custos e conservaren os beneficios.
 - Mellor planeamento, maior eficiencia e coñecemento do problema a partir dos intereses e ideas do maior número das persoas interesadas.
 - Mellor conexión entre as capacidades humanas e os investimentos en recursos físicos, materiais e financeiros.
 - Maior transparencia, máis responsabilidade e funcionamiento más áxil das institucións.
 - Maior fluxo de información e de contribucións na toma de decisións.
 - Equidade e maiores beneficios para as persoas de escasos recursos e grupos marxinais.
 - Fornecemento das capacidades dos axentes como consecuencia do seu envolvemento nos procesos de desenvolvemento local sustentable.
- *Iniciativa social:* os cidadáns establecen as súas propias solucións para os problemas en vez de facelo os técnicos ou especialistas externos á comunidade, que o fan dunha forma descontextualizada. A interacción entre técnicos, xestores e cidadáns interesados permite crear condicións sociais e políticas para unha eficaz resolución dos problemas;
 - *Aprendizaxe social:* os cidadáns desenvolven competencias a partir da comprensión dos problemas e da súa participación na definición de propostas para a súa solución;
 - *Compromiso social:* as persoas haberán ter a oportunidade de se implicar e de se comprometeren nas accións colectivas, a través de ideas propias;
 - *Planificación sistemática:* esta debe ter en conta as realidades locais e responder ás necesidades da poboación. Os necesarios e permanentes reaxustes da planificación requiren o acompañamento e intervención dos cidadáns interesados.

No outro lado da balanza, pódense considerar como custos da non utilización dos métodos participativos, os seguintes:

- A falta de sentido de apropiación e, consecuentemente, de apoios individuais e colectivos para o uso máis eficaz dos servizos;
- A indiferenza e a dependencia ante servizos públicos en que os cidadáns posúen pouca ou ningunha voz no seu funcionamento;
- Malestar e resentimento cando os proxectos ou as políticas veñen impostas e limitan a creación de alternativas por parte dos actores locais.

En todo o proceso deste tipo, ademais dos beneficios e dos custos da participación, hai que ter en conta o planeamento e a metodoloxía participativa como estratexias más importantes, pois evidencia a diferenza con respecto aos enfoques más tradicionais que utilizan os especialistas. O planeamento participativo é indispensable para conseguir un compromiso político de fondo no ámbito da participación social. A opción por metodoloxías participativas debe dar lugar a revisións continuas coa finalidade de conseguir resultados duradeiros. De acordo co estudo xa citado do Banco Inter-American de Desenvolvemento, os elementos básicos de toda metodoloxía participativa poden organizarse en catro grandes bloques:

Participación social: un desafío a todos os actores sociais

Entender a participación como un proceso educativo obriga a traballar tanto para a construcción do proceso e para o logro de determinados fins. Mais que a imposición de leis, normativas ou comportamentos, é importante o establecemento de novas formas e redes de relación entre políticos, técnicos e cidadáns. O proceso participativo esixe a posta en práctica de relacións simétricas e horizontais entre os actores sociais e a consideración das súas percepcións, vivencias e representacións do mesmo proceso.

A promoción de estratexias locais de sustentabilidade implica a apertura de espazos de reflexión participada e a posta en marcha de procesos socio-ambientais emerxentes que mobilicen a participación da sociedade civil na toma de decisións a partir dunha visión holista e o máis complexa posible da realidade socio-ambiental.

A identificación dos problemas e das propostas de solución, xeradas en contextos dunha ampla participación, beneficianse con frecuencia de propostas innovadoras ideadas colectivamente. Para iso "é necesario que as persoas, os grupos e as organizacións participen nos procedementos de avaliación do impacto ambiental, coñezan o mecanismo de adopción de decisións e participen nel, sobre todo cando exista a posibilidade de que esas decisións afecten ás comunidades onde viven e

traballan." (capítulo 23 da Axenda 21). Segundo Bermejo e Nereira (1998), o concepto de participación pode ter diferentes significados de acordo co contexto e grupo social que o utiliza. Non é, por tanto, un concepto cunha lectura ideolóxica unánime. Como referencia, segundo estes mesmos autores, se poden considerar, polo menos, catro tipos de participación:

- A *participación testemuñal*: cando a autoridade asume lexitimamente a toma de decisións e os cadros técnicos fan unha xestión pasiva e as organizacións sociais teñen un papel subsidiario.
- A *participación instrumental*: cando o poder busca a eficiencia, os cadros técnicos fan algúns tipo de consulta ou promoción e a comunidade responden mais non intervén;
- A *participación transformadora ou sustentabilidade*: cando a parte política democratiza o proceso de toma de decisións, os cadros técnicos son dinámicos e intercambian información, e os cidadáns se implican e fan propostas.
- A *participación fai a sustentabilidade*: non debe ser considerada como un proxecto en que a comunidade local participa en programas impostos dende o exterior; polo contrario, a participación é un medio de promover a cohesión e a integración social, que responde ás necesidades e respecta as diferenzas existentes para unha efectiva transformación que conduza á sustentabilidade.

En síntese, a creación de redes no contexto local poderá beneficiar a aplicación dunha política social máis autónoma nunha perspectiva de "empowerment", en que o poder deixa de estar centralizado nun órgano representativo e se despraza á participación ou ao exercicio da cidadanía por parte dos suxeitos e da comunidade que envolve. Nesta perspectiva, a democracia participativa significa que non se poden descentralizar os servizos sen descentralizar a toma de decisións e total ou parcialmente a capacidade executiva. Iso é o que sucede, por exemplo, cando se aplican as dinámicas dos presupostos participativos. Desta apreciación resulta a necesidade de traballar coas persoas as capacidades de decidir e de executar.

Os procesos participativos nas estratexias locais de sustentabilidade: achegas dun estudo de caso

No ámbito dunha investigación recente, analizamos as percepcións e as representacións que teñen os actores políticos

locais con relación á política ambiental nun municipio situado no centro-oeste de Portugal, de 74.000 habitantes (2003).

Neste estudo considéranse, tamén, as relacións que se establecen entre os discursos, más ou menos pro-ambientais, e as prácticas na xestión municipal, así como as relacións entre os procesos de participación social e os produtos correspondentes na fase de diagnóstico dun Plano Municipal Ambiental para o Desenvolvemento Sustentable (PMADS).


Nunha aproximación interpretativa optamos por realizar entrevistas a políticos de distintos partidos con presenza na vida local e, recorrendo a unha táctica metodolóxica de triangulación, analizáronse, tamén, documentos oficiais de especial interese para completar o retrato dos procesos socio-políticos que teñen lugar na localidade que seleccionamos. A súa lectura cruzada procura o contraste dialéctico entre as perspectivas político-ideolóxicas ou persoais, as tendencias-contradiccions-excepcións, a representación dos conceptos e as categorías básicas, e a coherencia-incoherencia entre discursos e prácticas.

A xénese do PMADS, sobre o que xirou o estudo, a exemplo de moitos outros, é un resultado claro e palpable dun enfoque en que prima a perspectiva **técnico-política**. A "estratexia de participación social", si así pode chamarse, resultou un claro exemplo de "baixa" implicación cidadá. Segundo a escala proposta por Pretty (1995), pode considerarse como **"participación consultiva"**, un dos niveis máis baixos xa que non facilita calquera tipo de responsabilidade na toma de decisións por parte da comunidade local.

Este e outros estudos similares permítenos afirmar que todo proceso destinado a concibir a política ambiental municipal, dende un Plano Municipal Ambiental a unha Axenda 21 Local, debe conter unha estratexia de participación social explícita, entendida como un instrumento en que son definidas as relacións entre os diferentes actores e variables sociais, culturais e situacionais que será preciso axustar (véxase o esquema 1):

- Os factores condicionantes da participación: os niveis e as canles de participación pre-existentes, as técnicas e os instrumentos de participación, os intereses e as persoas interesadas, os espazos e os ambientes etc.
- As áreas relacionadas coa participación: o sistema e o clima democrático, as redes de comunicación, as redes sociais, a educación ambiental e o papel das escolas e doutros axentes educadores na comunidade local etc.
- Os dominios afectados pola participación: as políticas ambientais e o desenvolvemento sustentable.

Estratexias de Participación Social



No estudo xa comentado, as conclusóns provisionais inciden esencialmente nos *factores condicionantes* que posibilitaron concluír sobre a importancia da participación e dos procesos participativos no desenvolvemento local. Para que a participación social sexa unha chave para a sustentabilidade local deberán darse, polo menos, tres condicións necesarias: que os implicados (políticos, técnicos e cidadáns) **queiran, saíban e poidan**.

- O “querer” significa clarificar politicamente se é ou non de interese para o goberno municipal abrir as canles para a definición colectiva dunha estratexia local de sustentabilidade. É necesario clarificar se o municipio ten as condicións para avanzar cara a un proceso de participación democrática: a sociedade civil tamén ten que “querer” participar e iso non sempre se pode asegurar. Se non fose así, pódese crear un documento formalmente moi interesante, mais que non terá unha aplicación práctica coherente.

- O “saber” recoñece o necesario investimento na formación dos políticos, dos técnicos e dos cidadáns nas habilidades sociais, as estratexias e as técnicas de concertación e resolución de conflitos que demanda unha dinámica social participativa. Afírmase, cada vez máis, a necesidade de investir en programas de educación e dinamización socio-ambiental orientados a diferentes actores e colectivos sociais, como forma de crear as condicións –a participar apréndese– e motivar a participación –o “querer”– dos cidadáns nas políticas locais orientadas cada a sustentabilidade, deficitarias, polo xeral, dun enfoque socio-educativo.

- O “poder” require que os actores políticos deixen a retórica democrática e asuman a posta en marcha de iniciativas sociais e normativas que permitan e facilten a participación social más aló das modalidades más estendidas, limitadas a procedementos de información e consulta.

Concluíndo, podemos recoñecer que as estratexias locais de sustentabilidade e a participación dos cidadáns nos procesos de decisión destas son moi vulnerables por mudanzas nos órganos do poder local. Así, para que unha política de desenvolvemento local sustentable sexa estable e continuada terá que existir un acordo de compromiso que inclúa todos os sectores da política e da sociedade civil, o que apunta a necesidade de novas formas de governo no poder local. Débese camiñar para unha nova cultura de participación social en que a intervención dos cidadáns teña unha nova forma de estar, ligada a iniciativas de apoio á xestión e a toma de decisións, en vez de se centrar únicamente en fórmulas reivindicativas. Simetricamente, os grupos de políticos terán que integrar novos conceptos e prácticas na acción política local tendentes ao envolvemento directo dos cidadáns nos procesos de decisión, a través da promoción de diferentes técnicas, instrumentos e espazos de participación.

Neste sentido, as iniciativas ainda fracas e incipientes que se desenvolven polo xeral ao nivel dos procesos participativos nos municipios, deben contribuir a restablecer a credibilidade das institucións públicas e dos políticos, tendo en conta:

- O establecemento dunhas relacións institucionais fortes e permanentes entre os diferentes órganos do poder local (p.e.: entre concellarías ou entre servizos), que practicamente non existen ou son moi febles e superficiais.
- A apertura de canais fluídos e permanentes para facilitar a comunicación entre os responsables políticos municipais e a sociedade civil (foros, mesas de participación, comisións etc.).
- A información permanente e a motivación dos cidadáns para que se impliquen na toma de decisións.

Bibliografía

- Banco Interamericano de Desarrollo (2005): Libro de consulta sobre participación, en:
<http://www.iadb.org/exr/espanol/politicas/participa/indice.htm>
- Bermejo, R. e Nebreda, Á. (1998): "Conceptos e instrumentos para la sostenibilidad local", en Cuadernos Bakeaz, Bilbao, nº 26, pp. 1-17.
- Pretty, J. N. (1995): *Regeneration Agriculture*, London, Earthscan.
- VIDAL, A. (2005): "El espacio local, un elemento clave para una globalización más humana", en: @Global.Glob. nº 1, pp. 2-5.
http://learning.itclo.org/delnet/pg/frames/home/doc/revista/RevistaSP/@local_glo_b_sp.pdf

conversa con...



esquerda a dereita: Francisco Díaz-Fierros, Carlos Vales e José Antonio Caride

Texto e fotos Pablo Meira e Araceli Serantes

Francisco Díaz-Fierros, Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola na Universidade de Santiago de Compostela e Vicepresidente do Consello da Cultura Galega.

Carlos Vales, Biólogo e Director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, é membro fundador de ADEGA.

José Antonio Caride, Catedrático de Pedagogía Social na Universidade de Santiago de Compostela e Presidente da Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social.

Foi un xantar nas aforas de Santiago. A conversa fluíu, dende o principio, intelixente, animada, comprometida. Acordamos comezar a gravar na sobremesa, mais as opinións e os comentarios que ían xurdindo tentáronnos por varias veces a facelo deseguido. Máis dunha hora intensa de achegas e de matices que intentamos resumir nas seguintes páxinas, achegas e matices porque os tres convidados coincidían no fundamental: a sensación, aos escoitar, era a de estar diante dunha verdade.

Pregunta (P). Cando reflexionabamos sobre o binomio cultura-ambiente cuestionamos se pode haber unha "cultura ambiental" á marxe doutras formas culturais ou se, na realidade, todas as culturas conteñen unha determinada forma de representar e de concibir as relacións da comunidade humana que as desenvolve co seu contorno. Un contorno que, como sucede en Galiza, pode ser el mesmo un "produto cultural" máis que un "medio natural".



José Antonio Caride (JAC). Toda cultura ten uns sinais de identidade que hai que asentar nunha determinada concepción ambiental. As realidades simbólicas e materiais que configuran e que lle conceden a cada cultura un sentido diferencial e diferenciador teñen sempre un compoñente ambiental, que precisamos interpretar e valorar dende a perspectiva de cada suxeito e das súas comunidades. Construír unha cultura significa partir do saber e do coñecemento do ambiente, en que vai incluída a representación que se fai dos distintos elementos que o integran. De aí que, na medida en que se constrúen outras extensións da cultura, en tanto que cultura relixiosa, política, axiolóxica, pedagóxica... tamén podemos e mesmo necesitamos construír unha "cultura ambiental". As dúas perspectivas non son incompatibles, xa que hai procesos nos cales conflúen as dúas lecturas. Máis aínda: é preciso reivindicar a converxencia destas dúas dimensións da cultura, a que se prolonga no ambiente e a que se enraíza nel e o recrea permanentemente.

Francisco Díaz-Fierros (FDF). Eu creo que esta cuestión se pode entender mellor se falamos, máis que de cultura, de valores. Penso que, cando estamos a falar de "cultura ambiental", nos referimos a uns valores dalgunha maneira novos, que naceron arredor dos anos setenta ou oitenta, segundo os sitios. Eses valores non están moi ben definidos aínda, son algo distintos dos valores tradicionais de rendibilidade, de necesidades inmediatas, de ter cada vez máis. Cando foron razoablemente satisfeitos, posibilitaron que apareceran outros, que aínda se están a modificar. Nese sentido, cando se fala, por exemplo, de "economía tradicional", aténdese a valores de sustento

inmediato, de rendibilidade, de ter cada vez máis; pero cando falamos de "economía ambiental" abrimos outros campos que se refiren tamén a valores intanxibles. O fundamental é entender que hai uns valores novos. Os da miña xeración tivemos que convivir cos valores vellos e cos novos, e quizais por iso temos más marcada certa esquizofrenia diante da problemática ambiental: ata os anos sesenta tiñamos uns valores –que, se estabamos nunha certa militancia sociopolítica, xiraban arredor do subdesenvolvemento, como solucionar o problema da fame no mundo...–, despois, decatámonos de que hai outros intereses e outros valores que había que cadrar, e que ás veces... os camiños non eran coincidentes. Para nós foi un cambio que, moitas veces, non asumimos internamente. En troques, para a xeración dos meus fillos, este cambio xa non existiu ou, polo menos, xa non foi tan traumático, pois conviviron ou naceron cun conxunto de valores que estaban no seu contorno, que llos ensinaron na escola e dos que falaban acotío os xornais. Incluso creo que o concepto de paradigma de Kunh, do que se entende por "ciencia normal", case se podería aplicar a este tipo de cuestións sobre a evolución e a aceptación dos novos valores con relación ao medio ambiente.

Carlos Vales (CV). Eu engadiría dous aspectos que enlazan co que xa se comentou. O primeiro ten que ver con que, durante moito tempo, existiu a percepción do ambiente e do ser humano como cousas disociadas, ás veces incluso antagónicas. Por exemplo, durante moito tempo a percepción sobre a conservación da natureza limitábase a conservar os lugares prístinos, virxes, como exemplos dunha Terra sen influencia

humana. Hoxe sabemos que os sitios que se supoñen máis salvaxes tamén están influídos pola presenza antrópica: o ser humano era unha parte máis do funcionamento deses ecosistemas ánda que fora cunha incidencia menor da que podemos causar nas sociedades actuais, simplemente porque o tamaño da poboación e a sofisticación tecnolóxica eran menores. Pero ata nos lugares máis salvaxes e inhóspitos, o ser humano é un aproveitador de recursos e condiciona a dinámica das poboacións que existen alí, como no Polo Norte e en Groenlandia, onde a cultura Inuit cazaba, pescaba e condicionaba o seu contorno; ou sitios aparentemente virxes como o Masai-Mara e o Serengueti, que teñen paisaxes de sabana aberta porque os Masai queimaron o que na súa orixe foi unha sabana arborada. O ser humano está presente en case todos os ecosistemas da Biosfera e a súa relación co seu medio condiciona a súa cultura. Se iso é verdade como norma xeral, é particularmente verdade no caso galego, porque se algo singulariza a natureza galega é que non é natureza en sentido puro. A intensidade da relación home-natureza fai que todas as nosas paisaxes e os nosos ecosistemas sexan entendibles nese binomio: os bosques "autóctonos", ánda séndoo, nunca deixaron de estar explotados; as paisaxes abertas son creadas pola actividade agropecuaria humana; os prados son produto da eliminación das árbores para aproveitar o espazo para os cultivos; o mar está mariscado e pescado dende tempos inmemoriais; o que serían as paisaxes "naturais" emblemáticas, dende Os Ancares á Terra Cha, son paisaxes culturais. E todo iso está na cultura, dende o sentido mítico, incluso en mitoloxías recentes como pode ser *Retorno a Tagen-Ata* de Ferrín, a fraga como símbolo do máis virxinal, os poemas de Rosalía sobre o carballo, as cantigas mariñeiras etc. A interacción ser humano-ambiente é central na cultura, e no caso galego esa interacción é intensísima, común a outras culturas do sur de Europa, da cunca do Mediterráneo ou do Sueste Asiático.

O segundo aspecto é que a nosa percepción da importancia do medio ambiente cambiou radicalmente, como un síntoma das sociedades modernas. O ambientalismo ten antecedentes moi antigos (David Thoreau, Aldo Leopold, Walt Whitman, ou o naturalismo anglosaxón decimonónico), mais non será ata a década dos sesenta que teremos a percepción de que a acción humana supón este nivel de degradación sobre o ambiente: de ser considerado algo pouco importante pasamos a entender que as actuacións sobre el condicionan as nosas expectativas de futuro e a nosa calidade de vida. No momento actual, o ambiente é un tema chave. Non se lle dá relevancia *per se*, senón dende un punto de vista de puro egoísmo humano: unha

gran cantidade dos problemas más relevantes que existen no mundo actual son problemas ambientais xerados pola nosa actividade: o cambio climático, as mareas negras, o impacto das guerras co terrible poder armamentístico, as desigualdades sociais que provocan a destrucción de recursos e encadean más desgrazas humanas etc. O ambiente pasou a ser absolutamente prioritario na discusión das nosas propias necesidades humanas, e iso significa un cambio radical dende un punto de vista cultural na fixación de prioridades.

JAC. É un cambio de valores que está asociado a outros cambios acerca das realidades ambientais, como por exemplo os que nos permiten acrecentar o coñecemento que temos dos seus problemas ou entender que o ambiente non é só o que actúa como soporte da vida. Mais que iso, temos conciencia da súa fraxilidade e dos sinais de alarma que provoca a acción humana. A partir desta toma de conciencia créase cultura ambiental, activase o coñecemento dos problemas ambientais, froito de inquedanzas que aspiran a mudar a nosa relación co mundo que habitamos. Ao final, sucede que a cultura vese tamén como unha solución. Constitúe tamén un ámbito de experiencia e de iniciativa, en que é posible imaxinar, con maior ou con menor radicalidade, ás veces mesmo con bastante hipocrisia, cambios nos modos de vivir e de desenvolvernos económica e socialmente. Isto é apreciable tamén en Galiza, cando se contrastan os cambios deseables e os que realmente se producen: por exemplo, a inserción que existía do campesiñado e dos mariñeiros na súa paisaxe, hoxe está completamente alterada polos procesos de urbanización que se produciron. Estamos diante dunha mudanza que ten que ver cun cambio de valores externo, pero tamén coa percepción que imos elaborando do que significa o ambiente para as persoas.

FDF. En relación coa educación ambiental ou cunha cultura ambiental, é fundamental ter en conta dous compoñentes. Un é teórico, en que nos estamos movendo acotío e que, en xeral, é debedor de fontes alleas, inicialmente anglosaxonas. Aquí quero facer unha defensa sobre o que pode supoñer a nosa propia cultura teórica, de raíces galegas: estou a falar, por exemplo, dos galeguistas dos cincuenta e, concretamente, dun libro como *Paisaxe e cultura* –do que se cumpren 50 anos da súa publicación– que é unha obra preciosa, magnífica, que se debería ensinar nas escolas porque foi un adianto do que hoxe se entende como unha nova valoración do ambiente, da paisaxe, desa paisaxe humanizada que tiña Galiza, o que nos mostra que aquí xa tiñamos uns referentes teóricos importantes

sen ter que ir procuraos de fóra. Á parte deses referentes teóricos, propios ou alleos, tamén é moi importante ter unha experiencia directa, persoal ou colectiva, da fraxilidade e da problemática do ambiente. Rastrexei un pouco na bibliografía e creo que as primeiras experiencias en Galiza foron no ámbito pesqueiro, que estaban asociadas ás crises da sardiña, e que comenzaron a amosar que os recursos son esgotables, algo que a finais do século XIX ainda non se aceptaba con normalidade. A principios do século XX, coas crises más evidentes, os propios mariñeiros comenzaron a apreciar que había unha diminución ou unha desaparición dos recursos. Se pensamos na Educación Ambiental, para ir cara a un cambio de valores que funcionen, é coherente xuntar os dous compoñentes: a experiencia persoal ou directa (ou ensinada, porque ás veces non se aprecian os problemas se non se mostran) de que hai unha fraxilidade no contorno; e, despois, o discurso teórico que recupera o tratamento da paisaxe do galeguismo de posguerra e, incluso, de preguerra, como referenciais dunha cultura ambiental propia.

CV. Ao fío do que comentaba José Antonio, paréceme moi interesante o que é a relación cultura-ambiente, no sentido de que o ámbito cultural e a percepción do ambiente variaron e están variando radicalmente, en certa medida, sen que sexamos conscientes de ata que punto o están facendo. Nós estamos dando maior relevancia ao ambiente, pero non nos paramos a reflexionar que significa iso. Recordo ler algúns artigos dos antiecoloxistas co argumento de que a xente que defendía as ideas ecoloxistas quería devolvernos á idade das cavernas, de xeito que os trataban como se estivesen fóra da realidade, e as noticias sobre medio ambiente aparecían en seccións peculiares, do tipo das de "sociedade e cultura". No entanto, na actualidade, moitas das noticias están nas páxinas de actualidade e nas de política, nas seccións relevantes dos xornais. Por exemplo, o Mar Exeo non é unha noticia de páxinas de sociedade, o cambio climático non é unha cuestións accesoria porque nos estamos a xogar demasiado diñeiro, a Política Agraria Común ten moito que ver co medio ambiente, o mesmo que os conflitos como o de Iraq.

JAC. Áf hai tamén un cambio de perspectiva: as lecturas do ambiente que se fixeron ata os anos setenta tiñan que ver co pasado, co que se herdaba e coa súa conservación, cun certo retorno que era cuestionado, efectivamente, por aqueles que se manifestaban contra as lecturas do primeiro ecoloxismo, mentres que agora as chaves do ambiente teñen que ver co futuro. É nesa transición onde xorde a idea do desenvolvemento sustentable e a imaxe de que temos que pensar, nunha óptica moi vendible, naquilo que nos afecta como xeracións que

convivimos neste tempo, pero tamén naquilo que lles agarda ás xeracións do futuro. Cando se pensa nestas chaves entra en xogo a economía, a política, a tecnoloxía etc. e iso é o que chama a atención dos medios de comunicación. Unha nova conciencia é o obxectivo que en trinta ou corenta anos de historia da Educación Ambiental máis nos ten mobilizado para xerar novas canles de participación, novas actitudes, novos comportamentos... O interese mediático polo ambiente dos grandes medios de comunicación e de opinión obedece a como se constrúe o futuro nas chaves dun modelo de sociedade que non se cuestiona, firmemente asentado nuns estilos de producción, de distribución e de consumo dos cales esos medios son cómplices. Na miña opinión, moito do que ten que ver coa cultura ambiental que se xera hoxe en día pasa por aí.

FDF. Aconséllovos repasar as hemerotecas galegas dos anos 1972 e 1992, os anos do Cumio Ambiental de Estocolmo e do Cumio de Río de Xaneiro, respectivamente. Eu fixeno e é moi didáctico. No 1972, a maioria dos xornais galegos non falaban da conferencia, o único que escribiu algo foi *La Voz de Galicia*, mais non como noticia de primeira páxina. Presentaba a fotografía de López Rodó en bicicleta, unha simple anécdota, e despois unha viñeta de Perich debuxada coas chaves que naquel momento preocupaban: un individuo cun gorro de chofer que leva en bicicleta a un señor con chistera, que ía nun carriño en que se lia "presidente da comisión anticontaminación", de xeito que denunciaba así o elitismo que se lle atribuía aos que defendían o medio ambiente. E tamén un artigo, penso que de Caparrós ou de Chao, co argumento de que "non hai peor contaminación que a pobreza". É dicir, as chaves naquel momento en España eran más sociais que ecolóxicas. No ano 1992, cando tivo lugar o Cumio de Río, foi unha cousa absolutamente distinta. Ao fío do que comentaba José Antonio, lin hai pouco que na cuestión ambiental os tres axentes fundamentais que se deben ter en conta para explicar o seu rexurdir eran os movementos ecoloxistas, a ciencia e os medios de comunicación. Todo o cambio que houbo na cultura actual cara á cuestión ambiental explícase pola acción conjunta deses tres axentes.

P. Estades a apuntar que esa "nova cultura" ambiental está permeando a sociedade pero, en que medida pensades que está penetrando ou influíndo na "cultura común", na representación dos cidadáns da cuestión ambiental?

FDF. É tamén un problema que se pode ver dende o punto de vista das representacións sociais: a cuestión do medio ambiente e da súa degradación é tamén obxecto de representación social.

Esta situación de ameaza percíbese pero, ata que punto esta representación se interioriza?... Ái é onde está o cerne básico da educación ambiental: unha cuestión é a influencia mediática externa –só se valora o que aparece nos medios–, pero o importante é interiorizalo, é ái onde a Educación Ambiental ten moito que facer.

JAC. Pode que se incrementase significativamente a información ambiental e os medios foron a chave nese cambio cuantitativo. Pero que iso se traducise nunha formación ambiental é máis discutible. Incluso no colectivo de estudiantes universitarios detectamos que a súa concepción do ambiente é moi parcial, restritiva e limitada, moi vinculada aos ámbitos científicos e disciplinares nos cales se están formando. Que iso teña tradución nunha cultura ambiental e, a partir dela, nunhas representacións que poidan dar pé a un *habitus* ambiental suficientemente internalizado, é outra cousa. E que se perciba o nivel de coherencia que existe entre o que se pensa e o que se fai, entre o que se di e o que se practica, posiblemente sexa unha das contradicións coas que más convivimos no día a día.

CV. Outro aspecto pertinente é a enorme distancia entre a percepción dos problemas ambientais e a súa importancia real. Paul Erlich, nunha entrevista en que comentaba a súa biografía,


dicia que cando comezou a falar destas cousas e a facer activismo ambiental, ao dar un curso na Universidade de Stanford sobre a evolución humana, dedicaba as nove primeiras semanas a falar da evolución do ser humano dende o principio ata a época contemporánea e a última semana a explicar como, dende o presente, ía directamente ao inferno. É dicir, a degradación ambiental é moiísimo máis grave que a percepción que se ten dela. Outra cousa interesante é que isto pasa por altibaixos, e agora estamos nun momento malo, moi malo: os problemas ambientais foron a peor pero a percepción dos más relevantes foi a menos. Se no ano 1992, en Río de Xaneiro, o movemento ambientalista internacional foi moi duro coas conclusións que alí se acadaron, porque eran amplamente conservadoras e a situación esixía apostas más radicais, dez anos despois, en Johanesburgo, Kofi Anan di que os nosos avances foron más lentos incluso do que pensabamos e que nalgúns aspectos estamos incluso peor. Se a iso se lle suman Bush, a conversión da "loita contra o mal" e a "guerra contra o terrorismo", todos os problemas de pobreza, de esgotamento de recursos, de degradación da biodiversidade etc. desaparecen do núcleo de preocupacións das élites planetarias.

FDF. Eu daría un paso más: da información e da percepción habería que pasar ao compromiso. Para mi este é o paso más difícil e o menos valorado: a palabra compromiso non está de moda. Ao mellor habería que buscar outra más acorde cos



tempos que corren, mais o significado seguiría a ser o mesmo. Ese paso só se pode dar con actividades e con exemplos.

JAC. E ten unha dimensión de ética individual ou persoal. Nas dimensións que afectan á convivencia estamos a falar da ética pública, da que se proxecta na política e nas relacións que manteñen as persoas entre si e coas institucións. Un dos exemplos que máis ilustra a incoherencia ten que ver co feito de vivir nunha sociedade esencialmente consumista, en que o diñeiro se converte no principal facilitador dun modo de vida, de viaxar, incluso ás veces de aliviar a conciencia: compensar con diñeiro a degradación ambiental. Nesa liña sitúase a política ambiental "quen contamina paga", é dicir, podemos contaminar se pagamos para reparar gran parte do dano que significa esa mancha na conciencia. Se detrás desa toma de postura non hai unha ética asentada nuns valores de reconciliación co medio ambiente, que pasa tamén por unha reconciliación cos demais –vivimos nun mundo moi desigual einxusto–, difícilmente se vai producir esta interiorización. Estamos habituados a que estas prácticas se perpetúen na linguaxe e na acción política a través das accións que desenvolven os países más poderosos. É o caso dos Estados Unidos na postura que mantén respecto a determinados protocolos, ou as actuacións que desencadean as súas intervencións bélicas, xa que acaban arrasando todo aquilo que se tentou conseguir con programas de Educación para a Paz, de Educación Ambiental, de Educación para a Cooperación entre os Pobos etc. Frente a aquellas accións a ética é unha dimensión chave, que precisa traducirse en prácticas.



P. Un dos conceptos tópicos no discurso ambientalista contemporáneo é o de "desenvolvemento sustentable". Ata que punto é posible aspirar á sustentabilidade en sociedades de mercado que teñen como un dos seus principios o crecemento continuado?

FDF. Para mim, o valor máis claro da sustentabilidade é o do respecto ás xeracións futuras. A referencia xa non sería tanto ao medio ambiente como ás comunidades dos nosos fillos e dos nosos netos, ás que temos que transmitirles un medio ambiente no que poidan vivir a gusto. Iso é unha aproximación ética que exige e obriga a ter en conta o longo prazo, algo moi difícil de levar adiante hoxe que se traballa e se proxecta a curto prazo. Hai que ter en conta unhas comunidades que podemos personalizar nos nosos fillos e nos nosos netos, pero que son máis un proxecto que unha realidade, e iso supón incorporar compromisos cara ao futuro aos que, ata o de agora, non estabamos afeitos.

CV. O desenvolvemento sustentable, se o definimos con estas dúas palabras, é un concepto que máis que tentar reflectir o desexo dunha realidade mellor, oculta parte dos problemas polos que estamos onde estamos. Baséase nun concepto de desenvolvemento que se entende como desenvolvemento económico e que agacha unha contradición intrínseca: como pode haber un crecemento económico continuo nun planeta con recursos finitos? Outra debilidade intrínseca é que se presta a todo tipo de manipulacións ideolóxicas, na medida en que se converte nunha expresión comodín: en vez de permitir visualizar o modelo do futuro que queremos, facilita disfrazar modelos que de sustentables non teñen nada. A sustentabilidade paréceme un termo más poderoso dende o punto de vista conceptual, porque obvia poñer sobre a mesa que este modelo de crecemento económico é profundamente irracional e inxusto.

JAC. É que segue a responder a unha concepción do desenvolvemento que está feita dende o Norte socioeconómico, que se corresponde cun modelo civilizatorio que ten que buscar alternativas, e que neste momento resulta pouco defendible que siga facendo uso da terminoloxía más convencional: progreso, benestar, crecemento... Temos que reparar en que non está suficientemente desvelado para quen e contra quen se fai a proposta do desenvolvemento sustentable. Porque ao ser un modelo que nos debe facer pensar nas xeracións futuras, non podemos esquecer a realidade do que foi e do que segue sendo o desenvolvemento: segue fraguándose nas desigualdades, na pervivencia e na superposición duns estilos e duns modos de vida fronte a outros. Gustaríame saber dende que concepción e dende que prácticas se imaxina o desenvolvemento sustentable naqueles países que nin tan sequera conseguiron os mínimos niveis de vida. No fondo, pode que esteamos diante da xeración doutro modelo que se exportou dende as novas instancias globais do poder económico, cultural, tecnolóxico etc., inclusive

co aval das Nacións Unidas, e que forma parte dunha nova imposición culturizadora duns pobos respecto doutros. Pode que sexa iso o que se está lexitimando.

P. Cales serían, dende o voso punto de vista, as chaves para que a sociedade galega camiñase cara á sustentabilidade, sobre todo dende o punto de vista cultural?

FDF. Para que teñamos un cambio real nas persoas, teñen que darse os dous compoñentes de que falei. Pode haber un cambio conceptual, mental, como quen aprende unha lección, e non é moi difícil de conseguir dado que está asumido que a cultura occidental leva implícito o respecto ambiental. Esa é unha cuestión que non a vexo difícil. Mais non é o cerne. O fundamental é enfrentarse cunha situación de crise, que pode xerar un revulsivo na xente e que lle obrigue a interiorizar esos novos valores. Esta situación non é real polo de agora, nin sequera en Galiza, que ten unhas perspectivas de rendemento de crecemento inferiores ás doutros lugares. A xente, o que está valorando, é que teñamos máis estradas, máis televisións etc. Non se atopan percepcións desa crise. Non vexo fácil que sen esa experiencia de crise se teña un cambio efectivo na conciencia colectiva. Podo ter unha visión pesimista da capacidade que teñen as colectividades e os políticos de actuar pero vexo difícil que se asuman as actitudes axeitadas de cara ao futuro. Nós racionalizamos moi ben as cousas, somos universitarios, temos as ideas moi claras, coñecemos a historia, sabemos cara onde vamos... pero o noventa e nove por cento da xente non o sabe, nin o percibe, e nin sequera o valora.

JAC. José Antonio Durán falaba do cambio que estaba a acontecer no medio rural polo abandono. Posiblemente iso é o que nos aconteceu ata agora: un cambio por derribamento, que supón o abandono do medio ao que estaban ligadas e arraigadas as persoas pola inserción noutro modo de vida. Frente a iso, temos a necesidade dun cambio que teña un sentido estratégico, que declare os obxectivos que se queren conseguir e que nos sitúe nun modelo de sociedade que recupere moito do que ten de seu, pero que ao mesmo tempo estea aberto a outras realidades. Para poder situarnos nun proceso de cambio precisase dunha visión diagnóstica moito más atinada e na que participe más a sociedade galega, que posibilite unha maior comprensión e interpretación das nosas necesidades, dos nosos problemas e das nosas prioridades e que, cunha visión alternativa, nos convoque a un esforzo colectivo e plural que nos sitúe nunha perspectiva de gobernabilidade e de inserción da cidadanía naquilo que nos é común, lonxe do que nos afecta só individualmente e que nos dá oportunidades para activar e desenvolver ese sentido colectivo que se amosou en moitas das nosas prácticas do pasado.

CV. A pregunta asústame por excesivamente ambiciosa. Fago algunas percepcións ao respecto.



Unha, que non deixa de chamar a atención que a percepción dos principais problemas non é necesariamente coincidente. Por exemplo, existe un problema estratégico en Galiza que vén de atrás, que é a fonda transformación territorial que está habendo. Galiza está desaparecendo en boa medida como unha realidade que foi moi sólida durante séculos. O noso tecido xeográfico, o paisaxístico, o ecológico, son produto da interacción do ser humano coa terra e dun tipo de poboamento que está no línde da súa desaparición, cunhas consecuencias espectaculares, porque vai supoñer unha transformación radical da paisaxe, da diversidade biolóxica, da identidade e da memoria histórica e de procesos culturais asimilados de uso do territorio de forma sustentable que van desaparecer coas nosas xeracións. Isto vai acontecendo sen que ningún dos sectores con capacidade de decisión lle preste a atención que se precisa. Unido a isto, prodúcese unha ocupación masiva de todo o territorio litoral con desfeitas brutais. O que se chama "félsmo" é unha anécdota en comparanza coa ocupación urbana desordenada, a destrución de terreos agrícolas de primeira calidade, a introdución de novos usos non compatibles con usos tradicionais etc. Ese proceso vai supoñer un cambio radical que vai implicar a perda irreversible de cousas que valía moito a pena conservar.



Dúas: non existe un modelo de xestión territorial, do que queremos que sexa este país, de como construílo, de por onde camiñar para xerar unha cultura sustentable. Os sectores que teñen auténtica capacidade de decisión –no ámbito político ou polo poder económico para intervir sobre o territorio– adoitan ser ambientalmente analfabetos. Aínda que teoricamente o nivel de coñecemento dispoñible permitiría tomar as decisións moi acaídas, na práctica, as decisións adoecen de arbitrariedade: fanse infraestruturas portuarias en lugares de interese comunitario, sobre enclaves onde se acaban de descubrir especies novas para a ciencia; fanse infraestruturas de transporte sen ter en conta criterios ambientais; intervense nos últimos ecosistemas fluviais cun mínimo de naturalidade en función dunha produción de enerxía que é ridícula para favorecer os intereses económicos de grupos de presión; altérase a paisaxe en base a proxectos enerxéticos que teñen alternativas moito menos agresivas. En definitiva, quen está en condicións de tomar decisións, na práctica, carece de cultura e de sensibilidade ambiental, e carece dun modelo de desenvolvemento do país.

FDF. Unha das chaves, que xa apuntou Carlos, son os movementos de poboación en Galiza, que van ser decisivos de cara ao futuro do noso ambiente. Aquí non se senten, polo momento, problemas graves de esgotamento de recursos; aquí, o problema básico é un exceso de acumulación de persoas na beiramar e a desertización, no sentido etimolóxico da palabra, como “abandono dun territorio por parte das persoas que o habitan” do campo. O campo, sen persoas, perde os auténticos protagonistas da creación da paisaxe galega. Como se pode manter ese mundo sen unha economía que xa non é a actual, cunhas bases premodernas, fronte a unha economía de mercado? Son problemas moi difíciles. Ao fío tamén do que dícia Carlos, un dos puntos más importantes para recuperar valores propios de Galiza é volver ao tema clásico da paisaxe, tratando de aplicarle e de transmitirlle novas formulacións. Se miramos, por exemplo, cara aos franceses, vemos que estes están a debater acerca dos dereitos sobre as paisaxes, no sentido legal da palabra: quen ten dereitos sobre a paisaxe?, quen os crea?, quen está vivindo deles?, quen os valora dunha maneira ou

doutra? Un tema moi difícil e complexo. Neste momento, aquelas persoas que valoran máis as paisaxes son as que non viven nelas: teñen más dereitos eles que quen realmente os está creando e está vivindo deles? Cal vai ser a dialéctica que se xere entre uns e outros?

JAC. Hai unha cuestión que debemos valorar, polo que pode supoñer de co-participación social nese proceso de cambio: o papel das persoas, individual e colectivamente, como referentes fundamentais dos cambios que se imaxinen e intenten promover en relación coa paisaxe, coas institucións, coa convivencia etc. Isto sitúanos ante un interrogante esencial para superar resistencias e certas desesperanzas: como se fai ese proceso de cambio?. Aquí é onde se sitúan as cuestións más sensibles, non só polo que leva consigo unha implicación real da cidadanía, senón tamén polas repercusións que debe ter ese cambio en materia educativa, cultural, económica, no medio rural, nas cidades etc. Non só importan os cambios que se procuren senón tamén os modos de os promover e de os levar a cabo.

P. A ciencia -ou as ciencias- e os científicos veñen xogando un papel importante no proceso de cambio na cultura ambiental nestas tres últimas décadas. Na catástrofe do Prestige, un dos compoñentes chave foi a dialéctica que se estableceu entre a comunidade científica, as administracións responsables da xestión do suceso e a sociedade civil. Nun sentido máis xeral, que papel poden xogar a ciencia e os científicos no proceso de ambientalización da sociedade?

FDF. Hai dúas visións posibles. Unha, da ciencia cara á sociedade. Xa que falas do Prestige, a transmisión da ciencia cara á sociedade pasa polos medios, a sociedade toma datos da ciencia a través da prensa e da TV, que son elementos fundamentais na creación da cultura científica das masas. Incluso a influencia de Internet non chega nin ao 10% da poboación. A televisión e a primeira fonte de divulgación científica e a segunda son os xornais. No caso concreto do Prestige, creo lembrar que as noticias dos xornais tiñan unha base científica nun 20% nada máis, o resto eran novas de contido político, de manifestacións sociais etc. E o mesmo se repetiu co das "vacas tolas", que non foi un caso igual pero si parecido pola relevancia na transmisión de coñecementos científicos á sociedade. Aquí xa hai un primeiro problema: os medios de comunicación escollén da ciencia algúns aspectos, que as máis das veces son menos relevantes. É un problema moi complexo, habería tamén que afondar en cales son os mecanismos de transmisión –e non só os vehículos-. Outro aspecto que me gustaría destacar é o papel do científico: a maioría considera, ou consideramos, que os obxectos da ciencia son perfectamente obxectivables, medibles e racionalizables, mais os problemas do medio ambiente son problemas mixtos, problemas que teñen un compoñente natural, un compoñente sociolóxico e un compoñente

económico, aos que Bruno Latour lles chamaba os problemas híbridos. Creo que a ciencia ambiental ten que traballar con obxectos híbridos, o que implica non chegar a dar unha visión exacta e totalmente segura do problema, e que ese problema pase pola sociedade e que sexa esta a que o considere ou non, ao tempo que os poderes públicos e os poderes económicos estean interferindo neles. Este tipo de condicionantes, cada vez máis, están incidindo no traballo que facemos os científicos. Por tanto, a racionalidade, o método científico puro, no medio ambiente e en moitos problemas que están relacionados coa medicina, coa biotecnoloxía, xa non existe, e temos que traballar con estes híbridos. Para nós é unha realidade nova, que non sabemos enfrentar. Non chega co traballo do laboratorio, tería que haber moitas más reunións, o que lle chaman tamén "foros híbridos", en que os científicos estean cos periodistas, cos grupos sociais etc. Este tipo de dinámicas non as coñecemos, non as valoramos, nin sequera nos decatamos de que existen.

CV. Creo que o tema é dunha enorme complexidade e de difícil resposta. O que afecta ao papel do científico implica unha actitude cun forte compoñente ético e, por tanto, un compromiso social. Un científico humanista ten claro que a ciencia é unha parte da producción humana e que ten que ser beneficiosa para o conxunto da sociedade. O mundo científico móvese por outras lóxicas: no mundo da ciencia tamén existe quem prioriza na súa carreira acceder a cotas de poder e de recoñecemento, e das súas investigacións vinculadas ao medio ambiente que poden ser potencialmente moi relevantes para a sociedade, só lles preocupa publicar en revistas de nivel A, e tráellos sen coidado se iso vai ter repercusión pública ou non. Incluso hai oportunistas do medio ambiente, na medida en que se converteu en algo importante, deciden investigar neste campo. Así, xente á que lle importa pouco ou nada o medio ambiente e a solución dos seus problemas investiga neste campo dende unha perspectiva absolutamente tecnocrática e carente de compoñentes éticos.

JAC. Estamos a falar da pluralidade da ciencia e dos científicos, e dos compromisos e responsabilidades que se asumen en relación a uns determinados valores, unhas ideoloxías etc. Mais segue existindo no mundo científico unha responsabilidade inescusable: contribuír ao coñecemento e á súa transmisión e divulgación, e que chegue con visión crítica á sociedade. Moito do que estamos dicindo ten que ver co distanciamento que se produciu historicamente entre o mundo da ciencia e a sociedade, e que agora estamos intentado disolver, apurados mesmo pola complexidade das realidades sociais, lembrando que o científico tamén é un cidadán. Moito diso pasa por como desenvolve o seu quefacer científico, pero tamén pola ética dende a cal ese quefacer científico se constrúe. Máis que nunca, é preciso entender que o ambiente, como se lembra agora, ten ese sentido híbrido, ao estar implicados compoñentes abióticos, bióticos e comportamentais. Desta complexidade xorde a necesidade de perspectivas integradoras, transdisciplinares e interdisciplinares, das cales a ciencia



-historicamente- non se dotou na medida do desexable, e que, no futuro, deben ser aspectos que axuden a repensar e visualizar o papel do coñecemento nas solucións que se lles dean aos problemas ambientais.

FDF. Hai dúas dificultades intrínsecas no tratamento científico do medio ambiente. Unha é o longo prazo, o medio ambiente "traballa" case sempre a longo prazo, mentres que o contexto actual de trabalho da ciencia está case sempre moi mediatizado por prazos moi curtos. E xa non digamos tamén no espazo, posto que as cuestións ambientais superan espacialmente acotío o que se pode traballar nos límites dun laboratorio. Tamén está o problema da interdisciplinariedade que acaba de mencionar José Antonio, porque incluso hai confrontadas, no tratamiento dos problemas ambientais, diferentes lóxicas de trabalho: unha lóxica que imos chamar "determinista", que segue moi viva en colectivos como o dos físicos ou o dos químicos, que identifican ou formulan unhas condicións previas e saben que van obter un resultado previsible; e os que traballan "coa vida" –falando en termos moi xerais-, que saben que hai unha dose importante de incerteza, de cousas que non son facilmente

aprehensibles. Conxugar dende a interdisciplinariedade dúas lóxicas de trabalho totalmente diferentes como esas é moi difícil. Á parte de todas as connotacións sociais e económicas que están influíndo, tamén hai aspectos internos importantes que fan que os retos da ciencia ambiental sexan realmente difíciles e que non se están a afrontar. A interdisciplinariedade, na actualidade, é sobre todo unha etiqueta máis que unha realidade. Nos proxectos de investigación primamos o trabalho entre universidades e entre equipos, pero na realidade resultan ser unha simple superposición do trabalho en cada campo que despois serve para procurar unhas conclusións más ou menos lucidas. As moitas reunións de trabalho que se tiñan que ter para chegar a unha linguaxe más ou menos común a todos os equipos participantes non se dan, non hai tempo para elas.

P. Ata que punto pensades que a resposta social ao Prestige pode ser interpretada como un indicador dun cambio na cultura ambiental da sociedade galega? Ou cabe apuntar a factores concunturais e á mesma envergadura da catástrofe que dá lugar a unha reacción colectiva, case instintiva, de autodefensa?

CV. A miña interpretación é claramente a segunda, sen que iso signifique obrigatoriamente conclusións pesimistas. Sería erróneo pensar que a resposta que se lle deu ao Prestige foi porque a conciencia ambiental era tan grande e pasaba tan desapercibida que, de pronto, estoupou. O do Prestige foi un suceso novo en moitos aspectos –na creatividade da resposta social, en moitas actitudes– pero non é novo en que sexa o primeiro problema de carácter ambiental que xera mobilizacións relevantes. O vertido de residuos radioactivos na Fosa Atlántica implicou a convocatoria dunha folga xeral en Galiza por parte dos grupos ecoloxistas, e convocou unhas mobilizacións absolutamente masivas, porque era un problema baseado no medio ambiente pero que o responsable era externo, non eras ti mesmo nin os conflitos propios da sociedade os que o xeraban; e ademais considerábase un maltrato manifesto que poñía en perigo os recursos que para algúns sectores sociais eran chaves, como era a pesca. Quen vertía na Fosa Atlántica, nas costas de Galiza, eran o Reino Unido, Dinamarca, Holanda, e ti sentíaste agredido por algo no que nós non tiñamos responsabilidade. As mobilizacións que si tiveron a súa causa no interior, e que tiveron más envergadura en Galiza, foron as da oposición ás celulosas nos anos setenta, que provocaron en pleno franquismo e despois na Transición unhas manifestacións notabilísimas e, de feito, as celulosas non se fixeron. E había que convocalas a través de vías indirectas, posto que os partidos políticos estaban prohibidos. A oposición á central nuclear de Xove, Baldaio, son outros exemplos: estébanse agredindo uns recursos naturais que afectaban a un sector importante da poboación, ademais do fondo carácter simbólico. Antes houbo os naufraxios do Urquiola, do Mar Exeo, e non provocaron as mobilizacións que se viron co Prestige, porque eran catástrofes en que se asumía que tiñamos que pagar o pato. No Prestige únense a sensación de ineptitude e de ocultación co de que che están tomando o pelo. A iso súmase unha cantidade inmensa de costa afectada. Sabes que estás pagando as consecuencias de algo, non é só o accidente dun petroleiro: é un problema que ten a súa repercusión no ambiente pero que ten unha enorme repercusión social. Todo isto xera un sentimento de indignación que conflúe con outro mar de fondo social, co conflito que se está producindo en Galiza neste momento entre sectores inmobiliarios e uns certos sectores que reclaman a modernización da sociedade e que demostraron unha grande creatividade a través de Burla Negra e doutros colectivos. As causas son ambientais, o problema é ambiental, pero realmente a espoleta é social, na mesma liña en que me manifestaba antes, que moitos problemas graves actuais son problemas ambientais, o que pasa é que lles damos importancia porque pasaron a ser problemas sociais.

JAC. O Prestige sitúase dentro da progresiva asunción de que o ambiental nos inquieta cada vez máis como cidadáns. Que acontece co Prestige? Entre moitas outras cousas, foi moi visible a necesidade de que nunca máis ten que volver a suceder algo semellante. As manifestacións son expresión da denuncia de que isto ten que cambiar, de que non pode seguir así, e ese sentimento de rabia, de indignación, fixose colectivo como nunca antes na nosa historia recente.

FDF. Tamén habería que engadir o papel da prensa, non digo de toda a prensa, pero en conxunto os medios tamén contribuíron un pouco...

CV. ... na medida en que non lle deron posibilidades de éxito ao intento de camuflaxe.

JAC. Era demasiado visible para que se puidese camuflar.

FDF. Pero noutros tempos tamén había cousas bastante visibles e no entanto se taparon.

P. Para rematar, quixeramos que comentarades como vedes o papel da Administración local con respecto á problemática ambiental.

CV. É evidente que dende o nivel local se poden facer moitas cousas a favor ou en contra do medio ambiente. Que exista unha sensibilidade ambiental por parte dos técnicos e dos políticos que traballan no ámbito local é fundamental. Se a teñen non van facer tantas barbaridades, se non a teñen van a facer más das que se fan de forma sistemática. Outra cuestión importante é que está demostrado que o medio ambiente "vende", entón pódese facer unha recomendación para políticos intelixentes: introduce o medio ambiente na túa axenda política, porque non deixa de ser desolador que áinda haxa políticos locais que non se decataron de que lles vale a pena preocuparse polo medio ambiente, porque iso redunda na súa lexitimación e na súa posibilidade de supervivencia como xestores locais. Terceira cuestión: sería deseable que se preocuparan polo medio ambiente non só porque é vendible, senón porque teñan unha concepción de que realmente importa. O maior compoñente ético deste desafío, como xa se dixo, é pensar que o que lle imos deixar aos nosos descendentes non está en peor estado que o que temos agora. Ás veces tómanse decisións irresponsables ou levadas por presións económicas espurias, que supoñen barbaridades irreversibles.

FDF. En relación co medio ambiente local, hai un obxectivo que debe ser fundamental: chegar a integrar nunha acción común os tres axentes fundamentais da acción local: os políticos –e os que traballan nos departamentos de medio ambiente dos concellos–, os institutos e os colexios –coas actividades de carácter educativo-ambiental– e, os pequenos grupos de orientación ecoloxista, de carácter cultural ou cívico. É probable que, en moitas poboacións, estes axentes estean enfrentados, e que cada un turre cara ao seu lado. É moi difícil porque en moitas poboacións se personalizan moito os conflitos... é moi difícil ter a xenerosidade e a capacidade de diálogo para poder integrar estes colectivos nunha acción común. Pero, se se conseguira sentar nunha mesa, periodicamente,



sistematicamente, a eses tres axentes, poderíase facer a mellor educación ambiental e o mellor labor de xestión do contorno. Quizais é unha utopía, pero pagaría a pena traballar cara a ela: estariase a traballar coas dúas accións fundamentais, a formativo-educativa e a executiva.

JAC. Coincido plenamente. Ademais, o local é o sinónimo do cotiá, do espazo e do tempo en que estamos día a día, onde nos inserimos, onde os cidadáns podemos concretar os nosos dereitos. Semella que en Galiza isto non acaba de ser entendido pola clase política, e situámonos aí porque, estamos a falar da Administración local, precisarían situar nos seus organigramas o que sinala Carlos. Isto é, unha axenda política, unha estrutura e uns modos de actuar que moitas veces pasan porque o propio organigrama faga visible a súa preocupación con concellarías que, especificamente ou de xeito compartido, poidan abordar os problemas e os desafíos ambientais. Para actuar en función das necesidades más urxentes é importante contar con diagnósticos que permitan coñecer como estamos nestes temas. E logo hai instrumentos que semella que están definidos, polo menos non seus primeiros traxectos, pero que afná non foron desenvoltos adecuadamente, por exemplo, a *Axenda 21 Local* que é unha forma de concretar iniciativas e convocar os axentes sociais para que sexan partícipes delas, dende a clase política, os movementos cívicos ata o conxunto de todas aquelas institucións que dinamizan a vida social, para que teñan a vontade e a capacidade de situar os retos ambientais dentro das súas prioridades. Frente ás posibilidades existentes, teño a impresión de que moito do que se está facendo no ámbito local con relación ao medio ambiente non segue eses camiños.

P. Grazas pola vosa participación nesta conversa.



*Maria
Meseguer
Alcain*
mariameseguer@yahoo.es





Sobre cultura e cultura ambiental: os “centros de interpretación” invaden Galiza

Pablo Meira Cartea

Universidade de Santiago de Compostela

Araceli Serantes Pazos

Universidade da Coruña

Cultura ambiental?

A “cultura ambiental” non existe. Pódese aceptar o uso de expresións como “é necesario cultivar a *cultura ambiental* da poboación”, pero non deixan de ser unha fórmula retórica para comunicar a necesidade de cambios importantes na forma en que as sociedades contemporáneas, en xeral, representan o seu contorno e, consecuentemente, interactúan con el.

Afirmar que a “cultura ambiental” non existe é o mesmo que dicir que toda “cultura” é, necesaria e ineludiblemente, “ambiental”. Toda “cultura” comporta unha determinada forma de valorar o medio e de establecer un abano de símbolos e de prácticas para interpretalo, transformalo e distribuír os recursos que fornece (solo, auga, alimentos, aire, espazo etc.). Cando se afirma a necesidade de formar unha “nova cultura ambiental” esquécese este pequeno -é un dicir- detalle: unha “nova cultura ambiental” só pode ser, de feito, unha “nova Cultura”, escrita agora con maiúscula.

As sociedades avanzadas son o mellor exemplo de que isto é así. Cando se trata de trasladar á poboación valores e hábitos, novos ou rescatados de costumes tradicionais, relacionados co ambiente aparecen, máis tarde ou máis cedo, contradicións estruturais difíciles de superar. Os valores pro-ambientais e as prácticas sociais coerentes con esos valores -individuais e colectivas- resultan ser, polo xeral, contravalores e contraprácticas. Non é a esfera ambiental a única en que aparecen estas contradicións, pero si é unha en que se expresan

de xeito más rotundo. Asumir, por exemplo, a idea de sostenibilidade, implica o establecemento de límites no consumo de recursos e na producción de detritos. Pola contra, a dinámica do mercado, non só invita ao crecemento progresivo dos parámetros ligados á apropiación, á transformación e ao consumo de bens -que se asocian automaticamente co benestar-, senón que entende e considera que o crecemento sostenido é esencial para o mantemento do sistema.

A disfunción cultural percíbese en feitos tan contradictorios cunha cultura da sostenibilidade como a utilización como indicadores do nivel de desenvolvemento dunha comunidade, por exemplo, a xeración de lixo doméstico ou o consumo de enerxía eléctrica *per capita*. O paradoxo fai que unha comunidade que reduza o lixo xerado ou a enerxía consumida tenderá a ser vista polo mercado e pola cultura que o lexitima e alimenta, non como un modelo de maior eficiencia e racionalidade na administración dos recursos, senón como un síntoma de estancamiento ou recesión socioeconómica. Na práctica, este paradoxo é o que explica que o grosor das campañas públicas relacionadas coa xeración e coa xestión dos residuos domésticos se concentren no adestramento dos cidadáns para que aprendan a separalos correctamente e que se esquezan obxectivos relacionados coa reutilización, a redución ou, sequera, a súa minimización. Os comportamentos de selección encaixan perfectamente na cultura do consumo e serven, ademais, para alimentar un novo sector económico que rendibiliza as fraccións separadas como materias primas. Dende o punto de vista dos cidadáns, estes programas ofrecen a oportunidade de “sentirse” coherentes e



responsables, ao liberaren a tensión que xera a crecente conciencia sobre o deterioro ambiental e da nosa responsabilidade nel.

Crear unha "nova cultura ambiental", por tanto, implica crear "unha nova cultura".

Fronte a esta lectura, as prácticas e os instrumentos culturais que se están a executar para incidir na cultura ambiental da poboación ignoran, polo xeral, esta cuestión de fondo. Este problema pode visualizarse no enfoque que se está aplicando nos "centros de interpretación" que nos últimos anos están a ser creados -como parte dunha moda- en Galiza.

A interpretación do patrimonio como instrumento cultural


A interpretación do patrimonio é unha técnica de "tradución" do coñecemento técnico e científico –aplicado ao patrimonio natural e cultural– a unha forma coloquial, sen perder rigor, relevancia e precisión nos contidos, sempre diante dos obxectos ou elementos reais. Con esta estratexia búscase crear certa sensibilidade e certo compromiso por parte das persoas destinatarias na mellora e na conservación destes recursos. O obxectivo principal é revelar o verdadeiro significado do lugar, que ata ese momento estaba agochado. Trátase dunha actividade de comunicación, programada e deseñada para que a

experiencia das persoas sexa significativa e cheguen a apreciar o significado ou os significados do lugar que visitan.

As técnicas interpretativas estanse a usar en moitos ámbitos (turismo, xestión do patrimonio, educación ambiental etc.). A extensión destas prácticas no Estado español está a facer que moitas persoas crean achar nelas a "Caixa de Pandora" no manexo do patrimonio: unha forma de intervención capaz de dar solución a moitos dos problemas que presenta a xestión, a conservación, a divulgación e a revalorización do legado natural e cultural. É neste contexto no que comezan a proliferar os mal chamados "centros de interpretación".

Afirmamos que a denominación "centros de interpretación" é incorrecta xa que logo os centros non son quen de adaptar e de transmitir unha mensaxe ao público, senón que tan só son un recurso que require dunha estratexia activa: o óptimo sería contar cun guía, aínda que nalgúns casos se consigue con elaboradas técnicas de comunicación audiovisual. A chave estaría no intérprete, no factor humano cualificado, e non na existencia de recursos materiais concibidos para interpretar un determinado ben patrimonial, sexa natural ou cultural. Só unha persoa con formación suficiente pode adaptarse ás características dos distintos grupos de visitantes e pode dar resposta ás súas inquedanzas.

A interpretación debe ser "breve, inspiradora, suxestiva, participativa, poética, clara, actualizada, que permita o uso do tacto, do oído e do olfacto, tridimensional e cunha soa idea



1. Aquaciencia
2. C. Arqueolóxico Federico Maciñeira
3. Centro Comarca da Mariña Occidental
4. Casa do mel
5. Aula da Natureza A Casa da Ría
6. C. Rec. Visitantes das Fragas do Eume
7. C. Interpretac. do Litoral-Costa de Mera
8. Aula da Natureza O Pasatempo
9. Aula da Natureza do río Chelo
10. Aula da Natureza Juan Lambeye
11. Cl.Rec.Visit.Xacem. Romano de Cambre
12. Casa das Ciencias
13. Casa do Home-Domus
14. Casa dos peixes-Aquarium Finisterrae
15. Aula da Natureza de Credes
16. A Casa das abellas
17. Centro Comarcal de Ordes
18. Centro Comarcal de Bergantiños I de Ordes
19. Caseta de Pepe do Cuco

central" (Jorge Morales, 2001). Obedecen a estos criterios os chamados "centros de interpretación"? En liñas xerais, non. De feito, as instalacións que levan este nome deberían ser denominadas "*centros de visitantes*" ou "*centros para os visitantes*", unha etiqueta que as define con maior clareza e que facilita aos profanos identificar que os servizos do centro están pensados para eles: información, publicacións, exposicións, actividades guiadas, zonas de descanso, punto de encontro, aseos, cafetaría etc.

O desenvolvemento socioeconómico das comunidades sitas preto de lugares de interese patrimonial, sobre todo das que teñen interese en potenciar o sector turístico, depende, en gran medida, da percepción da súa "accesibilidade" por parte dos visitantes: a mellora desta dimensión é a principal finalidade destes centros. Máis pode resultar contraproducente se as actuacións que tenden a incrementar a demanda de uso non van acompañadas doutras medidas que asocien conservación e desenvolvemento (social e económico).

Por outra banda, estase a verificar un proceso de "mercantilización" do patrimonio. Nesta liña, estanse a aplicar técnicas de xestión empresarial nun ámbito onde os obxectivos fundamentais -conservación, educación, divulgación, goce etc.- poden estar confrontados cos do mercado -rendibilidade, maximización do beneficio, crecemento etc.-. Os xestores culturais e, aínda que en menor medida, os xestores do patrimonio natural, vense na obriga de manexar conceptos ou técnicas como "fidelización" de públicos, comercialización de produtos, elaboración de paquetes turísticos, deseño de estratexias de *marketing* cultural etc. Diante desta tendencia, convén destacar que o patrimonio non pode ser considerado como un "produto" máis do mercado. Se ben é necesario

compaxinar as actividades que xeren beneficios económicos coa preservación da heranza natural e cultural, debe ser esta segunda finalidade a que prime sobre calquera outra, máxime se se ten en conta que o valor do patrimonio, incluso como motor económico, depende da súa conservación.

Os centros de visitantes na Galiza

A partir da década dos 90 obsérvase en Galiza a proliferación de instalacións que asumen a denominación de "centros de interpretación", a pesar de que nelas escaseen as técnicas "interpretativas" e non pasen de ser –na maior parte dos casos– deficientes "centros de información" ou simples exposicións que se limitan a ofrecer contidos insulsos e información pouco relevante para os visitantes. Estes centros convértense en moitos dos casos en continentes de elementos vagamente orientados a difundir a importancia e os valores do patrimonio.

Na Galiza existen 55 centros que se poden acoller á definición de "centro de visitantes", dos que 21 asumen a denominación de "centros de interpretación". Na provincia da Coruña están 23 destes centros. Son iniciativas tanto de carácter público, como privadas ou concertadas, é dicir, onde a propiedade da instalación e a xestión desta vai a conta de entidades diferentes (público-privado, privado-público, público-público ou privado-privado).

Case a totalidade destes centros foron creados con axudas e recursos da Unión Europea, fundamentalmente ao abeiro de planos como PRODER, LEADER, INTERREG etc. Este tipo de axudas teñen carácter temporal; a maior parte delas investíronse

- | | |
|---|---|
| 20. C.Interpr. do Ecosistema Litoral | 39. Centro da Identidade Galega |
| 21. Parque Arqueolóxico do Megalitismo | 40. Centro de Interpretación da Castaña |
| 22. C. Arqueolóxico Barbanza-Castro Neixón | 41. Museo etnográfico da Limia |
| 23. Aula Activa do Mar Santiago Gallego | 42. Centro de Visitantes Xurés-Baixa Limia |
| 24. Centro de Interpretación do Pico Sacro | 43. C.Interpretación Aquis Querquennis |
| 25. Centro Comarcal de Taboirós | 44. Centro Comarcal de Celanova |
| 26. Centro Comarcal do Deza | 45. Aula da Natureza de Oira |
| 27. C. Interpr. do patrimonio e da paisaxe | 46. C.Interpr. Xogos Populares O Palao |
| 28. Centro Comarcal da Ulloa | 47. C.Interpr. da Cultura Castrera de Lás |
| 29. C. Interpretación da Lagoa de Cospeito | 48. Parque Etnográfico do Arenteiro |
| 30. C.Interpr. Reserv.Biosfera Insuas do Miño | 49. Centro Comarcal do Carballiño |
| 31. C. Interpretación Terras do Miño | 50. Centro Comarcal da Paradanta |
| 32. Museo Arqueolóxico Castro de Viladonga | 51. C. Información das Ribeiras do Louro |
| 33. Aula da Natureza de Ancares | 52. C.Información-Interpr. do Monte Aloia |
| 34. Aula da Natureza do Courel | 53. C.Interactivo Educ.Medioam. Naturnova |
| 35. Centro Comarcal de Terra de Lemos | 54. C.Información-Interpr. San Estebo |
| 36. Aula da Natureza San Xoán de Río | 55. C.E.M.A. Devesa das Rapinas |
| 37. C.Interpret. Histórico Cultural Sta. Leonor | 56. C. Interpretación da Natureza A Siradella |
| 38. Centro Comarcal Terra de Trives | 57. Centro Comarcal do Salnés |

Mapa nº 1: Localización dos centros de visitantes galegos por municipio

en crear, en rehabilitar ou en adaptar infraestruturas, mais non previron os seus custos de mantemento e de funcionamento (incluídos os gastos de persoal), polo que ao remate das obras moitos concellos viron que estas actuacións son unha carga máis que un beneficio para a comunidade: fallou a planificación estratéxica e os estudos de viabilidade económica destes. Esta é a razón fundamental pola que moitos destes centros están hoxe en día pechados.

No mapa nº 1 localizamos as 57 iniciativas que consideramos en rigor como "centros de visitantes", sexan ou non así identificados polos seus promotores. Tivemos en conta como criterios que a súa actividade principal fose a información ou a divulgación do patrimonio e que ofrecese algún tipo de recurso material para dalo a coñecer (trípticos ou dípticos, unidades didácticas, paneis etc.); algúns destes centros contan cun servizo de guías, mais na maior parte son as persoas usuarias as que realizan a visita de forma pouco estruturada e sen asesoramento; tamén os hai que ofrecen audiovisuais con información complementaria. No mapa, ademais, sinalamos aqueloutros municipios que contan con algunha outra infraestrutura relacionada co patrimonio pero que non se pode considerar como centro de visitantes, senón más ben, como aulas da natureza, granxes escola, vilas escola,

museos ou zoológicos; en concreto, na Galiza hai 58 iniciativas más que se poderían situar neste apartado.

Caracterización das iniciativas


Tal e como quedou reflectido, e como comentaremos extensamente máis adiante, as iniciativas que funcionan como "centros de visitantes" reciben denominacións variadísimos, o que pode resultar un problema de cara aos visitantes. A diversidade tamén vén dada polos seus contidos, o emprazamento, o prezo para o público, os horarios e os días de apertura, a formación das persoas responsables ou que atenden aos visitantes etc. De forma esquemática, podemos caracterizalos tal e como se recolle no cadro n.º 1.

O número de iniciativas é significativamente maior na provincia da Coruña. Aínda que a maior parte delas están promovidas por entidades públicas (concellos e Xunta de Galicia), bastantes institucións delegan a xestión nunha entidade privada (39%).

De forma moi xenérica, determinamos catro categorías respecto aos contidos que se tratan (referidos ao medio natural, de

PROVINCIA	TITULARID.	XESTIÓN	CONTIDO	PREZO/PUBL	APERTURA
A Coruña	23	Pública	49	Pública	38
Lugo	10	Privada	8	Privada	19
Ourense	14			Actv.económica	16
Pontevedra	10			Ciencia	5

Cadro nº 1: Caracterización dos centros de visitantes galegos



carácter etnográfico ou arqueológico, relacionados cunha actividade económica ou de divulgación científica). Case a metade estanse a referir ao patrimonio natural, probablemente porqué estes centros teñen máis bagaxe neste ámbito; os centros comarcais son quizais o maior referente de posta en valor dos recursos produtivos da zona.

As visitas son maioritariamente gratuitas (74%). Un número significativo de centros están pouco aproveitados xa que só se abren ao público 1 ou 2 días a semana ou ben con cita previa.

Recomendacións para aumentar a eficacia dos centros de visitantes

Fronte á concepción de "centros de interpretación" como reclamos turísticos, propone a creación de "centros de visitantes" como espazos onde se estean a xerar recursos, a establecer relacións, a participar na coordinación de accións, a propiciar o desenvolvemento local, a xestionar o uso do recurso e a darlle canle ao coñecemento dun xeito atractivo e eficaz.

É necesario contar con infraestruturas e recursos para que as persoas visitantes atopen información clara e suficiente para realizar camiñadas nos espazos naturais, visitar lugares de interese patrimonial e contar con claves para comprender o legado que se mostra.

Nesta perspectiva, os centros de visitantes teñen que actuar como mediadores capaces de crear vínculos afectivos entre o público visitante e os valores do territorio, e funcionar eficientemente como recursos para a xestión do patrimonio (ordenando fluxos de visitantes, minimizando o impacto sobre o patrimonio, salvagardando os valores más sensibles etc.). Se se ten en conta esta visión xeral -estratégica-, tamén se poden apuntar outras recomendacións de índole más operativa e concreta:

Aínda que existen numerosas iniciativas, na Galiza carécese dun marco normativo que as regule e as ordene. No mellor dos casos, aplícanse normativas e regulamentacións creadas para outro tipo de centros (museos, puntos de información turística, aloxamentos turísticos etc.), mais o frecuente é non acollerse a ningunha. A realidade é que se están a deseñar e a poñer en marcha centros nos que non están regulados os aforos, os servizos mínimos, as normas de acceso etc. Parece urgente, dado o número de iniciativas existentes e a cantidade de centros xa aprobados (máis de 20), establecer algún tipo de marco normativo respecto ás instalacións, os recursos e os servizos.

Non existe ningunha restrición sobre a denominación: calquera iniciativa pode ser considerada como tal, e moitos centros utilizan nomes que poden resultar enganosos, como "aulas da natureza" cando non están a ofertar actividades propias destes centros. Regular a denominación é importante, fundamentalmente de cara a respectar os dereitos das persoas usuarias, que terían que coñecer de antemán que tipo de servizos e actividades poden achar nun centro destas características. Sería conveniente establecer de forma participada

unha serie de requisitos mínimos en canto a servizos xenéricos (aseos, cafetaría, zona de descanso, aparcamento etc.) e a servizos especializados (visitas guiadas ou autoguiadas, sinalización, información escrita etc.).

Ao non estar regulados, tampouco contan con liñas de orzamento e apoio estables por parte das administracións competentes. Como xa indicamos, o financiamento é un dos problemas más importantes para que o servizo sexa estable e profesionalizado; ata agora as axudas por parte das distintas administracións son arbitrarias por non contar cuns criterios e estándares pre-definidos.

Como vimos, o 74% ofrece servizos de forma gratuita. Unha política de prezos para o público que non sexa discriminatoria e permita o acceso a todas as persoas (1 a 3 euros, segundo os programas e servizos) facilitaría a consolidación de moitas iniciativas, sobre todo as de menor dimensión.


O apoio económico externo e a mellora na xeración de recursos económicos propios aumentaría a capacidade de ofrecer servizos estables por máis días e nunha maior franxa horaria.

Os responsables e os traballadores destes centros carecen dun perfil profesional definido (nun polos estudos realizados, nun polo nivel educativo) e, por tanto, non existen requisitos uniformes para desempeñar as funcións propias destes espazos: hai centros onde o persoal é licenciado, outros funcionan con voluntarios e outros co alumnado de cursos de formación profesional realizados no concello. Regular o perfil dos guías-intérpretes e do persoal dos centros de visitantes redundaría en beneficio do servizo e da súa calidade.

Facer cuantiosos investimentos en deseñar e producir exposicións pode resultar pouco eficaz, porque a información caduca e resulta difícil aos concellos achar novos recursos económicos que permitan ir actualizándoa. Parece máis recomendable investir en elementos que poidan ser renovados cun custo aceptable ou en materiais más versátiles que permitan ir cambiando a exposición e así, seguir sorprendendo e atraendo ao público. Quen mellor poden actualizarse de xeito permanente e variando a oferta son as persoas –os guías- polo que investir no recurso humano parece o máis indicado nestes centros.

Maioritariamente carecen dun programa ou dunha estratexia explícita de comunicación, de interpretación e/ou de educación. Sería recomendable fixar uns obxectivos e a filosofía de centro, recollida nun documento de carácter público, revisado e avaliado con certa periodicidade (bianual), que permita corrixir errores e adaptar os servizos e contidos ás demandas reais.

Existen varias propostas desconectadas entre si para a creación de redes de centros impulsadas dende a Xunta de Galicia, o que pon de manifesto, entre outras eivas, a descoordinación entre as diferentes consellerías. Así, a Consellería de Medio Ambiente comprometeuse na *Estratexia Galega de Educación Ambiental* (DOG, 2000) a crear a "Rede galega de centros de educación



as nosas artes



"ambiental". Na actualidade, despois de 5 anos, a Dirección Xeral responsable, o Centro de Desenvolvemento Sostible, so amosa na súa páxina web o contacto dos 11 centros que xestiona este organismo. Pola súa banda, a mesma Consellería de Medio Ambiente, pero a través da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais conta tamén cunha "*Rede de aulas forestais*", integrada por 2 centros na provincia de Lugo e 1 na de Ourense. Por outra banda, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ten proxectada a creación dunha "*Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico*", composta por 4 centros de interpretación, un en cada provincia galega, ao tempo que crea os "*centros arqueolóxicos*", sen ningún tipo de coordinación aparente entre estas dúas iniciativas. Tamén a Xunta de Galicia, no Programa Galicia 2010, sinala como obxectivo a apertura dunha "*Rede de museos etnográficos*" asociados á Administración Local. No Decreto 111/1993, a Xunta de Galicia considera o Museo do Pobo Galego como "a cabeceira espiritual e simbólica da *rede de museos antropológicos de Galicia*". Noutra orde de cousas, algúns concellos galegos están integrados na "*Rede de Centros de Información do Territorio*", que agrupa aqueles museos e centros que facilitan a promoción turístico-cultural do territorio e potencian a súa riqueza natural, patrimonial e etnográfica. Todo isto apunta, máis unha vez, á necesidade de establecer unha soa rede que funcione e coordine as distintas iniciativas, e que poida desempeñar outras funcións importantes (formación e actualización, regulación etc.).

Para que a "Cultura ambiental", outra vez con maiúscula, se configure en función dunha praxe sostible nas relacións home-medio é preciso deconstruír a cultura dominante. Non todos os recursos, os equipamentos e os programas que asumen denominacións ou formatos que se asocian coa Educación e a Interpretación Ambiental teñen en conta, por inconsciencia, por improvisación ou porque realmente non asumen a existencia da crise ambiental, este principio. Dende o punto de vista dos, ben ou mal chamados, centros de interpretación ambiental, a procura da excelencia e da calidade pasaría pola toma de conciencia desta premisa e pola reformulación do seu deseño, das finalidades e do funcionamento.



BIBLIOGRAFÍA

Morales, J. (1994): *Guía práctica para a interpretación del patrimonio. El arte de acercar el legado natural y cultural al público visitante*. Sevilla: TRAGSA-Junta de Andalucía.



A Aula Municipal de Etnografía de Vigo: percorrido histórico a través da cultura tradicional do pan

José Valtierra Pérez

Responsable da Aula Municipal de Etnografía de Vigo

Fotografías de Araceli Serantes

Anatomía dun equipamento singular

O día cinco de xuño do ano 1995 inaugurouse a Aula Municipal de Etnografía(AMET) nun edificio rústico de propiedade municipal, localizado na parroquia de Saiáns e acondicionado pola Concellaría de Patrimonio Histórico para albergar especificamente este equipamento.

A realización deste proxecto foi posible grazas á feliz concorrencia de dúas circunstancias básicas. Por unha banda, a sensibilidade desta concellaría respecto á necesidade e á utilidade dun programa eficaz que divulgase e recuperase os más variados aspectos do noso patrimonio etnográfico, e isto nun medio dominanteamente urbán e industrial como é Vigo. Por outro, as especiais características desta proposta que formulaba a creación dun equipamento cultural pioneiro, moi dinámico nas súas posibilidades e no seu desenvolvemento, polivalente nas súas funcións e, unha cuestión importante, moi barato na súa posta en marcha e no seu mantemento.

Deste xeito, a AMET revelouse co paso do tempo non só como un centro eficaz na divulgación e na posta en valor da nosa cultura tradicional, senón que foi a matriz dende a cal se proxectou a rede de estacións etnográficas do Concello de Vigo, un ambicioso programa de dinamización cultural, educativa, científica e económica con proxectos como o Centro de Artesanía Tradicional e o seus anexos, actuacións puntuais de carácter temporal, rehabilitación e uso de espazos de valor patrimonial ou o Museo Etnográfico entre outros.

A AMET como equipamento didáctico oriéntase en función do obxectivo básico de proporcionar aos grupos visitantes unha aproximación rigorosa, lúdica e vivencial a comprensión do noso medio ecológico e histórico a través dunha óptica etnográfica e arqueolóxica, e non exclusivamente naturalista como é o común. O seu espírito de traballo infórmase nos principios da educación ambiental (EA), mais entendendo esta non soamente como o camiño que nos permite coñecer e respectar o noso contorno biolóxico senón tamén, e principalmente, valorarmos as



relacións culturais seculares entre os galegos e a natureza. Por isto está plenamente enmarcada no actual movemento de preocupación pola defensa, a recuperación e a posta en valor do noso patrimonio cultural tradicional, non desde un punto de vista museolóxico nin tampouco bucólico, senón práctico e divulgativo. Neste sentido entendemos que a EA é unha necesidade dobre e urgente: por un lado, unha necesidade de conectar o receptor co medio vital natural e co herdo cultural dos nosos devanceiros, coa intención de proporcionar non só unha simple información teórica nun espazo pechado, senón tamén, e sobre todo, experiencias directas, persoais e físicas, loxicamente adaptadas ás características de cada grupo e individuo, en relación á complexidade, á variedade e á problemática do tema ou dos temas que se trattaron. Por outra banda, a necesidade de que o coñecemento e as constatacións das ameazas ao noso legado común, tanto etnográfico como ecolóxico, tradúzase nuns comportamentos responsables e comprometidos co respecto, o goce e a conservación dos seus valores, e contribuír, nesa medida, a frear a súa deterioración e áinda a potenciar a súa posible recuperación e actualización. A experiencia indícanos que o descubrimento e o achegamento adecuado a esa cultura tradicional propia, tanto nos seus aspectos materiais como inmateriais e as súas relacións co contorno natural, supón un orixinal e eficaz impacto no receptor que o fai máis sensible os obxectivos que se persegueun nesta experiencia.

Este equipamento estructura as diferentes funcións e estratexias de traballo que o conforman en tres áreas de actividade claramente definidas:

- 1) O deseño, a montaxe e a coordinación das diferentes unidades temáticas que cada ano se ofertan quer dentro das instalacións propias da AMET, quer de xeito complementario, en locais externos. Estas unidades temáticas consisten no desenvolvemento de visitas programadas a montaxes de carácter monográfico dun máximo de dúas horas e media de duración e sempre con previa cita para unha mellor atención aos grupos receptores.

2) A creación de materiais didácticos e divulgativos de apoio sobre os temas que se traballaron: trípticos, cadernos, caixas didácticas etc.

3) actividades de asesoramento nos temas propios da AMET para os centros escolares, colectivos culturais ou departamentos da administración local, cursos de formación, colaboracións con outras entidades temáticamente próximas, participación en relatorios e seminarios etc.

Polo que se refire aos colectivos beneficiarios dos nosos programas, á AMET dirixe as súas ofertas culturais a tres tipos básicos de público:

a) A comunidade educativa regulada, desde o nivel de educación infantil ata ciclos de formación universitaria (pedagoxía, maxisterio, historia, etc.). Hai que ter en conta a alta concentración de centros de ensino de todo tipo que se localizan no territorio municipal e a súa área de influencia, o que converteu ó AMET en unha das visitas didácticas mellor valoradas de todo o amplo abano de recursos pedagóxicos da comarca. Dentro deste apartado débese sinalar que este equipamento está acondicionado tanto no aspecto arquitectónico como no referente ás dinámicas de manexo de grupos e propostas didácticas para a perfecta integración de rapaces que presenten diferentes graos ou tipos de minusvalías físicas ou psíquicas (cadeiras de rodas, invidencias, etc.).

b) Grupos técnicos ou especiais, compostos de profesionais da ensino, formadores, monitores, técnicos, etc.

c) Cidadanía en xeral, grupos familiares, asociacións culturais, colectivos, turistas, etc.

Os milleiros de persoas que ao longo destes dez anos de andaina participaron das diferentes experiencias que se propuxeron, o alto grado de satisfacción e de valoración sobre a calidade e a variedade do realizado que expresaron os visitantes e o feito de que a xente que nos coñece garde durante anos unha agradable e sólida lembranza do que realizaron e experimentaron connosco, dá boa proba de como con escasos recursos financeiros e materiais, escapando de espectaculares e polo xeral inútiles malabarismos mediáticos, poden realizarse actuacións sinxelas, orixinais e sobre todo eficaces no cumprimento das obrigas sociais das distintas autoridades que están implicadas na protección e conservación do noso patrimonio histórico.

Un pouco de historia

Como xa ficou dito, a característica "lixéreira" das dinámicas de actividade previstas na realización deste proxecto (unidades sempre monitorizadas, coleccións de pezas non exhaustivas, forte apoio de imaxe, numerosas posibilidades de actividade, dramatizacións intercaladas ao longo do discurso teórico da visita, etc.), en oposición a outros tipos de equipamentos más custosos (museos, etc.) e "pesados" na súa estrutura organizativa e administrativa, permitiu que durante todo este tempo se fosen

modificando, renovando, complementando e variando os diferentes contidos temáticos que se ofertaron desde a AMET. Así nos seus comezos realizáronse unidades temáticas relativas a oficios tradicionais (olaría, cestería, o ferro, os tecidos), o entroido, os apeiros agrícolas, o pan tradicional, o roteiro do parque etnobotánico e a súa unidade de interpretación, etc. Con posterioridade, e dadas certas circunstancias conxunturais de Vigo, a Aula estivo varios anos dedicada dun xeito case monográfico á divulgación dos más variados aspectos da cultura tradicional mariñeira. Nestes dou últimos anos volvemos recuperar outros aspectos da nosa etnografía como por exemplo o simbolismo e a natureza dos xogos e xoguetes tradicionais e artesanais. Porén, unha actividade que estivo sempre en activo desde o comezo foi a referida ao ciclo do pan tradicional. Esta proposta tivo tanto éxito que percorreu diferentes conxuntos patrimoniais de muíños de auga presentes no concello e na actualidade volve estar instalada, aínda que crecida e mellorada, no edificio da aula en Saiáns.

A AMET na actualidade

A decisión de retomarmos e potenciaros o protagonismo da unidade temática sobre o ciclo da cultura do pan tradicional este ano na aula explícase por varias razóns: o éxito desta oferta, que xa comentamos máis arriba, o feito de que son abondosos no concello os elementos arquitectónicos que están con este ciclo o que permite, por exemplo, un maior abano de aplicacións prácticas do aprendido na visita para os grupos de estudiantes das diferentes zonas, a idoneidade do tema central (o pan e os cereais) para un suixerente percorrido polos más variados capítulos da nosa historia e, en relación con este último argumento, a intención de incrementar dentro dos contidos que propón a AMET a presenza de propostas e de actividades arqueolóxicas para unha mellor e más completa compresión da orixe e da natureza do noso patrimonio etnográfico.

Deste xeito, a presente actividade divídese en dúas áreas: a) a historia dos cereais e b) a cultura tradicional do pan. Na primeira parte da visita achegámonos a unha valoración da ciencia arqueolóxica como instrumento para un correcto coñecemento do noso pasado común. Isto na práctica escenifícase coa escavación real dun xacemento neolítico simulado que nos permite, ao mesmo tempo, comprender os contidos metodolóxicos da arqueoloxía (o como, o porque e o para que) e introducirnos de cheo no tema da historia dos cereais. A partir de aquí e combinando diferentes reproduccións arqueolóxicas, paneis fotográficos e actividades prácticas relacionadas co que se vai explicando se procede a realizar unha verdadeira viaxe no tempo desde a Idade de Pedra, para pasar pola cultura castrexa e por último a romanización permitíndonos tomar contacto dun xeito lúdico, mais rigoroso, con diferentes aspectos da relación entre os seres humanos e os cereais ao longo dos tempos.

Na segunda fase da visita, cambiamos a nosa perspectiva pulso as numerosas e abraiantes expresións de carácter tecnolóxico, simbólicos, ecolóxico, etc., que integran o ciclo cultural do pan no noso rural, cando menos ata data moi recentes. Estruturado en catro bloques de información lóxicos segundo o ritmo natural

deste ciclo, comezamos polas tarefas no campo, pasamos a conservación e a almacenaxe dos grans, seguimos polo mundo da muiñada e rematamos nos ritos e nas tarefas propias da panificación. O igual que de investigadores arqueólogos pola de investigadores etnógrafos tomándolle o na primeira fase, nesta segunda a combinación de pezas manipulables, paneis fotográficos e actividades dramatizadas e simuladas conseguem fixar os conceptos esenciais e más importantes dos contidos teóricos elaborados á vez que permiten facerse unha idea cabal do complexo tecido que conforma a relación das sociedades tradicionais co seu contorno natural en múltiples niveis de interrelación. A programación remata nunha visita ao conxunto etnográfico dos muíños de Gontade a cinco minutos en coche da aula e de propiedade municipal co fin de coñecer en directo a mecánica duns muíños de auga. Neste conxunto que se compón de catro muíños está previsto instalar proximamente en dous deles unha exposición monográfica de interpretación destes singulares enxeños e no outro, algo máis afastado e inmerso na pequena fraga que sirve de marco natural a este conxunto, a unidade de interpretación etnobotánica deste lugar. A pesar do esforzo realizado, queda aínda moito por facer, mais o autor, responsable da creación, dirección e manteramento deste equipamento así como do resto que se citou no articulo, séntese honestamente satisfeito destas pequenas, mais, coido, realistas e útiles contribucións á uxentísima tarefa de divulgarmos e de protexermos o noso contorno natural e cultural autóctono.





EXPERIENCIA dibujante/ilustradora

- Colaboración habitual con la revista de cómic Barsowia.
- Autopublicación de la miniserie APB A Prueba de Balas (números 1 y 2) bajo el sello de polaqia.
- Colaboración con diversos fanzines entre ellos El Fanzine das Xornadas de Ourense.
- Publicación en la revista Dos veces breve, especial autoras marzo 2005.
- Publicación de un sketchbook monográfico en la revista belga L'inèdit magazine en el especial para el salón de Angouleme 2005.
- Publicación en el l'inèdit magazine especial terror 2005.
- Colaboración con la agencia de publicidad de Sra.Rushmore como ilustradora para una campaña de Ron Cacique 2005.
- Conferencia sobre orientación profesional para alumnos de 2º de bachillerato como dibujante de cómic en el Instituto politecnico de Vigo. Febrero 2005.
- 1er premio del concurso de Arteixo en 1998.
- 3er premio del certamen de Banda Deseñada de Ourense en 2004

EXPERIENCIA arquitecta

- Titulación de arquitecta en la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña Junio 04
- Colaboración con el Estudio de arquitectura G2 (Jose Abeijón Vela y Miguel Fernandez Carreiras) Octubre 02-Abril 02.
- Colaboración con el estudio de arquitectura de Alfonso Penela (Vigo) desde Mayo 04
- 3er premio concurso de ideas Thyssenkrupp para la expo de Zaragoza Febrero 2005

Centro de Interpretación do Xogo Popular **“O Palao”**



Fotos Altega S.L.

Lois Pardo

Altega S.L.

Fotografías por Altega

O Palao (Centro de Interpretación de Xogos Populares) é un espazo público onde nenos e nenas, mozos e maiores poden desenvolver as súas habilidades e recuperaren a práctica dos xogos tradicionais, e ten como principal función a de procurar a promoción da cultura galega por medio do xogo, ademais de contribuír a ampliar a oferta para o lecer e o esparexamento dos cidadáns ourensáns.

Podemos definir o xogo tradicional como aquel que nace ou se desenvolve nunha determinada comunidade para dar satisfacción ás súas necesidades lúdicas, marcadas polo seu particular xeito de vida. Consideramos de importancia capital o conxunto das prácticas lúdicas tradicionais, e son varias as razóns que nos levan a esta conclusión. Entre elas podemos enumerar:



- Os xogos representan un patrimonio das raíces de cada cultura, xa que, a miúdo, son más antigos que moitos monumentos.
- O material preciso para a práctica dos diversos xogos tradicionais acostuma a ser de balde ou moi económico, polo que facilita a dinámica social dos xogos e diminúe os límites sociais.
- A súa práctica favorece a comunicación inter-xeracional, tan en desuso nos nosos días, que vén ser o principal xeito de transmisión cultural e afectiva.

Actualmente, os xogos e os deportes populares e tradicionais galegos están gozando dun pequeno auxe, despois de atravesaren unha situación de desaparición progresiva. Constatamos nos últimos tempos a continua aparición de colectivos (clubs, asociacións, empresas, centros de ensino, iniciativas particulares...) interesados quer na recuperación das prácticas lúdicas tradicionais en xeral, quer nunha modalidade específica. Podemos salientar as ligas de Birllos/Bolos do Val Miñor, de Viana do Bolo, de Xove ou da Órrea; as regatas de dornas da Illa de Arousa e de Ribeira; as ligas de chave de Ourense e Ferrol; a realización de numerosas actividades no tecido asociativo, o tratamento incipiente dos nosos xogos nos centros de ensino (cómprase salientarmos aquí o Museo de Xogos Populares do CEIP de Esteiro-Ferrol); a creación de novos espazos, como o mesmo *Palao* ou o MUPEGA, ademais da inclusión do Patrimonio Lúdico en distintos museos do país...

Porén, tamén observamos que, malia existiren tantas iniciativas, o xogo tradicional non se atopa recoñecido socialmente e vese

relegado habitualmente a unha segunda plano. Con relación a isto, podemos nomear o caso tan curioso de que a Asociación da Chave de Ourense (xogo galego de fonda raizame), para poder desenvolver a súa liga, teña que estar federada na Federación de Petanca (xogo importado da Francia hai apenas un século). Do mesmo xeito, constatamos que ao longo das 3 últimas décadas o xogo tradicional -agás algunas excepcións- perdeu presenza nomeadamente entre a mocidade, ao se centrar a súa práctica entre os "vellos", ou ben en programas culturais que os protexen.

Estas foron as razóns que nos moveron a convocar no pasado ano o I Curso de Xogos e Deportes Populares e Tradicionais, coa intención de reunir o maior número posible de persoas e de colectivos que estivesen traballando arredor do noso Patrimonio Lúdico e propor, así, a creación dunha rede galega que agrupase todas estas entidades.

Ademais destes obxectivos, que finalmente cristalizaron na fundación de Brinquedia, eis algúns dos fins que persegue O *Palao*:

- Conservar e promover a cultura popular; por medio da promoción do Patrimonio Lúdico, impulsa tamén o coñecemento da lingua e do medio galego, as clases de árbores, de madeiras, pedras, crenzas, oficios, ferramentas e moitos outros apartados do noso Patrimonio Inmaterial.
- Recuperar a práctica dos xogos máis axeitados ás condicións de vida actuais e recoller toda a información posíbel dos máis susceptíbeis de desaparecer. Consciente de que os espazos mudaron, quere potenciar



os xogos que aínda se poden practicar nos distintos espazos públicos, e xerar unha demanda para a construcción ou o deseño de novos espazos en que se teñan en conta os xogos tradicionais á hora de deseñar infraestruturas deportivas, escolares ou mesmo parques e xardíns.

- Crear un espazo lúdico-educativo a disposición de todos/as os/as cidadáns/ás. O *Palao* ábrese como un parque público máis con un valor engadido, que é o de poder practicar xogos como a billarda, as canicas, a porca, os birlos... todas elas prácticas que hoxe non se poden realizar na maior parte dos espazos que se deseñaron para o lecer.

Para acadar estes obxectivos, o *Palao* leva adiante, entre outras, as seguintes actividades:

- Visitas guiadas.
- Excursións escolares. As escolas da cidade, e mesmo de fóra, participan destas visitas en que, despois dun curto percorrido polas instalacións e de lles dar unhas pequenas nocións sobre o noso Patrimonio Lúdico, convidamos as persoas asistentes a practicaren distintos xogos, adecuados á súa idade.
- Realización dun vídeo e dun CD-I sobre a tradición lúdica. Aproveitando as visitas, pretendemos editar en soporte dixital un pequeno guía dos nosos xogos, que ademais poda servir de unidade didáctica para as escolas e/ou asociacións de base.

- Realización dunha guía de xogos. Edición dun pequeno guía de xogos, que irá medrando pouco a pouco, con información das distintas prácticas lúdicas tradicionais.
- Organización de pequenos encontros locais (Asociacións, Empresas, Colexios...)
- Deseño dun espazo web dedicado ao mundo dos xogos tradicionais (www.xogospopulares.com). Neste web ten cabida toda a información que teña que ver co noso Patrimonio Lúdico. Nel inclúense un foro de debate, un apartado de recursos (cunha listaxe de bibliografía, un directorio e unha listaxe de ligazóns), un outro apartado para os xogos tradicionais, un outro para diversos artigos e colaboracións e un outro para todas aquelas novas que xiren arredor ou teñan algúna relación co mundo dos xogos.

As instalacións son de titularidade municipal, do Concello de Ourense. Están abertas todo o ano, polo que se poden visitar en calquera momento e participar do espazo de xeito totalmente gratuito. Tamén existe a posibilidade de contratar visitas guiadas. Para isto, pódese acordar cita chamando aos seguintes teléfonos: 988 388 110 (Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine). Enderezo: A Granxa, s/n – Velle. Apartado 1213 – 32080 – OURENSE.



Lexislación galega sobre Educación Ambiental

1. Consellería de Medio Ambiente. Resolución do 3 de outubro de 2000 pola que se publica a Estratexia Galega de Educación Ambiental.

A EGEA é un documento elaborado de forma participativa por moitos dos axentes que están a traballar neste eido, así como por outros profesionais que achegaron a súa visión dende distintas disciplinas das que se alimenta a Educación Ambiental (EA). A Resolución recolle integralmente este documento, en que se definen os obxectivos, a metodoloxía e as liñas de actuación da EA, co fin de contribuír á coordinación de iniciativas, a impulsar a profesionalización e a unificar criterios para a formación ambiental. A estratexia define tres modalidades de EA (formal, non formal e informal) que presenta con certa profundidade, cunha diagnose e unha serie de recomendacións por sectores. Así, no ámbito da EA non formal analiza e propón liñas de actuación para a formación e a profesionalización dos educadores ambientais, no ámbito das administracións públicas –autonómica e local–, nas asociacións, nos equipamentos para a EA, nos espazos naturais protexidos, nas empresas, nos sindicatos e organizacións profesionais e nos medios de comunicación. Pola súa banda, no ámbito da EA escolar fai unha análise por cada ciclo educativo, refírese á formación do profesorado, ao funcionamento de grupos e redes internacionais e, finalmente, aos materiais e recursos didácticos.

O máis interesante desta orde é que marca unha "liña de saída" da Educación Ambiental na Galiza; a súa debilidade radica en que non é un texto nin normativo nin vinculante. Só recomenda unhas liñas estratégicas de actuación, máis non di quen, como e con que recursos deben ser desenvoltas.

2. Consellería de Medio Ambiente. Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia e se regulan as condicións de inscrición.

Este decreto ten como fin "mellorar a calidade das actividades e programas realizados polas distintas entidades e centros de educación ambiental" e "facilitar a actuación da Administración autonómica no impulso e apoio ao sector". Por outra banda, na Estratexia Galega de Educación Ambiental recoméndase a creación dunha Rede galega de centros para coordinar iniciativas conxuntas, planificar a creación de novos centros e promover a divulgación dos seus servizos.

Este decreto é un instrumento de publicidade, información e ordenación das axudas públicas, que esixe ás entidades e aos centros cumplir unha serie de requisitos e cumplimentar uns documentos que aparecen no anexo (solicitud de inscrición, os estatutos da entidades, o proxecto de educación ambiental, unha memoria de actividades realizadas e o currículo dos membros).

Na práctica, e despois de 4 anos de vixencia do Decreto, só hai 11 entidades e centros inscritos, porque na práctica resulta laborioso achegar toda a documentación que se require, e non hai ningunha vantaxe que compense o esforzo de estar inscrito; de feito, non houbo ningún tipo de apoio, axuda, divulgación etc., a favor dos centros e das entidades rexistrados.

3. Consellería de Medio Ambiente. Orde do 28 de marzo de 2001 pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos centros de educación ambiental.

A elaboración da Carta Galega de Calidade para os equipamentos de educación ambiental é unha das recomendacións da Estratexia Galega de Educación Ambiental. Ten como obxecto definir uns requisitos mínimos para cada tipo de instalación e constitúe, para a mesma Administración Autonómica, "un instrumento de avaliación que permitirá unha asignación dos seus recursos máis xusta e eficaz".

Na práctica trátase duna listaxe de criterios divididos en cinco apartados, concretamente os que se refiren ao proxecto de educación ambiental, ao equipo educativo, aos recursos, ás instalacións e á xestión.

Como nos outros casos, a orde non establece quen, cando e como ten que aplicarse a normativa; non establece que ocorre no caso de que algún centro incumpra estes criterios; tampouco se estableceron reforzos económicos que primasen ou recoñecesen o ben facer dos que os cumprían. Máis unha vez, esta normativa non tivo ata agora carácter executivo.

4. Consellería de Medio Ambiente. Decreto 78/2001, do 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio Galego de Educación Ambiental.

É outra das recomendacións que se apuntan na Estratexia Galega de Educación Ambiental. Por este decreto establecese a creación deste órgano consultor que ten como "finalidade

principal o seguimento e avaliación permanente do estado da educación ambiental en Galiza". Trataríase dun instrumento de participación dos axentes sociais implicados.

As funcións son, en síntese, deseñar programas de investigación para detectar necesidades educativas e formativas da poboación, supervisar procesos de avaliación de programas, elaborar indicadores e instrumentos de avaliación, analizar o nivel de aplicación da Estratexia, indicar as experiencias e os programas que se consideran de referencia, asesorar os organismos das administracións públicas, emitir informes periódicos e promover foros de discusión e debate.

Para cumplir estes obxectivos a composición do observatorio podía parecer pouco axeitada: a presidencia, as dúas vicepresidencias e a secretaría están a cargo do conselleiro de Medio Ambiente, dous directores xerais e un xefe de área; as vogalías repártense entre 8 representantes de organismos públicos vinculados en maior ou menor medida co medio ambiente, 3 da universidade galega, 1 dos medios de comunicación, 2 de asociacións ambientalistas, 1 doutras asociacións (Confederación de Empresarios) e 2 expertos de recoñecido prestixio. Os membros foron nomeados segundo a Orde do 14 de abril de 2004.

Neste caso, o incumprimento do decreto levou ao Valedor do Pobo a recomendar á Consellería de Medio Ambiente convocar unha reunión cando menos cada seis meses. A primeira das reunións tivo lugar tres anos máis tarde da constitución do observatorio, o 2 de marzo de 2004.

Este decreto foi revisado posteriormente: Corrección de errores. Decreto 78/2001, do 22 de marzo e Decreto 6/2005, do 7 de xaneiro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental.



referentes



A Axenda 21 Local das Cidades do Eixo Atlántico: Unha Estratexia de Corresponsabilización Cidadá na Sustentabilidade.

Texto e fotografías **Cidadanía S. Coop**
www.cidadanias.coop

A Axenda 21 Local xurdiu a partir do *Plan de Acción das Nacións Unidas para un Desenvolvemento Sostible no século XXI*, aprobado por 173 gobernos na Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento, que tivo lugar en Río de Janeiro en 1992. En Europa a referencia más coñecida é a *Conferencia Europea de cidades e pobos sostibles* de Aalborg que acaba de celebrar o seu décimo aniversario denominado Aalborg +10. Hoxe a Axenda 21 local xa é unha realidade en marcha en boa parte das cidades europeas e do mundo.

A experiencia do Eixo Atlántico

No ano 2004 botou a andar un proxecto para a elaborar as Axendas 21 Locais das cidades do Eixo Atlántico; en concreto estase a desenvolver en 16 dos 18 municipios que integran o Eixo: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Vigo, Braga, Bragança, Chaves, Guimarães, Peso da Régua, Porto, Viana do Castelo, Vilanova de Gaia e Vila Real. Esta experiencia é pioneira en Europa xa que, por primeira vez, cidades de dous países distintos acometen de forma simultánea o estudio conxunto dos seus problemas e as actuacións de mellora.



Na parte técnica o proxecto corre a cargo dun equipo de empresas e entidades coordinada polo *Instituto Sondaxe*, firma que gañou o concurso público convocado polo *Eixo Atlántico*. A dimensión participativa é responsabilidade da empresa-cooperativa *Cidadania*, nas liñas que seguen comentaremos o significado da participación social neste proceso, e como está a discorrer o mesmo.

A21L: estratexia de sustentabilidade

A Axenda 21 Local é unha estratexia de sustentabilidade promovida desde cada Concello que pretende construír un consenso social estratéxico que corresponsabilice ao conxunto da cidadanía no desenvolvemento sustentable. Trátase de establecer un marco de diálogo que permita implicar á cidadanía na construción en común do municipio que se quere para o futuro.

A sustentabilidade baséase na idea de que todos os actores –cívicos, políticos, técnicos, empresariais, etc.- son responsables na creación dun municipio máis desenvolvido, ecolóxico, socialmente integrado e con mellor calidade de vida; e que todos deben cooperar na súa realización. Neste sentido a participación é un eixe central na Axenda 21 local, porque a implicación na súa elaboración é a garantía de compromiso na construcción dun municipio mellor.

As dimensóns da participación cidadá

A Axenda 21 Local é unha acción pública, de carácter integral, con base na corresponsabilización cidadá. Falamos dun proceso de grande complexidade, que integra diversas dimensións:

Afecta a distintos ámbitos: economías locais viables, comunidades más xustas e pacíficas, cidades ecoeficientes e comunidades participativas e implicadas, que respecten os límites dos recursos naturais dispoñibles, de modo que se propicie unha mellora da calidade de vida das xeracións futuras.

Implicación activa dos distintos niveis da Administración Pública: É necesaria a articulación do governo multinivel, que actúe no local implicando ás Administracións europea, estatal, autonómica e local, para acadar unha auténtica governance da sustentabilidade. Por outra parte, é necesario que a Axenda 21 teña un carácter transversal dentro do Goberno Municipal, con incidencia sobre todas as áreas e departamentos que o conforman.

Corresponsabilización e participación activa da cidadanía: A Axenda 21 Local non debe ser unha política *para* os cidadáns, senón *a partir* deles, contando coa súa colaboración e corresponsabilidade. Isto significa dar cabida no proceso de elaboración e seguimento da mesma ao conxunto de sectores presentes na comunidade, a través da participación de asociacións, colectivos sociais, e persoas a título particular, desde o seu inicio.

Articulación dos planos político, técnico e social. A Axenda 21 sostense nunha vontade política forte, nunha contribución técnica que garante a viabilidade e adecuación das propostas e nun compromiso da comunidade, polo que debe superar o illamento entre a razón política, razón técnica e razón social. Pretende activar e poñer en diálogo os saberes e a creatividade existente nunha comunidade, de cara a integrar, tamén, as capacidades de acción dos distintos actores.

A Axenda 21 convértese nun espazo de diálogo social sobre a sustentabilidade, e polo tanto, sobre o futuro da comunidade, que promove un cambio na cultura de relación entre os poderes públicos e a cidadanía. En si mesma, a elaboración da Axenda é

un proceso de aprendizaxe social que vai construíndo unha estratexia de cooperación e implicación na mellora da vida das comunidades afectadas.

Estrutura do proceso participativo

Como o obxectivo é construír un consenso estratégico sobre o futuro do municipio o proceso de elaboración da Axenda 21 debe establecer un diálogo estruturado entre os distintos actores. As metodoloxías utilizadas deben seguir unha estratexia inclusiva que permita incorporar no diálogo a calquera entidade ou persoa que queira implicarse na mellora do municipio.

A estrutura deseñada nas A21L das cidades galegas do Eixo inclúe os seguintes órganos:

No plano municipal:

Comisión Municipal de Seguimiento, conformada polos responsables políticos vinculados á Axenda 21 desde o Goberno Municipal e desde a oposición. O seu obxectivo é o de integrar ó ámbito político no proceso.

Comisión Interdepartamental Municipal, conformada polos responsables técnico-administrativos dos Departamentos Municipais (ou organismos autónomos municipais, empresas concesionarias, etc) considerados relevantes cara á implementación da Axenda 21 Local. O seu obxectivo é o de concretar a implicación transversal da Organización Municipal na elaboración da Axenda 21 Local.

No plano social:

Foro da Sustentabilidade Local; espazo central de participación a través do que se vehicula a elaboración da Axenda 21 Local. No Foro danse cita representantes da Administración Municipal, do tecido de entidades (veciñais, empresariais, ecoloxistas, sindicais, de mulleres, xuvenís, culturais, do ámbito educativo, de integración social, etc) que vertebran aos sectores centrais da sociedade, e da cidadanía en xeral.

O cometido do Foro é consensuar un diagnóstico do municipio en relación á sustentabilidade, así como propoñer e debater propostas que conformen o Plan de Acción cara ao desenvolvemento sostible.

Estimamos que a participación das organizacións presentes no municipio e da cidadanía en xeral a través deste Foro, constitúe unha das claves do éxito deste proxecto para comprometer ao concxunto da sociedade na mellora do seu municipio.

Punto de situación

Ata o momento desenvólveronse Foros relacionados coa fase de diagnóstico, e a partir de setembro de 2005 continuarán o

proceso, logo de dispoñer dun documento de diagnóstico técnico que permitirá asentar as propostas do Plan de Acción. Ao noso entender o proceso participativo está a discorrer de forma correcta, en función dos seguintes criterios:

Número de participantes suficiente nas cidades galegas, bastante alta en comparación coas A21 peninsulares.

Pluralidade alta: houbo presenza nos Foros de persoas diversas na súa significación, perfil social, representatividade social, etc

Capacidade de deliberación: o dialogo desenvolvido nos Foros e



espazos de participación foi construtivo e valioso.

Capacidade de aprendizaxe: os participantes están iniciando un cambio na cultura de relación; poderes públicos/técnicos/cidadáns.

Dinámica de envolvemento: o proceso de participación está a ser chave para a implicación posterior na implementación da Axenda 21.

En todo caso, hai que sinalar que a dilatación no remate do diagnóstico técnico supuxo unha suspensión temporal do proceso participativo, que se reactivará en setembro de 2005.

O valor da participación cidadá

As Axendas 21 son un exemplo de innovación na acción pública local, unha forma de afrontar a crecente complexidade das nosas sociedades. Na actualidade, o reto dos poderes públicos non ten que ver soamente con facer bos deseños das súas políticas públicas, senón coa súa capacidade de activar estratexias cooperativas entre os distintos actores que interveñen no municipio. O concepto de gobernaza (bo governo) sintetiza a capacidade de gobernar cos cidadáns, aproveitando o conxunto



dos recursos (de coñecemento, de intervención, etc) que residen nas distintas institucións públicas e nas diversas entidades da sociedade civil. De feito a participación está a xogar un papel relevante nas seguintes dimensións:

- 1) **Aumentar a lexitimación democrática**, polo feito de implicar no deseño e implementación da acción pública municipal a unha maior cantidade e pluralidade de actores. A participación contribúe a mudar a cultura de relación entre os poderes públicos e a ciudadanía, establecendo unha dinámica más rica e colaborativa.

2) Mellora na calidade da xestión das Administracións Públicas.

Introducir a perspectiva do cidadán (beneficiario ou destinatario das políticas) significa incrementar a eficacia e eficiencia da súa acción pública. A lóxica da calidade nas organizacións públicas e da Administración aberta comprende a participación da ciudadanía como unha forma de mellorar a calidade das decisións e do seu propio rendemento.

3) Ampliación e xeración de recursos: capital social.

Existe un desequilibrio entre as demandas cara á Administración Local e as súas competencias e recursos. Neste sentido, existe un desbordamento da capacidade do sector público para confrontar os novos retos de inclusión social e desenvolvemento económico. Os poderes públicos non teñen capacidade por si mesmos de confrontar estes retos, polo que precisan activar as capacidades de resposta dos ámbitos privado e social. O capital social, entendido como as redes de cooperación horizontal entre a sociedade civil, é clave para mellorar as capacidades do conxunto da sociedade para afrontar con éxito os novos retos, e incluso para mellorar o rendemento das Institucións públicas.

4) Activación da responsabilidade cívica e dimensión educativa.

Fronte á lóxica dos grupos de interese, que é unha lóxica competitiva, perséguense construír lóxicas cooperativas baseadas en proxectos comúns, aglutinadores, como novos depositarios colectivos da idea de interese xeral. A participación ten un carácter educativo, e pretende socializar aos cidadáns na cultura do diálogo; un obxectivo implícito é que os propios participantes sexan persoas más críticas, más capaces, más responsables, mellores.

A participación significa implicarse democraticamente na construcción do común, e polo tanto que o público tamén sexa algo que atinxo á ciudadanía. Esta é unha forma de comprender aos cidadáns non só como obxectos da acción política, senón como suxeitos, como activos que permiten mellorar a democracia e facer unha sociedade más dinámica e más capaz.

Cidadania é unha empresa-cooperativa composta por especialistas das distintas ciencias sociais dedicada á investigación social aplicada. É pioneira en Galicia na aplicación integrada de técnicas de investigación social, planificación pública, dinamización, asesoramiento e formación avanzada. A principal novedade da súa actividade é a utilización de metodoloxías participativas de investigación que son aproveitábeis tanto para as Administracións Públicas como para a sociedade civil implicada.

Cidadania é a entidade responsable do Plan de participación das Axendas 21 das cidades do Eixo Atlántico, para o caso galego as cidades nas que desenvolve este proceso son: Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte, Vigo e Ourense.



cidadania@cidanania.coop



Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

O Consello créase ao abeiro da Orde do 7 de maio de 1997 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se regula a produción agrícola ecolólica en Galiza. Esta normativa axústase ao regulamento da CEE (2092/1991) no que se establecen as normas de presentación, o etiquetado, a producción, a elaboración, o control e a importación de países terceiros, dos produtos procedentes da agricultura e gandería ecolólica ou biolólica. Esta normativa foi complementada en varias ocasións a tenor do crecemento deste ámbito.

A agricultura ecolólica é un sistema de produción agrario que busca conseguir alimentos de máxima calidade respectando o medio ambiente e conservando as características do solo, para o que non utilizará produtos químicos de síntese nin maquinaria agresiva. Os productos que así se obteñen da terra son más saudables e nutritivos.

Os productos que teñen a etiqueta do Consello Regulador contan coa garantía oficial de cumplir estes requisitos.

O Consello ademais asesora aos produtores, ofrece formación continua, organiza eventos e feiras, informa sobre os produtores nos distintos municipios ou por productos, divulga onde se poden mercar e facilita contactos.

Consello Regulador da Agricultura Ecoloxica de Galicia

Circunvalación, s/n
27400 - Monforte de Lemos (Lugo)
Apartado de correos 55
Telf.: 982 40 53 00 Fax: 982 41 65 30
E-mail: craega@arrakis.es



Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza ADEGA

Ramsés Pérez Rodríguez

Pedagogo

Responsábel de Educación Ambiental de Adega

Que é ADEGA?

A Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza –ADEGA- é unha asociación ecoloxista fundada en 1975, sen ánimo de lucro, independente e democrática, que conta cunha experiencia de trinta anos no eido do medio ambiente e que traballa a prol dun mundo ecoloxicamente sustentábel e socialmente xusto, no que se entenda o progreso sen destrución ambiental e se reduzan as desigualdades dentro de cada país e entre países. Para Adega a diversidade natural ten o seu reflexo na diversidade cultural e asumir por iso a defensa da cultura e a lingua galegas. Adega forma parte, entre outras organizacións, da Federación Ecoloxista Galega (FEG) e da Oficina Europea do Medio Ambiente (OEA), un organismo constituído polas organizacións ambientalistas más importantes da Unión Europea.

Adega xorde na década dos setenta como resposta colectiva diante de diferentes iniciativas ambientais controvertidas: o proxecto de instalación dunha central nuclear en Xove, o conflito das Encrobas, a instalación de Celulosas, o proxecto de transformación da marisma de Baldaio etc. No ano 1975, os socios fundadores solicitaron a súa legalización no Ministerio do Interior, un feito que se fixo realidade logo dun ano. No ano 1976 pasou a ser a primeira entidade do Estado español que se identifica nos seus estatutos como ecoloxista. Desde as súas orixes, Adega fixo fronte ao deterioro do ambiente natural e cultural galego, agredido por vertidos radioactivos, a eucaliptización, a choiva ácida, a degradación dos ríos, a perda de biodiversidade, o modelo enerxético etc.

Para acadar os seus fins, Adega traballa en distintos planos complementarios e sinérxicos: no ámbito do estudo e a investigación do medio, na acción pública de denuncia, mobilización e reivindicación, e na divulgación e a educación ambiental. Adega conta coas seguintes áreas temáticas: auga, agroecoloxía, biodiversidade, dereito de acceso a información ambiental, educación ambiental, enerxía, fiscalidade ambiental, litoral, forestal, globalización, pacifismo, residuos, ríos, transporte e transxénicos.

Desde o ano 1986 publica **Cerna**, a revista ecoloxista galega con maior difusión e a única sobre medio ambiente editada en galego, con 44 números na rúa; desde o número 38 pode consultarse na web de Adega (www.aegagaliza.org).

Desde os seus comezos, Adega considera fundamental o intercambio de ideas, de opinións e de experiencias, así como o desenvolvemento de programas, xornadas, cursos etc. convxuntamente con outros colectivos da sociedade civil e coas institucións públicas. Nesta liña, ADEGA vén promovendo os últimos anos convenios para a realización de programas e actividades no marco dos novos enfoques na xestión ambiental municipal ligados á noción de sostibilidade, con proxección especial nos eidos da xestión do lixo, a Educación Ambiental e para un consumo responsábel, no aforro de auga e no uso responsábel do automóbil. Presentamos, a continuación, algúns destes programas:







Programa Xeral e Programas monográficos de Educación Ambiental

ADEGA conta cun programa de actividades de EA que vén desenvolvendo desde hai xa tres anos nos concellos de Santiago e Ferrol para abordar as principais temáticas ambientais mediante charlas-debate, obradoiros ou saídas. Estas actividades van dirixidas tanto para centros de ensino, como para outros colectivos (asociacións de veciños, grupos culturais etc.). As temáticas más solicitadas son: os residuos, a auga, o consumo e a biodiversidade. Outras actuacións de carácter máis divulgativo que cómpre destacar son as exposicións *Ollo ao Lixo!* e *25 Anos de Medio Ambiente con Xaqúin Marín*, ou a promoción de actividades musicais e teatrais como a *Ultranote Lixo* na Sala Nasa de Compostela. A maior parte destes programas estanse a desenvolver mediante convenios con concellos.

Programas de compostaxe caseira

A compostaxe caseira é a práctica tradicional con que durante anos se trajeron os residuos orgánicos en Galicia, e pode servir dar solución a un problema do século XXI. Adega, en colaboración con entidades locais, asociacións de veciños e centros de ensino, está a desenvolver varios programas nesta liña: concíbense como procesos fundamentalmente educativos baseados nun sistema de baixa tecnoloxía, que pretendan, por unha banda, recuperar unha práctica tradicional de xestión de residuos e, por outra, demostrar que segue a ser viábel hoxe en día como xeito de tratar os residuos orgánicos xerados no ámbito doméstico.

A iniciativa, que Adega desenvolveu ou está a desenvolver en concellos como Ferrol, Santiago de Compostela, Outes, Arzúa, Mugardos, Ames ou Mos, consiste basicamente na instalación dun composteiro nunha unidade familiar e no seu seguimento e no asesoramento técnico do proceso de elaboración de compost caseiro durante seis meses.

Proxecto tecnolóxico e educativo de depuración natural de augas residuais


Este proxecto de depuración natural de augas residuais, baséase na construcción dunha zona húmida artificial coa pretensión de demostrar a viabilidade local desta tecnoloxía de baixo custo (depuración anaerobia seguida dunha zona húmida artificial - filtro verde-) e utilizala como un recurso educativo para traballar problemáticas relacionadas co consumo da auga e as alternativas de depuración das augas residuais contrastando o sistema de díxester anaerobio + zona húmida co sistema de tratamento tradicional da propia EDAR da Silvouta (Santiago de Compostela). Complementariamente realízanse visitas a unha ETAP e a unha EDAR.

Proxecto Ríos

O Proxecto Ríos (www.proxeccorios.org) é un programa de E.A., que pretende contribuir á procura de solucións aos problemas que afectan aos ecosistemas fluviais e a incrementar a conciencia ambiental sobre o seu estado e que parte do principio de implicación e participación cidadá. O Proxecto Ríos crea unha estrutura de apoio e de asesoramento dos diferentes grupos voluntarios de cidadáns e axentes sociais que se converten, simultaneamente, en destinatarios, participantes e executores do programa. Esta participación concrétese na realización de inspeccións e seguimentos periódicos de treitos de ríos, con base na documentación, na información e nos formularios que se achegan desde o Proxecto Ríos, de forma gratuita. A inspección non é a única posibilidade de participación, tamén se propón, nunha segunda fase, a adopción de ríos, onde os grupos asumen un papel activo na mellora dos ecosistemas fluviais ao se responsabilizaren do seu treito e ao se involucraren na súa conservación. No desenvolvemento desta iniciativa preténdese unha implicación máis directa dos municipios.




LIBROS



Texto gañador do Premio Rafael Dieste de Teatro 2005 da Deputación da Coruña.



Texto gañador do Premio Torrente Ballester de Narrativa 2005 da Deputación da Coruña.



Caballo, B. e Fraguera, R. (Coords.) (2005): Cardeno Temático 1. A acción municipal no tempo libre. Diputación da Coruña, A Coruña.

Primeiro da serie de Cardenos Temáticos que se enmarcan no Proxecto Interea. O seu principal obxectivo é cooperar para que os responsables municipais melloren o seu labor para que a cidadanía vivencie un lecer valioso, creativo e humanizador. A análise da acción local no ámbito do lecer e as recomendacións estratéxicas para potencialo acompañan dunha escolma de boas prácticas e dunha selección de documentación especializada.



Caride, J.A. e Meira, P.A. (2001): Educación Ambiental y desarrollo humano. Ariel, Barcelona.



Delibes, M. y Delibes de Castro, M. (2005): La tierra herida. ¿Qué mundo heredarán nuestros hijos? Destino, Barcelona.

Ministerio de Fomento (1999). Segundo catálogo español de buenas prácticas. Ciudades para vivir, Habitat II. Ministerio de Fomento-FEMP, Madrid.

Asensio, M. e Pol, E. (2002). Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad. Aique, Buenos Aires.



Heras, F. (2003). Entre Tantos. Guía práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y de sostenibilidad. Gea, Valladolid.


Font, N. y Subirats, J. (Eds. 2000). Local y sostenible. La Agenda 21 Local en España. Icaria, Barcelona.

Limón, D. (2002). Ecociudadanía. Participar para construir una sociedad sustentable. Diputación de Sevilla, Sevilla.



Serantes, A. (coord.) (2002): Educación ambiental nas ciudades, nas vilas, nas aldeas, Deputación da Coruña, A Coruña.

recursos



Serantes A. (coord.) (2003): Seminario itinerante. Recursos e equipamentos de educación ambiental, Deputación da Coruña, A Coruña

Pódese descargar en formato PDF en: www.udc.es/dep/pdce/CV_Boli.htm

FORMACIÓN

CENEAM. (Centro Nacional de Educación Ambiental)



www.mma.es/ceneam

Trátase do centro de referencia en educación ambiental a nivel estatal. Cada ano oferta unha ampla gama de seminarios, cursos e encontros de carácter monográfico, e de xeito gratuito: o alumnado só ten que pagar os gastos de desplazamento, subvencionando integralmente o Centro o custo de matrícula, aloxamento e manutención. A súa web é o principal lugar na rede en castelán para acceder a contidos relacionados co campo da educación, a formación e a información ambiental. Depende do Ministerio de Medio Ambiente.

DOUTORADO INTERUNIVERSITARIO EN EDUCACIÓN AMBIENTAL

www.uam.es/departamentos/ciencias/ecologia/presentacion.htm

Programa de estudos de Terceiro Ciclo para obter o Título de Doutor en Educación


Ambiental, no que participan 9 universidades do Estado. As persoas interesadas en Galiza poden matricularse a través da Universidade de Santiago de Compostela. Requírese a posesión de título de Licenciado, Arquitecto, Inxeñeiro ou equivalente.

O programa contempla un perío docente (20 créditos, celebrado no CENEAM con carácter intensivo en réxime de internado, sen gastos a cubrir por parte do participante) e un perío investigador (12 créditos).

REVISTAS



Ciclos. Cuadernos de Comunicación, Interpretación y Educación Ambiental. Revista editada la cooperativa GEA, Gestión y Estudios Ambientales. Só accesible por subscripción (Plaza Ferroviarios 9 bajo. 47007, Valladolid). Sitio web: www.geaweb.com.



Cerna. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. Revista que ven editando o grupo ecoloxista ADEGA de 1986 (anteriormente chamábase ADEGA). A venta en quioscos e librarias.

INTERNET



Meiamweb. Educación Ambiental e Interpretación del Patrimonio

www.mediaweb.com

ICLEI (Local Governments for Sustainability)

www.iclei.org

Páxina especialmente concibida para promover a sostibilidade local. Ofrece un catálogo especialmente interesante de boas prácticas na xestión ambiental municipal. A Guía Europea para a Planificación das Axendas 21 Locais, auspiciada polo ICLEI, está disponible en galego y en formato PDF na web da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia:

<http://www.siam-cma.org/publicacions/doc.asp?id=66>

CEIDA

www.ceida.org

Páxina institucional do centro onde aparecen os obxectivos e a descripción das distintas áreas. Tamén anúncianse o programa de actividades, e conta con algúns recursos bibliográficos.



OBRADOIROS DE LAND ART NO PAZO DE MARIÑÁN

DO 22 DE AGOSTO AO 2 DE SETEMBRO

Recoñecido de interese ambiental pola Xunta de Galicia e con créditos de libre configuración polas Universidades de Galicia

CONFERENCIAS

1. "Mariñán e os Xardíns dos Pazoos Galegos"

Jesús Ángel Sánchez

2. "Hearth Works today. O land art e os novos comportamentos"

Juan de la Colla

3. "O deseño no Medio"

Piere Luigi Cattermole

4. "Siglo XXI. Unha nova maneira de entender o contorno".

José María Ventura Real

5. "L'ordre éternel des champs: a aldea de Mariñán"

Juan Luis Daldá Escudero

6. "Obxetividade e subxetividade da paisaxe"

Roxelio P. Moreira

7. "Arte e Cosmos / Unha visión particular"

Fernando Casás

8. "Hierofanía, natureza e paisaxe. Illa de Esculturas"

Antón Castro

9. "A reinterpretación da paisaxe como base de intervención"

Martiriá Figueras Feixas

10. "Levar a terra nos pes"

Eduardo Valiña

Talleres de Land Art

A proposta de artistas atopase relacionada nesta lista:

- Carme Nogueira
- Moncho Amigo
- Pepe Galán
- Xurxo Oro Claro
- Ingrid Koivukangas

Proyecto Errante

No marco da ponencia de Fernando Casás "Arte e Cosmos" elaborarase unha intervención simbólica de fusión entre o Xardín do Pazo de Mariñán e o Cosmos.

Aula Móvil

Felipe Senén López Gómez diribirá a aula móvil que o sábado, 27 de agosto, percorrerá numerosos paraxes da xeografía galega. Nela comentarase a relación entre paisaxe e paisanaxe e a modelación do contorno pola mano.

Inscripción na páxina web <http://www.dicoruna.es/cultura/APaisaxeReinventada/> (matrícula gratuita)



interea visual. NORMAS PARA A ADMISIÓN DE COLABORACIÓN

1. A extensión máxima dos artigos presentados para a revista non poderá exceder as 3 páxinas, en DIN A4 numeradas, a dobre espazo, en caracteres Times New Roman, incluidos gráficos, cadros ou bibliografía. As imaxes entregaranse por separado indicando con claridade no texto o lugar en que deben ser incluídas. Xunto a unha copia impresa en papel, enlavrarse outra en disquete de 3,5 pulgadas, preferiblemente no programa WORD para PC. Na presentación do traballo non se utilizarán tabuladores e sangrías, evitando en todo momento, unha maquetación previa deste, responsabilidade dos editores de interea visual.

2. Cada traballo debe ir acompañado dunha páxina que conteña o título do traballo, nome completo do autor/a ou autores/as, centro de traballo, enderezo completo e un breve currículum.

3. Para as referencias bibliográficas, os autores mencionarán en texto o apellido do autor, data e páxina, con remisión a unha bibliografía final das obras citadas, sexan libros (Brook, 1993, 32) ou publicacións periódicas (Pérez Rasilla, 7001, 45).

Brook, P. (1993): *There are no secrets*, London, Methuen Books.

Pérez Rasilla, E (2001): "¿Somos tan malos os críticos?", Revista Galega de Teatro 28, Cangas do Morrazo, pp.44-46.

4. Os autores/as poden utilizar notas a rodapé en función das necesidades de exposición, pero as referencias bibliográficas seguirán sempre a norma anterior, incluindo o apellido ou apelidos do autor/a, ano de publicación da obra e páxina ou páginas se fose o caso. No caso de varios traballos nun mesmo ano, utilizaranse letras para diferenciala (Brook, 1993^a, 1993^b). Na bibliografía final tamén se incluirá a mesma letra.

5. As citas, cando sexan curtas, irán incluídas entre comiñas no corpo central do texto, precedidas da referencia bibliográfica correspondente (Brook, 1993, 12). Se son longas irán en parágrafo independente sangrado, con letra dun corpo máis pequeno, precedidas igualmente da referencia bibliográfica (Brook, 1993, 12-13).

6. Os artigos que non reúnan estos requisitos, serán devoltos aos seus autores/as para a súa adecuación ás normas de edición da revista.

7. Os orixinais recibidos serán sometidos a revisión, cando menos, por dous avaliadores do Consello Editorial, en función dos seus coñecementos sobre a materia de que trata o traballo, garantíndose o anonimato de todos eles. A aceptación definitiva dos materiais depende do Consello de Redacción de interea visual.

8. Os traballos enviaranse ao enderezo da revista.





Jorge Peteiro
www.peteiro.com
jorge@peteiro.com
Tel.: 609 809 147

